



# DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 33

V lexislatura

Serie Pleno

## Sesión plenaria 29 de setembro de 1998

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

### ORDE DO DÍA

#### **Punto 1.º.-**

- Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. Mixto, do uso da lingua galega por parte da Administración da Xunta de Galicia (núm. 4.128).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 117, do 26-6-1998.*

#### **Punto 2.º.-**

- Elección dun vocal do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.

#### **Punto 3.º.- Mocións:**

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a escolarización do alumnado non universitario (núm. 5.230. Interpelación núm. 3.423).

*Publicación da interpelación: BOPG núm. 91, do 20-5-1998. Debate da interpelación: 16-9-1998. DSPG núm. 32, do 16-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 147, do 26-9-1998.*

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política xuvenil que está a desenvolver-la Xunta de Galicia (núm. 5.245. Interpelación núm. 3.336).

*Publicación da interpelación: BOPG núm. 89, do 15-5-1998. Debate da interpelación: 16-9-1998. DSPG núm. 32, do 16-9-1998. Publicación da moción: BOPG núm. 147, do 26-9-1998.*

#### **Punto 4.º.- Comparecencias:**

- Do Sr. conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, por iniciativa dos GG.PP. dos Socialistas de Galicia e Mixto, para explicar as irregularidades acaecidas na convocatoria do día 1 de setembro de 1997 para cubrir catro postos de xefes dos servizos da unidade especializada de oncoloxía médica, aparato dixestivo, reumatoloxía e nefroloxía no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (núm. 4.134).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 147, do 26-9-1998.*

- Do Goberno galego, por iniciativa dos dezaoto deputados e deputadas do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas políticas tomadas en relación coas consecuencias para Galicia da política anunciada e os problemas suscitados na comunicación Axenda 2000 da Comisión da Unión Europea (núm. 3.974).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 147, do 26-9-1998.*

#### **Punto 5.º.- Proposicións non de lei:**

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.ª María Dolores Villarino Santiago e D. Antón Louro Goyanes, sobre a adopción de medidas para completalo nó resultante da intersección

do tramo da A-9 Rande-Puxeiros coa autovía Vigo-O Porriño-fronteira portuguesa (núm. 2.338).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 65, do 3-4-1998.*

- Do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Castro García e D. Daniel Barata Quintas, sobre a actuación do Goberno galego para a declaración do ano 1999 como Ano Europeo da Educación Vial (núm. 2.722).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 73, do 17-4-1998.*

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D.<sup>a</sup> María Pilar García Negro e D. Xesús Vega Buxán, sobre a docencia en idioma galego na universidade (núm. 3.535).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 95, do 27-5-1998.*

- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Emilio López Pérez e D. Bautista Álvarez Domínguez, sobre unha normativa mínima de ordenación das plantacións forestais (núm. 3.813).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 107, do 11-6-1998.*

#### **Punto 6.º.- Interpelacións:**

- De D. Javier Losada de Azpiazu, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio e as actuacións previstas polo Goberno galego respecto da decisión de Iberia de suprimir voos nos tres aeroportos galegos (núm. 2.565).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 70, do 11-4-1998.*

- De D.<sup>a</sup> María Dolores Villarino Santiago e D. Manuel Veiga Pombo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a adaptación das entidades locais á Lei 5/1997, da Administración local de Galicia, as iniciativas do Goberno galego para impulsala e o estado de tramitación do regulamento da devandita lei (núm. 2.337).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 65, do 3-4-1998.*

- De D.<sup>a</sup> María Olaia Fernández Davila, D. Alberte Xullo Rodríguez Feixóo e D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego respecto do desemprego existente en Galicia, o establecemento do chamado salario social ou renda básica, as características deste e a adopción de medidas ó respecto (núm. 3.418).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 91, do 20-5-1998.*

- De D. Francisco Trigo Durán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura respecto da adopción de medidas para solucionar a crise na que se atopa a flota do cerco (núm. 4.436).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 131, do 27-8-1998.*

#### **Punto 7.º.- Preguntas orais:**

- De D. Antón Louro Goyanes, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto da manifestación levada a cabo o día 5 de xuño en Pontevedra e as medidas previstas para reorientar e fortalece-lo tecido económico e social da comarca (núm. 4.066).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 129, do 25-8-1998.*

- De D. Alfredo Suárez Canal e D.<sup>a</sup> María Pilar García Negro, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a toponimia oficial nos impresos da declaración da renda (núm. 4.088).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 119, do 29-6-1998.*

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio do Goberno galego respecto da actuación policial contra os vehículos de Vidán (núm. 4.309).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 129, do 25-8-1998.*

- De D. Xesús Vega Buxán, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a transferencia de todas as competencias en materia de bolsas universitarias (núm. 4.565).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 135, do 11-9-1998.*

- De D.<sup>a</sup> Isabel Salazar Bello e D. Xabier Casares Mouríño, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre a situación actual das listas de espera non cirúrxicas en Galicia (núm. 4.617).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 137, do 15-9-1998.*

- De D. Bieito Lobeira Domínguez, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Goberno galego verbo da transferencia a Galicia dos centros, medios e recursos do Instituto Español de Oceanografía localizados no noso país (núm. 4.648).

*Publicación da iniciativa: BOPG núm. 137, do 15-9-1998.*

## SUMARIO

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, formulada polo G.P. Mixto, do uso da lingua galega por parte da Administración da Xunta de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: Sr. Pazos Varela (Mx.). (Páx. 2.238)

Rolda de grupos para fixar posicións: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 2.240), Sra. García Negro (BNG) (Páx. 2.241) e Sr. Barata Quintas (P). (Páx. 2.243)

Rolda de réplica: Sr. Pazos Varela (Mx.). (Páx. 2.246)

Votación da toma en consideración da proposición de lei: *rexeitada por 28 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.248)

**Elección dun vocal do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela.** (Punto segundo da orde do día.)

Votación: *Queda elixido o señor D. Ghaleb Jaber Ibrahim, con 67 votos a favor, acadando así a maioría dos 3/5 requirida para esta elección.* (Páx. 2.248)

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a escolarización do alumnado non universitario.** (Punto terceiro da orde do día.)

Presentación: Sr. Tello León (BNG). (Páx. 2.248)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. Méndez Romeu (S) (Páx. 2.251) e Sra. Rodríguez Seijas (P). (Páx. 2.253)

Posición do grupo presentante: Sr. Tello León (BNG). (Páx. 2.254)

Votación da moción: *rexeitada por 28 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.256)

**Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política xuvenil que está a desenvolver a Xunta de Galicia.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.* (Páx. 2.256)

Presentación: Sr. Lobeira Domínguez (BNG). (Páx. 2.256)

Rolda de grupos emendantes: Sr. Méndez Romeu (S). (Páx. 2.259)

Rolda de grupos non emendantes: Sr. Rodríguez Pérez (P). (Páx. 2.260)

Posición do grupo presentante: Sr. Lobeira Domínguez (BNG), *que acepta a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia.* (Páx. 2.263)

Votación da moción (coa incorporación da emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia): *rexeitada por 28 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 2.264)

**Comparecencia do Excmo. Sr. conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais, por iniciativa dos G.G.P.P. dos Socialistas de Galicia e Mixto, para explicar as irregularidades acaecidas na convocatoria do 1 de setembro de 1997 para cubrir catro postos de xefes dos servizos da**

**unidade especializada de oncoloxía médica, aparato dixestivo, reumatoloxía e nefroloxía no Complexo Hospitalario Universidade de Santiago.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais.* (Páx. 2.264)

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.)* (Páx. 2.265), *Sra. Salazar Bello (S)* (Páx. 2.268) e *Sr. Ferreiro Abelleira (BNG).* (Páx. 2.271)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais.* (Páx. 2.273)

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións de tres minutos. (Páx.) Nesta rolda interveñen o señor Guerreiro Carreiras (Mx.) (Páx. 2.274), a Sra. Salazar Bello (S) (Páx. 2.276), o señor Ferreiro Abelleira (BNG) (Páx. 2.276) e o señor conselleiro de Sanidade e Servicios Sociais. (Páx. 2.277)*

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos.*

**Comparecencia do Goberno galego, por iniciativa de dezaioito deputados e deputadas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar sobre as medidas políticas tomadas en relación coas consecuencias para Galicia da política anunciada e os problemas suscitados na comunicación Axenda 2000 da Comisión Europea.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 2.278)

Rolda de grupos para fixar posicións: *Sr. Nogueira Román (Mx.)* (Páx. 2.284), *Sr. Guerreiro Carreiras (Mx.)* (Páx. 2.287) e *Sr. Sineiro García (S).* (Páx. 2.289)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Facenda.* (Páx. 2.292)

*O señor presidente abre unha rolda específica de aclaracións de tres minutos. (Páx. 2.296) Nesta rolda interveñen os señores Nogueira Román (BNG) (Páx. 2.296), Guerreiro Carreiras (Mx.) (Páx. 2.298), Sineiro García (S) (Páx. 2.299) e o señor conselleiro de Economía e Facenda. (Páx. 2.300)*

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.<sup>a</sup> María Dolores Villarino Santiago e D. Antón Louro Goyanes, sobre a adopción de medidas para completa-lo nó resultante da intersección do tramo da A-9 Rande-Puxeiros coa autovía Vigo-O Porriño-fronteira portuguesa.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. Popular de Galicia, de modificación. (Páx. 2.302)*

Presentación: *Sra. Villarino Santiago (S).* (Páx. 2.302)

Rolda de grupos emendantes: *Sr. Casares González (P).* (Páx. 2.304)

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Pazos Varela (Mx.)* (Páx. 2.305) e *Sr. Trigo Durán (BNG).* (Páx. 2.306)

Posición da presentante: *Sra. Villarino Santiago (S), que ofrece unha transacción.* (Páx. 2.308)

*O señor presidente suspende a sesión co fin de transaccionar. (Páx. 2.309)*

*Suspéndese a sesión ás sete e quince minutos da tarde e reiníciase ás sete e trinta minutos.*

*O señor presidente le o texto da proposición non de lei nos termos en que se vai someter a votación. (Páx. 2.309)*

Votación do texto transaccionado: *aprobado por 65 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención. (Páx. 2.309)*

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Castro García e D. Daniel Barata Quintas, sobre a actuación do Goberno galego para a declaración do ano 1999 como Ano Europeo da Educación Vial.** (Punto quinto da orde do día.)

*O señor secretario (Pedrosa Vicente) le a emenda do G.P. dos Socialistas de Galicia, de adición. (Páx. 2.309).*

Presentación: *Sr. Castro García (P). (Páx. 2.309)*

Rolda de grupos emendantes: *Sr. Rego González (S). (Páx.) 2.311*

Rolda de grupos non emendantes: *Sr. Pazos Varela (Mx.) (Páx. 2.313) e Sr. Suárez Canal (BNG). (Páx.) 2.315*

Posición do presentante: *Sr. Castro García (P). (Páx. 2.317)*

Votación da proposición non de lei: *rexeitada por 46 votos a favor, ningún en contra e 15 abstencións. (Páx. 2.318)*

*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos do serán.*

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado do vicepresidente primeiro, do vicepresidente segundo e do secretario da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Sarmiento Méndez.*

*Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta de Galicia, acompañado do conselleiro da Presidencia e Administración Pública; de Educación e Ordenación Universitaria; de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; de Sanidade e Servizos Sociais; e da conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días. Comeza a sesión. Da orde do día xa teñen coñecemento vostedes, polo tanto, non se fará a súa lectura e entramos xa no punto primeiro.

#### **DEBATE DE TOMA EN CONSIDERACIÓN DA PROPOSICIÓN DE LEI, FORMULADA POLO G.P. MIXTO, DO USO DA LINGUA GALEGA POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA.**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Pazos Varela para a defensa desta proposición de lei.

**O señor PAZOS VARELA:** Señor presidente, señorías, moi bos días.

Voume permitir comezar lendo a exposición de motivos que fundamenta a presentación desta lei, probablemente porque estea mellor recollida nesa exposición de motivos a argumentación a favor da necesidade de presentar esta lei do que podería improvisar eu nestes momentos.

"A lingua galega constitúe o principal patrimonio da nosa comunidade, como sinal de identificación e diferenciación. O Estatuto de autonomía, no artigo 5, recoñece como lingua propia dos galegos e, no apartado 3, di que os poderes públicos de Galicia potenciarán o emprego do galego en tódolos planos da vida pública. O artigo 4.1 da Lei de normalización lingüística declara o galego como lingua oficial das institucións da Comunidade Autónoma, da súa administración e das entidades públicas dependentes da Comunidade Autónoma. Polas razóns expostas, e en

coherencia cos mandatos estatutarios e legais, é preciso impulsa-la normalización lingüística na Administración da Xunta. Procede, polo tanto, regular definitivamente o uso do galego por parte da Administración, de feito que este quede definitivamente garantido como lingua propia de Galicia e que se garanta tamén a utilización do castelán como escolla libre dos cidadáns na súa relación coa Administración.

A finalidade da presente lei é a de establecer un criterio normativo impulsor do progresivo proceso de normalización do galego na Administración autonómica, buscando con isto darlle un novo pulo á recuperación da nosa lingua."

Señorías, esta lei que hoxe presenta o Grupo Mixto, a dicir verdade, e *a fuer* de honradez política, hai que dicir que parte dunha proposta da Mesa pola Normalización Lingüística, ese organismo —aproveito para dicilo— ó que tanto lle debe a normalización lingüística neste país, que tanto leva loitado pola recuperación e pola dignificación da lingua galega en Galicia.

Esta proposta foi recollida por dous grupos parlamentarios, o cal espero que non queira dicir que os outros grupos non a asuman, e comezo a miña intervención apelando ó consenso. Aínda que en principio non asuman a presentación da lei, pido que si asuman o apoia-la toma en consideración desta lei, e mesmo poden participar nela, evidentemente, mellorándoa e pulíndoa, se así o consideran, no posterior proceso ata a aprobación da devandita lei. Porque esta lei é fundamental agora mesmo para seguir avanzando no que significou no seu momento —aínda que hoxe estea aínda sen desenvolver de todo— a Lei de Normalización Lingüística. E permítanme parafrasear unha célebre metedura de pata, a Lei de normalización lingüística neste momento estaría facendo a ESO; digo a célebre metedura de pata a propósito da Constitución.

Presentamos esta lei, e coidamos que é fundamental, porque partimos da situación actual. ¿Cal é a situación actual? A situación actual é, evidentemente, que o galego é coñecido pola maioría dos habitantes da cidadanía deste país, polo 90% da cidadanía deste país, pero iso non significa que sexa utilizado como

lingua de instalación por esa maioría, porque, evidentemente, neste bilingüismo harmónico —que tanto lle gusta utiliza-la palabra ó Goberno da Xunta de Galicia— hai unha lingua de prestixio e hai unha lingua que non ten ese prestixio. Daquela, aínda hai moitísimos lugares vedados á lingua galega. Trátase, e aquí ademais falamos dunha obriga legal imposta polo propio Estatuto e pola Lei de normalización lingüística, de prestixiar e potencia-lo uso da lingua onde primeiro se ten que potenciar, na Administración autonómica, na Administración dependente da Xunta de Galicia, e en tódolos organismos que están arredor desa Administración.

Ese coñecemento da lingua galega polo 90% da cidadanía non é ningún hándicap contra esta lei senón todo o contrario, indica que vai haber moi poucas dificultades se a Administración da Xunta de Galicia asume directamente que o galego é a primeira lingua desta comunidade, sen menoscabo da utilización do castelán cando así o dereito individual da persoa o esixa, e non ó revés, como está sendo hoxe en moitas administracións, ou o uso do castelán ou de calquera outra lingua nas relacións cos organismos ou comunidades de fóra do ámbito territorial e lingüístico galego. É unha obriga da Administración impulsa-la lingua, avanzar. Non nos podemos escudar na Lei de normalización lingüística, que nace para iso, para normaliza-lo uso da lingua, para frear calquera avance que supoña un banzo máis no camiño da normalización plena.

Señorías, non hai harmonía se non hai igualdade. Falabamos o outro día co conselleiro de Educación, cando falaba da sacrosanta liberdade de escolla no ensino, de que non hai liberdade se non hai igualdade; non hai harmonía se non hai igualdade; e, hoxe por hoxe, ninguén nesta Cámara pode dicir que o galego está en pé de igualdade a respecto do castelán na nosa Comunidade Autónoma. Independentemente das actitudes persoais de cada cidadán ou cidadá que hai neste país, independentemente diso, o galego hoxe está por debaixo, e é obriga da Administración pular polo seu uso, sobre todo cando estamos a falar de organismos oficiais, para situalo cando menos en igualdade de condicións, aínda que, evidentemente, non é ese o obxectivo político deste deputado que lles está a falar, xa que considera que o galego é a lingua propia deste

país, o que nos diferencia, o que nos dá riqueza e o que nos permitiu construír unha cultura diferenciada.

Por outra parte, esta lei non propón ningún cambio radical, non propón virar patas arriba o uso do galego neste país. Refírese, primeiro, ó ámbito exclusivo da Administración, e, segundo, garante total e absolutamente a liberdade da cidadanía ou da parte da cidadanía que elixa escolle-lo castelán nas súas relacións coa Administración.

Garante en varios dos seus artigos que esas persoas van ver recoñecido e respectado o seu dereito ó uso do castelán nas relacións cunha administración que debe te-lo castelán ou que ten o castelán como segunda lingua.

Garántense tamén as relacións coas comunidades exteriores. Respéctase esixindo, iso si, que vaia unha copia do orixinal en galego, que debe se-la lingua de instalación da nosa Administración. Respéctase, digo, a utilización do castelán ou de calquera outro idioma propio das comunidades coas que a Xunta de Galicia manteña relación; para iso, evidentemente, están os tradutores.

Polo tanto, aínda que supón un avance a respecto da situación actual, na que non se cumpre moitísimas veces o que a propia Lei de normalización lingüística marca, repito, aínda que supón un avance respecto da lei actual, non teman vostedes —e agora refírome directamente ás señoras e señores deputados do Partido Popular— que non imos instalar ningunha xenreira, ningunha pelexa, entre os defensores do uso prioritario dunha lingua sobre outra. Nós tamén queremos harmonía, pero unha harmonía verdadeira, baseada na igualdade, baseada na capacidade do galego para ser utilizado como lingua propia, como lingua de instalación, da maioría da cidadanía deste país.

Píddolles, daquela, un consenso para avanzar, para non quedar parados sempre no mesmo sitio ou mesmo retroceder. E non quería, pero teño que dicilo, retroceso é, señorías, que con diñeiro público deste país o Igaem, o Centro Dramático Galego, vaia montar unha obra en castelán que resulta que ía ser unha excepción, pero esa excepción foi xa seguida pola Universidade de Compostela, e xa temos dúas excepcións. ¿Canto imos tardar en ter tres excepcións, catro excepcións e cinco excepcións? É dicir, que nalgúns

casos que agardo que sexan puntuais, en vez de pular, en vez de tirar, polo uso do galego, o que se fai é poñerlle trampas, poñerlle *zancadillas* e retroceder con excusas de puntualidade, e logo —agardamos que non sexa así— o tempo, ás veces, encárgase de facer da puntualidade a norma.

Agardamos que non sexa así, e para avanzar, para seguir avanzando no uso e no prestixio do galego, pídolles ás súas señorías o voto unánime para esta lei que, por outra banda, só vai ser tomada ou non en consideración, logo vai ser debatida a fondo, pode ser emendada —evidentemente mentres non se desvirtúe—, pode ser mellorada e, desde logo, a prol dese avance ó que levo facendo relación en toda a miña intervención, pídolle-lo consenso, pídolle-lo voto unánime para esta proposición de lei.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Pazos.

¿Rolda a favor? (*Pausa.*) ¿Rolda en contra? (*Pausa.*) Rolda de portavoces (*Pausa.*)

Ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, señorías.

Señor Pazos, adiántolle xa que o Grupo Parlamentario dos Socialistas vai votar favorablemente a toma en consideración desta proposición de lei sobre normalización lingüística no eido da Administración.

Pero esta toma de posición previa non pode esquecer que hai algunhas precisións, algunhas matizacións, que consideramos necesario poñer agora mesmo a contribución neste debate. Porque, como vostede mesmo dicía, o proxecto que hoxe se trae aquí é un desenvolvemento da Lei de normalización lingüística de 1983. Unha lei consecuencia do Estatuto de autonomía, que foi debatida aquí neste mesmo Parlamento e incluso coa presenza dalgunha das súas señorías, que daquela foron xa portavoces no momento da tramitación e da aprobación desta lei. Era o caso, por exemplo, do señor Nogueira, que hoxe non

nos acompaña pero que daquela exercía como co-voceiro do Grupo Mixto; era o caso do señor Guerreiro, que estaba xa na mesma posición que agora no Grupo Mixto, e dalgunhas outras persoas. E se se le agora cómo foron os debates daquela lei e cómo se produciron as tomas de posición, non podemos por menos de atopar algúns exemplos importantes que nos marcan un viero polo que cumpriría continuar avanzando.

Naquel debate, por exemplo, foran ponentes señores tan ilustres no eido da cultura galega como o señor Casares Mouríño, hoxe en día presidente do Consello da Cultura Galega, daquela deputado independente nas listas do Partido Socialista, ou don Ramón Piñeiro, unha personalidade esgrevia no campo da cultura, que tivo ademais que ser ponente no tramo final desa lei e que deixou escritas e pronunciadas aquí, nesta tribuna —era a tribuna doutro edificio pero seguía sendo a Cámara lexislativa galega—, palabras importantes que debemos ter en conta.

Dicía don Ramón Piñeiro, con aquel seu maxisterio da palabra, do que tantos aprendimos tanto, que o grande patrimonio da nosa cultura era precisamente a lingua. Galicia existe como cultura, de xeito fundamental e prioritario, porque ten unha lingua de seu, unha lingua longamente coñecida, longamente desenvolvida, que ten dado moitos froitos na súa aplicación en distintos campos e que é suficientemente coñecida por todo o país como para que o propio país a recoñeza como de seu e ademais a utilice a cotío en moitos campos. E ese enorme valor da lingua —dicía el— cumpría poñelo a contribución como primeiro sinal de identidade e tratar de que fose un elemento de integración, non un elemento de segregación. Por iso aquela lei, señor Pazos, fora tramitada como unha Ponencia conxunta do Parlamento.

Entendíase que un desenvolvemento tan básico da nosa Autonomía tiña que te-lo máximo apoio, o máximo consenso, das forzas políticas, na medida en que estas forzas políticas representaban o abano social de posicións ideolóxicas, de posicións sociais ou de distintos posicionamentos ante os problemas da cultura, e así foi feito naquel momento. Non hai necesidade de que eu lembre aquí que don Ramón Piñeiro —co seu grande exemplo ético e co seu grande exemplo persoal— era deputado, independente tamén, nas listas do Partido Socialista, e que foi tamén o Partido



Socialista quen empuxara no seu momento o Estatuto de autonomía, que permitía o desenvolvemento desta lei. Vostede, señor Guerreiro, sábeo, porque estaba presente. Por iso eu quero facerlle fincapé na necesidade de que se produza o consenso neste proxecto. Mesmo a nós nos gustaría que, aínda que hoxe poida ser apoiada a toma en consideración, o seu grupo presentara mellor unha proposición para a formación dunha Ponencia conxunta que tentara levar a bo porto unha lei que en xeral non ten por que ofrecer atrancos, pero que, en todo caso, trata sobre cuestións nas que interesa, desde o principio, que non haxa enfrontamentos.

E isto é importante porque, precisamente, é unha pena que naquel momento —por razóns respectables, evidentemente— outros grupos da Cámara non estivesen presentes naquel debate e xulgaran que era preferible petar nas portas do Parlamento que falar na súa tribuna, pero hoxe témo-la oportunidade de que este desenvolvemento se faga precisamente coa presenza de máis grupos políticos e, polo tanto, cunha maior representatividade.

Saben tódalas súas señorías que se o modelo de desenvolvemento e normalización lingüística en Galicia tivo algunha virtude positiva foi fundamentalmente evita-los enfrontamentos, evita-la crispación social e conseguir paulatinamente —e nun prazo de quince anos pódese xa ver cunha certa perspectiva— que se normalizara en usos tan diferentes como poden se-lo ensino, a televisión, a Administración autonómica, etc.

É certo que pode haber sempre contradicións, vivimos nun país que non é absolutamente homoxéneo, un país que ten un certo grao de heteroxeneidade e que, loxicamente, ten tamén outras expresións lingüísticas minoritarias, pero ó mesmo tempo oficiais, e o xeito en que se puido levar adiante a normalización lingüística impediu que ese xeito específico de expresión lingüística fose obxecto de incomodidade, de aldraxe ou mesmo de crispación. Polo tanto, asumindo as nosas contradicións como sociedade, froito desta heteroxeneidade, cremos que cómpre continuar co desenvolvemento fundamentalmente pola vía do consenso. E, nese sentido, se non houbese o acordo do grupo maioritario da Cámara para que se procedese á súa toma en consideración, e con independencia de

que o noso grupo en todo caso apoiará esta proposición, nós plantexariamos, señor Pazos, que considerara o seu grupo a posibilidade de reconducilo como unha proposición para a creación dunha Ponencia conxunta que leve a bo porto os traballos preparatorios dunha lei como a que aquí se trae hoxe.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Méndez.

Ten a palabra a señora García Negro polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**A señora GARCÍA NEGRO:** Señor presidente, señorías, na primavera do ano pasado, 1997, a Mesa pola Normalización lingüística dirixiuse a todos os grupos parlamentarios desta Cámara, a aquela altura tres, ao Grupo do Partido Popular, ao Grupo Socialista e mais ao Grupo do Bloque Nacionalista Galego, para someter á nosa consideración un documento que en forma de lei —dentro do Parlamento, claro está—, de proposición de lei, que esta organización cívica, de méritos máis que contrastados e recoñeceis no esforzo por lle dar a ampliación do uso social e do uso público ao noso idioma, ao idioma do país, que pretendía actualizar a Lei de normalización lingüística nun campo elemental, fundamental e básico, como é o cumprimento do uso, da presenza do idioma galego por parte da propia Administración.

A aquela altura, e ata a fin de curso parlamentaria e fin tamén da lexislatura, os portavoces naquela primeira entrevista ou naquela primeira interlocución, o señor Barata por parte do Grupo Popular, o señor Ventoso —hoxe non presente nesta Cámara— por parte do Grupo Socialista, e quen lles fala por parte do Bloque Nacionalista Galego, amosamos a nosa boa disposición para que ese documento tivese entrada nesta Cámara e tivese natureza ou adquirise carta parlamentaria.

O remate da lexislatura impediu *de facto*, ou inviabilizou, a súa presentación. De novo nesta lexislatura a Mesa pola Normalización Lingüística repite, efectivamente, esta presentación, que é acollida favorablemente por parte do Grupo que represento, o do Bloque Nacionalista Galego, e mais do Grupo Mixto, de Esquerda de Galiza, que acaba de facer agora a súa

presentación. Non se dignaron, cousa que lamentamos no seu momento, a comparecer nestas reunións previas representantes dos outros grupos, a pesar de seren reiteradamente convidados, porque do que se trataba en primeira instancia era non máis que da análise dun documento, independentemente da fixación de posición política.

Teñen agora, con todo, estes outros dous grupos ausentes deste primeiro proceso de información, unha magnífica ocasión para se sumaren co seu voto positivo á toma en consideración —hoxe o trámite non é máis que isto— desta proposición de lei, que en concreto o Bloque Nacionalista Galego rexistrou nesta Cámara tamén o día 17 de xuño de 1998, dous días despois, mesmamente, de se cumpriren tres quinquenios, quince anos, nada menos que da aprobación da Lei de normalización lingüística, aprobada e promulgada en 1983.

Pois ben, o Bloque Nacionalista Galego, a esta altura do filme histórico, nesta Cámara en particular, pouco necesitará, ou pouco necesitaría, ponderar en absoluto a importancia que lle concede, non retórica, non ideal nin idealista, senón, por contra, práctica, empírica, directamente material, por tanto social, xa que estamos a falar dunha institución social básica como é o idioma, a que, efectivamente, esas declaracións que a propia Lei de normalización lingüística de 1983 contén a respecto das bondades da conservación do idioma necesitan concretarse nunha práctica política que, en primeiro lugar, pase por acatar, por dotar de contido e por facer cumprir as mesmas disposicións que contén.

Acollemos este documento da Mesa pola Normalización Lingüística con todo o interese, e mesmo temos que dicir que interviñemos directamente, do noso punto de vista, coas aportacións que lealmente entendemos que debiamos facer na súa propia presentación nesta Cámara.

As evidencias, señorías, pasan polo seguinte; e resubliño a palabra evidencias, non xuízos estritamente políticos de carácter avaliativo. Temos unha lei, Lei de normalización lingüística, que cumpriu quince anos e que non foi, en período suficiente como para termos perspectiva de análise abunda, nin cumprida nin desenvolvida. Temos unha segunda lei, de 1988,

Lei de uso do galego polas entidades locais, que tampouco non ten, nos 315 —agora— concellos do noso país, cumprimento cabal. Temos un decreto, o 247, de 1995, no que quedan subsumidos os anteriores decretos sobre o ensino, que non ten en absoluto, tampouco, cumprimento cabal no ensino obrigatorio e nos seus diferentes tramos ou niveis ao longo e ao ancho do noso país, e, polo tanto, para o estudantado e para o propio profesorado.

Isto, insisto, son evidencias. Hai un grao de incumprimento da propia lei, e no seu momento, desde a nosa formación política, preocupámonos tamén dunha análise conforme a súa textualidade e dunha análise crítica, no sentido de que contiña abundantes declaracións con grao suficiente de ambigüidade ou de idealismo como para convertela, efectivamente, como así o tempo o demostrou, en inane ou en inaplicábel na propia práctica social e no propio uso público.

Temos un outro dato máis de suma importancia. Non é que ao longo de todos estes anos o Goberno galego non teña feito política lingüística. Tena feito, abundante e contundente, pero no sentido e na dirección contraria á promoción, ao estímulo de uso, ao fomento ou á propia utilización sen máis, en mínimos oficiais, do propio galego.

Permítanme un exemplo recente, dentro da canteira enorme de exemplos para *abonar* esta afirmación que poderíamos aportar aquí. O xoves da semana pasada, por iniciativa nosa, e en concreto desta deputada que lles fala, discutiuse na Comisión de Control da Compañía da Radio-Televisión de Galicia nada menos que a funcionalidade —perdón, na Comisión 4.<sup>a</sup>, non na de Control— e o destino de función nada menos que 1.500 millóns de pesetas subscritos pola Consellería de Educación a través dun convenio coa Compañía de Radio-Televisión de Galicia para, supostamente, mellorar o uso do idioma nas dúas sociedades que compoñen esta compañía.

Casualmente no verán, o mesmo día en que este anuncio, este convenio, se daba á luz, se facía público, a propia compañía, en concreto a Televisión de Galicia, anunciaba un festival titulado *As damas da canción* dentro do cal se ía render especial homenaxe ás artistas nacionais —leo o texto do anuncio—:

Concha Márquez Piquer, Marujita Díaz, Paquita Rico, Lolita Sevilla, Conchita Bautista, Dolores Abril, María Jiménez, Perlita de Huelva, Encarnita Polo e Imperio Argentina. Non teño o menor interese en falar, nin vén a conto en absoluto, da calidade artística destas señoras, en absoluto, ese non é o debate; nin da súa popularidade nin da necesidade que os galegos e as galegas teñamos de refrescar a nosa memoria —case teríamos que dicir ancestral— coas cancións destas señoras. Ao que me quero referir é a que, obviamente, hai unha contradicción flagrante entre, por un lado, programar directamente nunha vía reespañolizadora e, por outra banda, estar pagando do noso peto diñeiro público —1.500 millóns de pesetas en tres anos— para galeguizar o que día a día se está, efectivamente, españolizando de forma crecente.

Permítame un minuto, señor presidente, para resumir moi brevemente o que son tres esteas básicas en que esta proposición de lei pousa. En primeiro lugar, algo elemental que está contido aquí, que cabe perfectamente aquí nesta lei, e que aínda non está cumprido despois de quince anos; unha xeración, en termos convencionais.

En primeiro lugar, primeira estea, que a Xunta de Galiza use o galego na súa documentación interna e en toda aquela que efectivamente facilita para as cidadás e os cidadáns galegos.

En segundo lugar, queda perfectamente salvaguardado o dereito individual de recepción de documentación en español, se así o administrado ou administrada o solicitar.

En terceiro lugar, hai un criterio fundamental que aparece aquí tamén a respecto do persoal e da súa reciclaxe conveniente para poder satisfacer o dereito dos cidadáns a recibirmos información pública, oficial, en galego. E naturalmente tamén un criterio básico, como é o de postular claramente que toda peseta que saia do erario público galego terá que pasar pola presenza do propio idioma.

Como se usa moito nesta Cámara a propósito do idioma o verbo impoñer, que resulta esperpéntico en termos case diríamos bíblicos, sería como se falásemos de que, efectivamente, David impuña a súa pedra ó xigante Goliat, aclaremos que non falamos de impoñer o galego, senón de poñer. Fagan, por favor, un mí-

nimo exercicio de distinción lingüística entre o que é un prefixo —remato, señor presidente— e o que é un lexema. Non se trata de impoñer senón simplemente de poñer. Poñer como, efectivamente, tivo a ben poñer na súa alocución o idioma galego o fillo do xefe do Estado, o príncipe Felipe. Recentemente, na súa visita, o que fixo foi poñer unhas frases, unhas palabras, en galego, respectando, por certo, a toponimia deste país, e avergoñándonos a todos os que máis unha vez tivemos que aturar que en canto este fillo do xefe de Estado o facía, había alcaldes do país que delinquían e infrinxían o que é legalidade mínima a respecto da toponimia deste país.

Señoras e señores deputados, señor presidente, remato a miña intervención cun recordo, cunha lembranza mínima, e é a seguinte. A lingua, se me permiten algo de carácter puramente informativo, tal e como nos informa a sociolingüística,...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señora deputada.

**A señora GARCÍA NEGRO:** ...—remato, señor presidente— a *sociolingüística* científica, non a sociolingüística barata, non é un patrimonio, señoras e señores deputados, é unha institución humana básica. A nosa, efectivamente, é o galego; os seus apelidos, os de todas e todos vostedes, así o acreditan. O galego existe non por casualidade, poñámolo entón no uso oficial, que onde ten que existir é neste país, naturalmente, e en ningún outro do planeta, en principio.

Obrigada, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señora García Negro.

Ten a palabra o señor Barata Quintas polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor BARATA QUINTAS:** Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, un ilustre galeguista escribía alá polo ano 1965 algo así: "Este ano de 1965, ano áureo da historia da nosa lingua por dous acontecementos de significado transcendente para o noso futuro". Estes dous acontecementos eran: primeiro, a incorporación do galego á liturxia; segundo,

a incorporación do galego á universidade, coa creación da Cátedra de Galego no quinto curso de románicas, a cargo do profesor don Ricardo Carballo Calero. Ano 1965, ano áureo das letras galegas por estes dous acontecementos. Anos despois, ano 1983, podíanse escoitar no Parlamento de Galicia cousas coma estas: "Xa non estamos nunha etapa de loita contra a represión senón nunha etapa de convencemento. Temos que convencerlos miles e miles de ensinantes, os millóns de galegos, de que realmente é un traballo digno e necesario o labor de normalizala nosa lingua. Todo o mundo debe convencerse desta cuestión". Isto dicíao don Camilo Nogueira, incluso dirixía a atención da Cámara naquel intre cara a posibles causas que podían atrasar ou impedir esa normalización, como era o complexo de inferioridade —ó que xa se referira nalgunha ocasión o mesmísimo Castelao— ou o sectarismo, pois algunha xente pode non darse conta de que entramos nunha nova etapa e non recoñece-los pasos positivos cara adiante que se dan, aínda que non sexan protagonizados por eles mesmos. Creo que isto é tamén un atranco que hai que salvar. Cremos que isto é un atranco que hai que salvar.

"Vai tropezar con moitos obstáculos" —dicía don Anxo Guerreiro—, "que se derivan do desprestixio social que ten o noso idioma en amplas capas populares. Porque hai que saber, como as súas señorías coñecen perfectamente, que as leis non resolven o substrato cultural dun país. Son unha peza importante, pero é o compromiso diario, a praxe diaria, a que vai renovando ese substrato cultural, que é unha gran oposición á normalización real do noso galego, independentemente de que a lei sexa boa."

"Tanto en Ponencia como en Comisión esforzámolos en conseguila unanimidade, e esta unanimidade agardamos" —dicía o señor Díaz— "que se producira naquela ocasión. Se se consegue esa votación unánime, vaise conseguir algo moi importante por primeira vez na historia contemporánea da nosa terra, que o galego pase a ser defendido non por sectores a) ou por sectores b) senón polo conxunto das forzas políticas e sociais desta terra. E isto é algo moi importante porque o galego non é patrimonio da forza política a) ou da forza política b), o galego é patrimonio dun pobo e tódolos representantes dese pobo deben defendelo seu patrimonio." Señor Díaz.

Pero a posibilidade de que o galego sexa unha realidade viva non só depende do noso acerto lexislativo, e coido que si o tivermos. É obvio que unha lei elaborada polos representantes democráticos dun pobo responde dalgunha maneira ós anxeos deste, e coido que neste caso responde ós anxeos do pobo galego. Pero o camiño que hoxe comezamos coa aprobación da presente lei non terá boa fin se a partir de aquí todos nós non nos comprometemos na progresiva concienciación de tódolos galegos, isto é fundamental.

Dicía o señor Olives: "Non me resisto a cita-lo señor Miras Portugal, pois a súa cita segue sendo actual e está de actualidade".

Se me permite a Cámara, quixera empezar coas verbas dun grande poeta que dixo: "Lingua proletaria do meu pobo. Eu fáloa porque si, porque me gusta, porque me peta..." Estamos falando de algo e referíndonos a algo que nós, desde o Grupo Parlamentario Popular, coidamos que segue a ter ou ten hoxe máis que nunca, unha validez transcendental para remate da normalización do uso do galego na nosa terra, e é a motivación. Diso si que podemos falar, e a motivación non ten por que ser única e exclusivamente pragmática, a motivación pode ser, como quería o poeta, unha motivación de "deber ser", ética, moral: falo porque si, porque son galego. Este é o necesario planteamento que hai que facer, para o noso modo de ver, nesta ocasión.

Remato xa, no ano 1983, cunhas verbas do xa citado don Ramón Piñeiro: "Polo tanto, neste intre temos que ter presente aquí, nos nosos corazóns, a memoria dese pobo que, dun modo calado, dun modo pasivo pero teimudo, soubo conservar" —e eu engadiría hoxe: e aumentar— "ese patrimonio, que é nada máis e nada menos que a nosa personalidade de galegos, o que nos singulariza e o que nos diferencia a nós entre os demais pobos. O que nos dá unha personalidade propia, diferenciada, definida, peculiar, orixinal, no mapa do mundo e mesmamente o feito de que ese pobo, ó longo dos tempos, ó longo das adversidades, soubera conserva-la súa lingua".

O Grupo Parlamentario Popular cre, e está seguro, que a Lei de normalización lingüística que así, deste xeito, con esa actitude, foi aprobada no ano 1983, é unha lei que segue a cumprir-los obxectivos de estímulo

lo, promoción e garantía dos dereitos lingüísticos dunha forma equilibrada e razoable, sen violentar a ninguén nin xerar fisuras innecesarias na nosa sociedade, e, desde logo, estimamos que fixo avanzar notablemente o seu uso dentro do territorio galego.

Por outra parte, se a política se fai nas democracias desde a cultura do pacto e do consenso, en Galicia profundar nesa cultura segue a ser un obxectivo de todos, velaí polo que o Grupo Parlamentario Popular reivindica unha vez máis, e de todos, a actitude positiva con relación ó tema da lingua, á defensa e promoción da nosa lingua, co mesmo criterio, co mesmo consenso, co mesmo sentimento de estar a representalo mesmo pobo, os que con actitude franca e aberta aprobaron a lei do ano 1983.

Señor presidente, señorías, é certo que nos derradeiros meses da lexislatura pasada tivemos ocasión de comentar cos representantes da Mesa pola Normalización Lingüística e de debater sobre este mesmo documento, tamén é certo que por parte deste portavoz que lles fala se lles advertiu que estimaba non bo nin malo o documento, senón simplemente que entendía que era elevar á condición de lei argumentos que, como moito, deberían de responder a un regulamento ou a unha orde dunha consellería. Posteriormente seguiu plantexando a mesma cuestión e, evidentemente, naquel intre —xa agora—, nós, ó non varia-lo documento, non variámo-la nosa posición, pero si observo que o Partido Socialista, se ben con matices, si variou a súa posición. Aproveito tamén a ocasión para aconsellar ó portavoz socialista que lea este libríño dun sociolinguista, como gusta de ser chamado, e sen dúbida merece ser chamado, *Conflicto lingüístico e ideoloxía na Galiza*, de don Francisco Rodríguez. Esa é a actitude e o posicionamento do Grupo Parlamentario Popular. O que aquí se pretende é elevar á condición de lei argumentos que, desde o noso punto de vista, están perfectamente recollidos —non desenvolvidos, cecais, pero perfectamente recollidos— no texto aprobado no ano 1983.

Falaba a señora deputada García Negro de evidencias. É evidente que tanto o BNG como Esquerda Galega non só apoiaban este documento senón que interviron nel, cousa que polo menos non quixemos ou non se nos deu a oportunidade de facelo naquel intre, non sei agora, ó Partido Socialista ou ó Grupo

Parlamentario Popular. Evidencia tamén, o que aquí expuxo a súa señoría, non digo argumentos de que a lei non servira, o que si é que aproveitou a ocasión, como adoita facer dabondo, para manifestar e evidenciar-lo mal que leva feito ou que leva aplicado a Administración esta lei, pero non se referiu en ningún caso a qué artigo por parte da lei...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor, señor deputado.

**O señor BARATA QUINTAS:** ...non está en condicións de seguir sendo usado en beneficio da nosa normalización.

En definitiva, señorías, a posición do Grupo Parlamentario Popular é de rexeitar esta iniciativa. Se ben hai un matiz que empregou un representante do Partido Socialista, que case, señores do Grupo Mixto, solicitou a súa retirada, nós imos máis alá, e con base nesa actitude positiva que hai quince anos xa pasados se tivo, eu suxiro a posibilidade de que os portavoces dos distintos grupos poidamos reunirnos, avanzar máis, ben entendido que neste intre a posición do Grupo Parlamentario Popular, e tal e como dixen, é que a lei segue sendo útil, pero si entendemos que pasados quince anos é susceptible de analizar, de reflexionar aspectos con criterio aberto para mellorar ese avance necesario que todos queremos do uso do galego. Aspectos como a motivación, o prestixio social, a valoración que os galegos teñen sobre a lingua, a dificultade da súa aprendizaxe, a inclusión de novos aspectos, como poden se-los medios de comunicación, como pode se-la publicidade, como pode se-la informática, requiren, cando menos, un esforzo por parte de todos nós.

Señor presidente, a nosa última decisión queda a resultas da intervención do proponente con base no apuntado suavemente polo Grupo Parlamentario Socialista e no requirido pola nosa parte.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Barata.

Ten a palabra o señor Pazos Varela na súa rolda de réplica.

**O señor PAZOS VARELA:** Señor presidente, señorías, o señor Barata non veu áureo, hoxe veu belixerante e mesmo violentado, porque, efectivamente, utilizou unha serie de trucos dialécticos para xustificar unha postura que eu estou seguro de que nin el mesmo comparte.

Falou de que o uso do galego é un problema de motivación, de "fálloo porque si, porque me gusta", co cal deixa case sen sentido a existencia de ningún tipo de lei, para inmediatamente loa-la Lei de normalización lingüística.

Señor Barata, efectivamente o uso dun idioma é un problema de motivación tamén, pero ten que haber unha lei que regule eses usos. O asasinar ou non asasinar é algo que sae de dentro, pero hai unha lei que condena o asasinato. É que con ese razoamento, levado a último termo, non fai falta ningunha lei, e vostede sabe que iso non é verdade.

Apelou vostede ó consenso, pero ¿quen rompe o consenso?, ¿os tres grupos que se posicionaron a favor ou o grupo que, ademais, nunha intervención excesivamente belixerante para como foron as intervencións anteriores, se posiciona en contra?

Pois ben, cando este portavoz por Esquerda de Galicia presenta esta proposición non de lei, teñan vostedes seguro que non busca ningún tipo de protagonismo. Agora ben, hai que dicir que o proceso de presentación desta proposición foi, por parte da Mesa pola Normalización Lingüística, buscar primeiro unha xuntanza cos catro grupos representados neste Parlamento. Polos motivos que sexan, e nos que eu non vou entrar, dous grupos non asistiron ou non puideron asistir, ou asistiron e non se apuntaron, pero dous grupos se descolgaron da iniciativa e outros dous grupos asumírona, e precisamente estes dous grupos, xunto coa entidade cidadá que presentou a proposta, fómo-los que traballamos nela para presentala neste Parlamento.

Eu prefiro quedar, en vez de coa intervención global, áurea ou non áurea, do señor Barata, co final, e efectivamente non creo que o tema da lingua sexa un tema secundario, como parece querer dar a entender a intervención do voceiro do PP. Como creo que é un tema prioritario, si que como propoñente aceptaría esa reunión dos grupos, pero soamente co comprome-

so dos catro grupos de, efectivamente, constituír inmediatamente unha Ponencia e trae-la proposición de lei aquí. Creo que non se trata de impoñer esta proposición, cando ademais nace con espírito de consenso dos catro grupos, pero evidentemente, se realmente ese espírito existe e non se rompe por parte do grupo maioritario desta Cámara, que pasaría á historia por romper ese consenso precisamente en temas lingüísticos, se ese consenso non se rompe, desde logo o noso afán de protagonismo, que leva a sectarismo moitas veces, non existe, e, polo tanto, non vai evitar ese consenso. Ese é o noso ofrecemento. Estamos dispostos a fala-lo que faga falta, pero con compromisos claros, non como manobras dilatorias que dilúan a proposición e ó final non se chega a nada.

Porque, señoras e señores do Partido Popular, señor Barata, non se está violentando nada con esta lei, non se está impoñendo nada, esta lei non lle impón absolutamente nada ó cidadán. Eu sei da súa traxectoria, eu sei da súa seriedade, e polo tanto quero supoñer —aínda que de verdade que hoxe me custa traballo— que leu vostede a proposición. E se vostede leu a proposición ve perfectamente que regula o uso do galego na Administración da Xunta de Galicia e nos organismos pertencentes a ela, non lle está impoñendo nada á cidadanía deste país, porque coida moi moito este proxecto de salvagarda-la liberdade de escolla individual. Iso non o pode vostede negar, polo tanto, voten en contra se queren, non consensúen se non queren, pero non se escuden en ningunha violentación ou en ningunha imposición que non aparece en ningún dos artigos desta proposición de lei. Trucos dialécticos hai moitos para esquivar-la realidade, moitísimos. Presupoño que todos e todas os que estamos aquí podemos utilizar trucos para defender calquera postura, pero neste caso creo que os trucos son excesivamente evidentes, sobre todo cando —e quero recalco— estamos dispostos como propoñentes a chegar a ese consenso con compromiso serio de, efectivamente, elaboralo e traballa-los catro grupos nunha Ponencia conxunta para iso. Se hai esa reunión e se os catro grupos se comprometen, non teríamos problema en retirar-la toma en consideración desta proposición de lei, pero, señorías, con compromisos concretos e non con manobras dilatorias que, ó final, non nos conducen a ningún sitio, e neste caso o idioma é o suficientemente importante, é un tema o suficientemente importante, como para que cheguemos a ese con-

senso, que non temos ningún interese desde Esquerda de Galicia —créanos ben— en romper, e en cambio si que se detecta na intervención do voceiro do Partido Popular. Agardemos que non sexa así e aí vai o ofrecemento.

Moitas gracias, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor proponente.

Ponse a votación a proposición de lei.

*(O señor Guerreiro Carreiras pide a palabra.)*

Señor Guerreiro, ¿para que pide a palabra?

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Señor presidente, aquí hai unha oferta do portavoz do Grupo Popular, ¿ou tamén ía de farol niso? Nós aceptamos ese reto, el fixo —para evitar de verdade da-la cara na ruptura do consenso lingüístico— unha oferta aparentemente razoable. Pensou que o Grupo de Esquerda de Galicia non ía aceptar ese reto, pero si, aceptamos ese reto, sempre e cando, como dixo o señor Pazos, haxa unha Ponencia, se constituía agora unha Ponencia conxunta para facer unha lei de desenvolvemento lingüístico do uso na Administración pública. Se ese compromiso se adquire aquí, se se considera e se nomea unha Ponencia para facer unha lei, non un decreto-lei dunha consellería, o noso grupo retiraría en aras desa Ponencia conxunta, tal e como solicitou o señor Barata e tal e como insinuou o señor Méndez. Pero trucos non.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias.

*(Pide a palabra a señora García Negro.)*

¿Para que quere a palabra, señora García Negro?

**A señora GARCÍA NEGRO:** Para unha consulta inevitábel, señor presidente.

Señor Guerreiro, permítame a brincadeira. A min tamén me *sulibeian* os retos, moitísimo, pero eu quero unha aclaración, naturalmente.

O primeiro punto da orde do día desta sesión é a toma en consideración dunha proposición de lei. Se a toma en consideración, este primeiro trámite dunha

proposición de lei, fica aprobada, está claro que se abre un proceso de discusión en Ponencia dun texto base, que pode quedar absolutamente aqueloutrado, absolutamente desfigurado, ou melloradísimo, ¡xoxalá! Entón o que non dou entendido, e solicito da Presidencia que se me aclare, é de qué Ponencia ou de qué constitución de Ponencia se está a falar. Porque, naturalmente, a Ponencia cae de seu se esta proposición de lei é amabelmente aprobada por todas e todos nós, e a partir de aí desenvólvese e ábrese o proceso correspondente. Entón, dígase, porque temos na man a apertura, a posibilidade de apertura dese proceso, no que todos os grupos, mesmo os que non tiveron a ben acudir a cumprimentar o amábel convite da Mesa pola Normalización Lingüística, teñen todos os dereitos parlamentarios para "vocear" todo o que queiran e para traballaren sobre un texto.

Aclárese entón qué é o que estamos agora votando ou o qué é o que imos votar.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias.

Se quere pódolle aclaralo que entendín eu. Non sei se será o correcto, totalmente correcto, pero eu entendín que a proposta do Grupo Parlamentario Popular era que se retirara esta proposición de lei para elaborala nunha Ponencia conxunta ou nunha Comisión conxunta, pero a propia proposición de lei, antes de tomala en consideración. Paréceme que iso foi o que eu entendín. Polo tanto, só cabe unha posibilidade, se se retira, accédese ó solicitado e non se vota, e se non se retira, hai que vota.

Ten a palabra o señor Barata Quintas.

**O señor BARATA QUINTAS:** Señor presidente, señorías, eu creo que falei coa suficiente claridade ó advertir que o posicionamento do Grupo Popular solicitaba a súa retirada. Retirada á iniciativa, obviamente, de ningún xeito, salvo que o Grupo Parlamentario de Esquerda Galega, nas conversas que teñamos a continuación, decida obviamente, na súa liberdade, partir dese mesmo documento, pero será en confrontación, non en confrontación senón en conversa entre os catro representantes. Non falei aínda de ningunha Ponencia, non falei aínda de ningunha Ponencia comprometida cun determinado documento. É retirada ou votada, e a partir diso, o Grupo Parlamentario Popular, que non está nesta cuestión o seu posiciona-

mento político con base ou non na iniciativa concreta que se produce, segue abrindose á posibilidade de que os grupos parlamentarios, a través dos seus representantes, nos xuntemos. ¿Para que? Para parlamentar ou para decidi-lo que consensuadamente estimemos oportuno de cara a ese futuro.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Barata.

*(Pide a palabra o señor Pazos Varela.)*

¿Si, señor Pazos Varela?

**O señor PAZOS VARELA:** Señor presidente, ou eu entendín mal, e creo que non, ou o señor Barata o ofrecemento que fixo, e o que eu aceptaba, non era ese. Era un receso para xuntarnos os catro portavoces, textualmente, e intentar consensualo camiño que podería seguir. É dicir, a retirada pola nosa banda e o compromiso de presentar unha lei, unha proposición de lei, conxuntamente. Xa que non é así, evidentemente, como dicía antes a señora García Negro, non imos retirala, e os grupos que realmente queiran elaborar, reelaborar esta lei, melloralala, poden facelo, se é tomada en consideración, despois, no proceso de aprobación desta lei.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Pazos.

Ponse a votación a proposición de lei.

*(Votación.) (Pausa.)*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, a proposición de lei non é tomada en consideración.

## ELECCIÓN DUN VOCAL DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

**O señor PRESIDENTE:** Despois de producirse a vacante polo falecemento de D. Enrique Suárez

Noche, é preciso, polo tanto, proceder á designación dun novo membro do Consello Social da Universidade de Santiago a proposta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A elección farase por votación persoal e introducindo na urna unha papeleta que xa está en posesión de vostedes, que xa lles foi repartida, na cal hai que poñer unha aspa onde pon si, non ou abstención.

Se teñen a bondade, o vicepresidente primeiro e o vicepresidente segundo baixarán a recolle-las pepeletas, e o señor secretario procederá a chamar por orde alfabética.

Procédese á votación.

*(Votación.) (Pausa.)*

¿Algún deputado falta por exercer-lo seu dereito a voto? *(Pausa.)* Entón, imos proceder ó escrutinio.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67; votos en branco, 3.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, acadada a maioría dos tres quintos, queda designado membro do Consello Social da Universidade de Santiago o señor don Ghaleb Jaber Ibrahim.

Pasamos ó punto terceiro da orde do día, mocións.

## MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE A ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO NON UNIVERSITARIO.

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor Tello León para a defensa desta moción.

**O señor TELLO LEÓN:** Gracias, señor presidente.

Señoras e señores deputados, se eu tivese que acudir a algunha caste de documentación para ilustrar a moción que o BNG trae a este Pleno a dificultade sería enorme, non tanto pola falta de documentos acerca da caótica situación que reina neste inesquecibel comezo de curso, señor Currás, senón porque a súa exhuberancia, quero dicir a dos documentos, é tal, que resulta difícil facer unha escolma sen que nos queden no tinteiro algúns dos máis sorprendentes. A cousa te-



ría certa *guasa* se estivesemos nunha función cómica e o meu cometido consistira aquí en provocar a sonrixa ou a gargallada, pero o tráxico do asunto é que estamos a falar dun drama que ano tras ano acaece con absoluta regularidade no comezo do curso.

*(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)*

A Xunta de Galicia, tal vez por similitude coa festa de Santos que se nos aveciña, cada ano reestrea esa caótica normalidade como se do Tenorio se tratase. Só nos faltaba ver o señor Currás saír a esta tribuna, mirando ao presidente, neste momento ausente, recitar aquilo de : *"de mis pasos en la tierra responda el cielo y no yo"*. En todo caso, facendo unha escolma de despropósitos, eu elixiría, señor conselleiro, singularmente dous. O primeiro, unha fotografía do señor conselleiro —saíu nun medio de comunicación— paseando placidamente por un campo de terra con inequívoca actitude de estar entrenando para unha competición de marcha atlética. No pé de foto lese: "O conselleiro visitou onte as obras dos institutos de Culleredo e Cambre". Loxicamente folga dicir que estes centros estaban comprometidos para o mes de setembro e a penas tiñan os cimentos. O segundo, escollería unha frase do señor Currás na que dicía: "É certo que hai problemas, pero sóbrannos os dedos dunha man para contalos". De ser isto certo, dedúcese claramente que o señor conselleiro sufriu unha extraordinaria mutación xenética digna de ser estudada nos deseños curriculares, con serias opcións para os futuros premios Nobel de embrioloxía.

Señorías, o sentido da moción que o BNG presenta para o seu debate neste Pleno pensamos que toca un dos puntos cardinais que desvelan as causas da progresiva carencia de recursos que a Xunta de Galicia destina á educación na rede pública, e demostra empiricamente a contradición, e por ende a *falsabilidade* dun principio defendido ata a saciedade polo Partido Popular nesta Cámara: que non se favorece a privatización do sistema educativo.

Foi Popper, un filósofo da ciencia que logo rematou en ideólogo do neoliberalismo, quen formulou o principio acerca da *falsabilidade* de todo enunciado científico se era contradito por algunha experiencia.

Vostedes, a xente do Partido Popular, moi científicos non me consta que sexan, pero cando menos presumen de neoliberais. Pois ben, imos aplicar o principio de Popper.

Vexamos os datos da experiencia. Primeiro, mentres a Consellería de Educación incrementa no ano 1998 o seu orzamento un 2,4%, as subvencións ao ensino privado increméntanse un 6,8%.

Segundo. Mentres entre o ano 1996 e 1998 se suprimen máis de 150 unidades escolares no ensino público alegando un decrecemento poboacional, no mesmo período de tempo increméntanse en 153 as unidades subvencionadas no ensino privado, cun incremento maior precisamente naquelas zonas que teñen máis problemas de escolarización: Lugo, Pontevedra e Ourense, por esta orde, cun incremento xeneralizado nas tres provincias das unidades subvencionadas en educación infantil. ¿Acaso no ensino privado non lles afecta o problema da natalidade? ¿Que extraño virus afecta os nenos e nenas dos centros públicos? Os datos, señorías, extraídos dos orzamentos da Xunta de Galicia e do *Diario Oficial* do 13 de agosto e do 16 de decembro de 1996 e do 19 e do 20 de agosto de 1998, son os que acabo de expor.

Pero ¿saben vostedes que no DOG do 16 de decembro de 1994 aparecen subvencionadas 462 unidades de educación infantil e no do 20 de agosto de 1998, dous anos despois, aparecen subvencionadas 463 unidades de educación infantil, unha máis que en 1994? ¿De que descenso da natalidade estamos a falar?, ¿de que descenso de subvencións estamos a falar?, ¿de que incrementos de diñeiro para o ensino público estamos a falar?

Se isto fose pouco, ocorre que o sentido da moción que hoxe nos trae é unha petición, como mínimo, do cumprimento da legalidade vixente en materia de admisión de alumnos nos centros subvencionados con fondos públicos. Por se fose pouco o diñeiro que reciben os centros privados concertados, o que está a ocorrer é que estes centros incumpren sistematicamente a legalidade vixente en materia de admisión de alumnos. Porque os centros privados, os concertos educativos para centros privados, fixéronse de acordo cun espírito que hoxe está absolutamente pervertido conceptualmente, que era para aqueles centros que cubrisen

a rede educativa naqueles lugares onde o ensino público non podería chegar, ou ben amparando un determinado "dereito" a unha liberdade de elección de centro, que nunca pode ser feita a través da inmoralidade de subvencionar e desatender a rede pública, tal e como acabo de demostrar cos datos que aquí expuxen hai un momento.

Entón, os centros públicos teñen un baremo e teñen que coller o seu alumnado en función dun baremo, facendo un seguimento do mesmo. Neste baremo os temas máis importantes son, en primeiro lugar, a zona educativa, a proximidade do centro. En segundo lugar, a renda familiar. Os centros privados concertados e que reciben fondos públicos están legalmente obrigados á utilización, exactamente igual, do mesmo baremo.

Ben, non hai constancia, e non temos probas de que os centros privados cumpran esta legalidade vixente. Non só non hai constancia senón que, cando temos verificado tamén empiricamente se os centros privados ofertaban as súas prazas, respostóusenos sempre que as prazas xa estaban cubertas. Ademais, conculcando un principio de igualdade de oportunidades que consiste no seguinte: os centros privados admiten o alumnado aos tres anos, idade na que non se está subvencionado, e aos catro anos, que si empezan a estar subvencionados, aplican o principio de que ese alumno xa pertencía ao centro e, polo tanto, ten dereito preferente. Absolutamente falso, porque no nivel de tres anos ese centro non tiña subvención e, polo tanto, estaba nun réxime de privado puro, para entendermonos, mentres que aos catro e cinco anos está nun réxime de centro privado concertado e, polo tanto, suxeito á obrigatoriedade de aplicar o baremo. Outro galo cantaría se os centros privados estivesen sometidos ao que é a legalidade vixente, e deben ofertar as súas prazas a todo o alumnado da súa zona educativa, con independencia de que queira ir ou non. Que se diga que no período que se determina na legalidade vixente os centros privados concertados teñen que facer pública no propio centro a relación de prazas vacantes e enviar copia dela á Delegación Provincial. Isto poden dicir vostedes que se está a cumprir hoxe, pero é absolutamente falso que se cumpra.

En segundo lugar, á consellería débena informar publicamente da relación de prazas vacantes nos centros privados concertados. Informala publicamente, igual que se informa da existencia de prazas nos centros públicos, porque probablemente aos centros privados concertados non lles interesaría facer ese concerto educativo se non é un concerto clasista en canto á condición económica e social.

En terceiro lugar, cada centro privado concertado debe facer pública, no período que se determina, a relación de alumnos e alumnas admitidos, especificando a puntuación obtida de acordo co baremo existente, así como a relación do alumnado excluído, coa especificación das causas. E a Consellería de Educación debe facer isto público en todas as delegacións provinciais, pero, ao mesmo tempo, a Consellería de Educación debe dicir moi claramente a todo o alumnado, pertenza a onde pertenza, que ese é un ensino absolutamente gratuíto para todos os nenos e todas as nenas que queiran acceder a el, e un ensino que debe estar controlado —da mesma maneira que o está o ensino público— pola Administración educativa. Para iso queren favorecerse e queren aproveitar o concerto.

Probabelmente, se estivesemos nesta situación de cumprimento da legalidade, tal vez a función da Consellería de Educación sería completamente distinta, pero sobre todo sería completamente distinta a actitude destes centros privados concertados, que terían que someterse, cando menos, ao control social que é exercido por parte da autoridade educativa, que neste momento o único que fai é insuflar diñeiro a uns determinados centros para trasvasar nestes momentos, como acabo de demostrar, e cada ano as cifras da consellería así o demostran, para transvasar cada ano o maior número de alumnos aos centros privados, en lugar de aos centros públicos.

Este é o fondo da cuestión da subvención ao ensino privado. Este é o fondo ideolóxico e o fondo conceptual do que son as subvencións ao ensino privado, que son a causa neste momento da deterioración que se está a dar no que é o ensino público.

Señor conselleiro, seguramente, porque *con el cle-ro hemos topado*, e nunca mellor dito —remato, señor presidente—, esta proposición non vai ser tida en conta por parte do Partido Popular. Eu unicamente

quero dicir unha cousa: sexan vostedes medianamente honestos e desmintan un só dos datos que se apuntaron aquí, cientificamente tamén, por suposto. E, en segundo lugar, señor Currás, teña un pouco máis de tino, e eu diría tamén que de honestidade política, cando fala en público acerca do que é o comezo de curso deste ano.

O outro día dicía vostede que citaba sete centros. A vostede sobrábanlle os dedos dunha man. Eu digo unha cousa: efectivamente, dixo vostede unha verdade, unha, a única, sóbranalles os dedos dunha man para contar os centros que empezaron o seu curso con normalidade. Aí si que non tivo vostede ningunha mutación xenética senón que aí si que é absolutamente certo que lle sobran os dedos dunha man para ver a normalidade neste comezo de curso no número de centros que empezou.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Tello.

¿Grupos parlamentarios? *(Pausa.)*

Ten a palabra o señor Méndez Romeu polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, señorías.

Señor Tello, verdadeiramente é sosegante ve-lo cativo interese que os temas educativos espertan nesta sala. En todo caso, o tema que hoxe se trae aquí —e vexo que nin sequera nos acompaña o señor conselleiro,... Si, perdón— vai ser apoiado favorablemente polo Partido Socialista, aínda que, señor Tello, discrepemos na argumentación que vostede fai sobre o ensino privado e o papel do ensino concertado. Parécenos que vostede describe con trazo moi groso unha situación que demandaría matices moito máis delicados para apreciar algúns compoñentes nada desprezables; por exemplo, as demandas reais das familias arredor do tipo de educación que desexan para os seus fillos e as motivacións que hai tras esas demandas.

En todo caso, dado que o que vostede plantexa na súa proposición é, en primeiro lugar, o cumprimento da lei, non podemos por menos que estar absoluta-

mente de acordo en todos e cada un dos puntos da moción. É evidente que hai unha lexislación que cómpre aplicar e que cómpre controlar que se faga de xeito adecuado.

Se o que vostede plantexa na súa iniciativa é que se faga posible a existencia dunha meirande igualdade no funcionamento dos centros concertados, e sostidos, polo tanto, con fondos públicos, verbo dos centros públicos, tampouco nada que obxectar. Estamos absolutamente de acordo en que se dean pasos cara á igualdade, mesmo naquelas áreas que hoxe non están a ser consideradas pola política educativa do Goberno.

Por exemplo, pasos cara á igualdade significa que hai que manter nos centros privados concertados mecanismos de integración como os que hai na rede pública. ¿Que razóns hai, señor Currás, e vostede disto sabe, que mesmo ten escrito sobre o particular, e con interese, por certo, para que a integración das minorías culturais ou a integración de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais non se faga dun xeito equilibrado en cada zona educativa entre os distintos centros sostidos con fondos públicos?, ¿razóns estritamente de organización da rede educativa? Esas non son razóns que poidan ser defendidas nunha política educativa moderna, e aí vostedes teñen aínda unha lagoa, unha eiva sen resolver.

¿Que razóns hai para que neste momento sexan marxinalizados os propios centros privados de iniciativa social que albergan estudantes de tres anos en beneficio dos que, tendo ese mesmo tramo de idade, disfrutaban xa dun concerto no tramo de ensino primario? ¿Que razóns hai para que existan diferencias nas instalacións, etc., por exemplo, señor Currás?

Onte mesmo este deputado foi chamado por veciños e veciñas da cidade de Lugo para coñecer sobre o terreo a situación que se está a producir alí; unha situación que non fai falta que eu explique agora, que está nos xornais desde hai varias semanas. Unha situación na que moitos centros de ensino públicos non son quen a comezar a funcionar porque as obras non están rematadas ou faltan profesores, etc. E este deputado, unha vez imposto nesa durísima realidade, tivo que preguntar cuántos centros de ensino concertado estaban en Lugo nesa situación, e non había ningún. É dicir, os centros concertados en Lugo, que teñen as

mesmas necesidades de adaptación de instalacións, etc., por algunha razón que non se coñece ben na consellería son capaces de resolve-los seus problemas e comeza-lo curso con normalidade, e isto non ocorre no sector público. Polo tanto, nós estamos a favor de que as cousas se fagan de xeito que se garanta unha maior igualdade.

¿Que nos quere dicir, señor Currás? ¿Que o seu departamento non acada as cotas de eficacia ou de eficiencia necesarias nunha Administración educativa moderna? Pois vaian e miren cómo se fai noutras administracións educativas modernas, que sobran exemplos en todo o mundo. Vaian ver cómo son os plans de calidade aplicados ó sector público. Vaian ver cómo funcionan administracións postas ó servizo do cidadán, administracións baseadas no concepto do usuario por parte do cidadán e non no concepto de *siervo* ou no concepto de súbdito. E vaian ver qué medidas administrativas, organizativas, orzamentarias, etc., hai que tomar para que as cousas funcionen. Porque non esquezamos un dato, señor Tello, que convén de cando en vez lembralo. Cando ocorre esa situación, e o caso de Lugo onte podería se-lo máis espectacular en Galicia, ocorre nun contexto no que os centros públicos teñen maiores cadros de profesorado, mellor retribuído con notoria diferenza, cun estatuto de persoal moito máis amplo na súa protección có sector privado, e, en xeral, en instalacións mellores, máis grandes, etc. Pero están suxeitos a unha disciplina burocrático-administrativa, que é a da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que non é quen a modernizarse e que, ano tras ano, arrastra unha cadencia, unha inercia, que fai imposible que profesionais cualificados poidan ofrecer unha calidade no servizo público, cando menos, igual que no sector privado sostido con fondos públicos.

E sigamos coa igualdade, porque se falamos de igualdade tamén podemos falar do que se oferta nese servizo educativo. O servizo educativo, señor Currás, dito polos seus propios servizos a este deputado en contestación a unha pregunta, oferta neste momento en Galicia entre 839 e 865 horas de clase ó ano: menos que en Francia, menos que en Alemaña, menos que nos países máis desenvolvidos de Europa. Algo ten que ver, xa sabemos que non é a única variable que determina o resultado, pero algo ten que ver ese número cativo de horas, e non hai razóns para que

aquí non se faga tamén unha política máis ambiciosa e de máis calidade. E o que é peor, ofértanse ás veces un número superior de horas no sector privado que no sector público, e iso está ben, sinal de que o sector privado é consciente de que ten que aumenta-la súa oferta, pero cómpre face-lo mesmo nese sector público e, sobre todo, o que cómpre facer é impedir que se perdan xornadas, horas, etc., ó cabo do ano, como está a ocorrer en Lugo, por exemplo, e pódolle citar unha lista de lugares que veñen nos xornais.

É dicir, nós estamos a favor, señor Tello, de que se cumpra a legalidade —¡faltaría máis!—, pero tamén estamos a favor de que os servizos públicos aspiren á calidade, aspiren á igualdade, e aspiren, cando sexa necesario, á compensación das desigualdades. E dun xeito que non cree diferencias, senón que, polo contrario, permita supera-las que existen, dun xeito que permita facer do sector público un exemplo tamén para o sector privado.

Non é imposible que os servizos públicos funcionen, señor Currás. Sabemos que é difícil, sobre todo nun momento de transición, de aplicación da reforma, que as cousas funcionen absolutamente á perfección, evidentemente, sabemos que isto ten moitas dificultades, o que non é admisible é que esteamos moitas veces ante situacións que se repiten ano tras ano ante a impasividade dos cidadáns. ¡Non nos enganemos!, e eu aquí, señor Currás, discrepo fundamentalmente co que vostede está a dicir estes días, non nos enganemos. Cando miles de cidadáns, que teñen o seu traballo e que non cobran por preocuparse da situación dos seus fillos, teñen que adicar horas do seu tempo a acudir a protestas diante das autoridades administrativas ou a manifestarse nas rúas ou a estar ó pé dos profesores dos seus fillos para ver por qué non comezan as clases, cando iso está a ocorrer, é que algo non funciona. A xente non se está a mobilizar por razóns políticas, como vostede anda dicindo por aí, en todo caso será por razóns de mala política ou por razóns de erros burocráticos ou administrativos. Os cidadáns non teñen a culpa, o que desexan os cidadáns é, a ser posible —e xa sei que é lamentable, pero é así no noso tempo o que desexan—, non estar excesivamente preocupados polo que están a facer os seus fillos nos centros de ensino, ter unha información suficiente e unha participación axeitada, pero esperan que o problema educativo sexa resolto polas autoridades educativas, e isto, la-

mentablemente, en Galicia levamos moitos anos en que custa traballo facelo viable. Nós cremos que é, fundamentalmente, por razóns burocrático-administrativas e, en xeral, de política educativa da Xunta de Galicia, e aí é onde o seu departamento, señor Currás, en en xeral a Xunta de Galicia, ten un longo camiño por percorrer. Un camiño que, se se fai ben, vai te-lo apoio ou o aplauso unánime dos cidadáns, e o respecto das forzas políticas nos grandes temas. O que desde logo non é admisible é que esteamos, semana tras semana, tódolos anos no mesmo proceso, perdendo horas de servizo público que nunca se recuperan. E algo habería que falar entre o número de horas e as *puntaxes* que logo aparecen nos tests internacionais de rendemento, pero diso xa falaremos outro día, e que a xente teña que estar preocupada porque os seus fillos reciban aquilo que ten que estar absolutamente garantido polos impostos que están a pagar.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas gracias, señor Méndez Romeu.

Ten a palabra a señora Rodríguez Seijas polo Grupo Parlamentario Popular.

**A señora RODRÍGUEZ SEIJAS:** Señor presidente, señorías, a semana pasada escoitaba en Comisión a un deputado do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego dicir que hai que respectar e cumpri-lo Regulamento desta Cámara. Decía tamén que, referente a este cumprimento, a el non lle valían excepcións. Eu, que comparto con este deputado a súa preocupación, prégoles que a faga extensiva ós seus compañeiros de grupo, concretamente ó señor Tello, co fin de acadar un maior grao de congruencia entre a formulación da súa proposta e o posterior debate aquí nesta Cámara. Coido que acata-lo Regulamento na súa totalidade pasa tamén por respecta-lo debate no fondo das cuestións que aquí se plantexan, e isto, sistematicamente, non se está a facer desde a oposición.

No último Pleno, e hoxe mesmo, todos puidemos observar cómo o señor Tello, despois de presentar unha interpelación referida ás irregularidades que ó seu entender se están a producir na admisión de alumnos en centros privados, sobe a esta tribuna a falar de todo

menos do que ten que falar, é dicir, das irregularidades de admisión nos centros concertados.

Posiblemente o señor deputado non sinta a necesidade de falar deste tipo de cuestións, porque coido que dúas reclamacións feitas na Consellería de Educación non teñen entidade suficiente nin peso específico para interpelar un conselleiro e, por suposto, tampouco a teñen para substancia-la moción que hoxe estamos a debater.

Lamentablemente, señor Tello, vostede, que o teño por unha persoa preocupada e coñecedora do mundo do ensino, perdeu a seriedade ó subir a esta tribuna, e utilizou o discurso fácil, levando o debate a cuestións que nada teñen que ver coa iniciativa que vostede plantexa.

Eu non vou contestar nestes momentos ós seus argumentos, porque coido que son moi repetidos e ademais demagóxicos, aínda que si quero dicirle que tales situacións caóticas non existen na realidade. Pero é que, a verdade, e dígoos, desde a miña curta experiencia como parlamentaria nesta Cámara, sempre que se está a falar de educación acábase facendo o mesmo discurso, parece que, nese senso, é coma se a oposición non tivese argumentos para traer a esta tribuna. Non é de estrañar, porque se hai pronunciamentos claros e concretos é en materia de regulación de admisión de alumnos nos centros públicos e privados. Existe unha normativa vixente, que todos coñecen e que eu non vou detallar, porque coido que xa foi exposta coa suficiente claridade polo señor conselleiro, pero, en todo caso, si vou recordarlles que segundo esta normativa os directores dos centros teñen a obriga de facer público antes do 16 de marzo o número de postos escolares dispoñibles para o curso seguinte. Tamén deberán publicar antes do 10 de maio a resolución pola que se adxudican as prazas e a relación de solicitantes coa súa correspondente puntuación. Todos estes datos serán posteriormente remitidos á Delegación de Educación. Coido, señor Tello, que isto, ademais, se está a facer.

Con respecto á consideración que se fai na moción, de que non se admita no baremo como criterio de permanencia o ser escolarizado á idade de tres anos, lémbrolle ó señor deputado algo que parece ignorar e que vén recollido no artigo 8 do decreto. Di

textualmente este artigo: "O proceso de admisión de alumnos regulado neste título aplicaráselles ós alumnos que accedan por primeira vez ós centros sostidos con fondos públicos". É dicir, o que se fai nestes casos, para non caer nunha lectura perversa do artigo, é aplica-los criterios de admisión no momento en que se escolarizan os alumnos de tres anos. En consecuencia, señor Tello, tódalas *suxerencias* que se fan nesta moción están recollidas na normativa vixente, e vostede reconece na exposición de motivos cando di que están perfectamente definidos os criterios de admisión.

Outro tipo de cuestións que vostede utiliza na parte expositiva non se corresponden coa realidade. Di que non se cumpren as normas establecidas nesta disposición. Nós non podemos aceptar esta afirmación, e non podemos aceptala porque tal situación non existe.

No curso pasado, e este é un dato xa aportado polo señor conselleiro, de 83.000 alumnos de centros concertados a Consellería de Educación só tivo constancia de dúas reclamacións. Se vostede cuestiona o cumprimento desta normativa por parte dos centros concertados, e ademais considera que o están a facer dunha maneira sistemática, quereá vostede dicir que coñece moitos máis casos. Pero, señor Tello, de ser así, non está sendo responsable coa preocupación que manifesta nesta Cámara. Coido que se tal preocupación existe, a súa obriga é denunciar alí onde hai que denunciar, na Consellería de Educación, pero con datos, señoría, non con argumentos gratuítos, como acaba de facer. De non ser así, eu preguntome cá é, pois, a razón pola que se presenta esta moción que substancia a interpelación. Moito temo, señor Tello, que vai vostede a piñón fixo na súa teima en considerar que o Goberno galego prioriza o ensino privado en detrimento do público, e non é así. Cambie de estratexia e cingase vostede á realidade destes datos que lle vou aportar, que, ademais, vostede coñece, pero que interesadamente non os está a utilizar.

O Goberno galego destina a educación 210.000 millóns de pesetas. Destes 210.000 millóns, só 18.000 van para o ensino privado. É dicir, o 92% do presuposto de educación destínase ó ensino público, e só un 8% se destina ó ensino privado.

Fíxense vostedes que con tan só un 8% do presuposto en Educación se están a atender 83.000 alumnos, estáselle a dar traballo a 3.900 profesores, estanse a rendibilizar 263 instalacións sen ningún tipo de investimentos por parte da consellería. Trátase, polo tanto, señor deputado, primeiro de cumprir un mandato constitucional, porque o dereito á elección do centro está na Constitución e na propia subvención ós centros privados. E, segundo, dunha maior racionalización dos diñeiros públicos, optimizando os recursos a través dunha boa utilización dos 263 centros que entidades privadas están a pór á disposición da Consellería de Educación.

Se non estamos de acordo en algo tan fundamental, defínanse vostedes e digan cá é o modelo de política educativa do BNG. ¿Que é o que pretenden? ¿Non acata-la Constitución? ¿Botar á rúa 3.900 traballadores do ensino privado? ¿Desaproveita-los 263 centros concertados? Moito temo, señor Tello, que no que me resta da lexislatura vou ter que utilizar estes datos con moita frecuencia, máis que nada para recordarlles que a súa percepción do mundo do ensino público non se atén á realidade.

Señor Tello, eu diríalle que, co seu discurso, indirectamente é o maior defensor do ensino privado.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señora Seijas.

Ten a palabra o señor Tello León.

**O señor TELLO LEÓN:** Grazas, señor presidente.

Mire, señora Seijas, confeso que me ten aburrido abundantemente nesta intervención. Simplemente lle vou dicir unha cousa: eu desculpo profundamente que vostede durma mentres eu falo, ou que vostede estea anestesiada, eu non teño nada que dicir a iso. Eu é que non teño nada que discutir, remítome á cinta do Parlamento, máis nada, porque o que lle escribiron, que eu xa levo escoitando cinco anos iso mesmo que lle escribiron, é que se eu vou a piñón fixo, a vostede xa se lle rompeu a catalina. É dicir, vostede non subiría, vostede nin baixaría unha costa abaixo. É dicir, vostede xa non ten capacidade nin de poder baixar,

porque escribenllo e creo. Polo menos vaia ás heme-rotecas, lea o *Diario de Sesións*, ¡home!, ¡muller!, neste caso. Tome un mínimo esforzo en preparar as intervencións, non veña aquí tomarme de coña, porque xa son moitas tomadas de pelo as que levo aguantando durante todo este tempo.

Os datos que eu dei aquí son datos científicos, extraídos do DOG, e o DOG fírmoo o señor Currás e fírmoo o señor Permy, non o firmo eu. Son datos sacados do *Diario Oficial de Galicia*, son datos sacados dos orzamentos da Xunta de Galicia, e vostede non pode contestar ningún. Entón, ¿a que vimos aquí?, ¿a tomar o pelo?

*(Ocupa a Presidencia o seu titular.)*

Mire, o Parlamento é representación do pobo. Voulle ler unha carta, unha carta que non é miña, voulle ler unha carta que di o seguinte. Se nós dicimos que o Parlamento é representación do pobo e queremos que o pobo veña aquí, unha señora que me escribe di: "O DOG publicou unha orde pola que se regula o procedemento para admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos. A miña sorpresa foi cando ao ver estas listas nun centro privado concertado, que pagamos todos, só aparecen os alumnos admitidos, e todos por orde alfabética. Como este feito me parece totalmente irregular, recorro varios centros concertados de Lugo e comprobo que todas as listas aparecen deste xeito, é dicir, por orde alfabética de admitidos, sen puntuación e sen lista de excluídos por non acadar a puntuación suficiente. Isto dáse no colexio María Auxiliadora, franciscanos, josefinas, salesianos, no resto dos colexios non o comprobei —catro de oito—, pero imaxino que seguen o mesmo sistema". Eu comprobei nove da Coruña, pero eu non son inspector de Policía, vostede si, e o señor Permy érao tamén e o señor Currás parece que igual. Eu non, son vostedes os que teñen que ver se se cumpre a legalidade que eu denuncio aquí. E di: "Eu pregúntome: cómo a consellería permite que estes centros, sostidos todos con fondos públicos, non cumbran a normativa vixente segundo a Orde 5 de abril de 1995 e que ninguén faga nada. Non se pode saber na rúa de un ou na área de influencia —porque non teñen exposto o mapa da zona de influencia— a puntuación do neno porque non a poñen. Non pode saber se puntuaron ben o neno porque non existe tal cousa. ¿Por

que non se obriga a todos os centros concertados por parte da consellería a que expoñan o mapa da área de influencia e publiquen a relación completa de solicitudes coa súa correspondente baremación? ¿Acaso non é isto o que di a orde? ¿Para que están os inspectores? ¿Só para cobrar?

Mire, voulle dicir unha cousa, ¿por que tocamos este tema? Porque este é o fondo da cuestión. Señor Méndez, este é o fondo da cuestión. Nós, evidentemente, aínda que de vez en cando, e vostede díxoo aquí o outro día de pasada, non veño debater con vostede nin moitísimo menos, só así, de esguello, recordareille que o outro día o comentario que facía respecto das nosas excelentes relacións co Goberno vasco e co Goberno catalán, efectivamente que as temos, agás discrepancias importantes en moitos temas. Outros tamén gobernaron con eles e por iso nós non nos alporizamos, pero non é a cuestión de debate neste momento, senón que lle digo: Esta é a cerna da cuestión, efectivamente que esta é a cerna da cuestión, e estarei aquí ata que morra, e o Bloque ten unha alternativa a esta situación. Mire, só con facerlle cumprir a legalidade vixente aos centros privados, só con iso, entráballes un medo no corpo tal que probablemente o tema das subvencións se modificaba substancialmente. É moi elocuente que sempre que se fala dun tema espiñento o conselleiro de Educación fai mutis polo foro, está moi ocupado. Foi elixido deputado cos votos da provincia de Lugo, con esa provincia de Lugo á que ten machacada académica e educativa, que onte se lle puxo "en armas", ¡como di que xa non queremos a Constitución! Non sei de ónde *puñetas* saca vostede determinado tipo de concepcións ideolóxicas que, desde logo, eu nin practico nin comprendo, nin comparto determinado tipo de cousas. Se quere falar doutra política falaremos doutra política, pero, desde logo, é moi elocuente que cando se fala dun tema tan espiñento coma este, *que con el clero hemos topado*, o señor conselleiro faga mutis polo foro, porque isto é o que lle interesan os problemas de educación ao Partido Popular, e vostedes están aí porque non lles queda máis remedio, porque, se non, lles poñen unha multa porque teñen que vir votar, pero el parece que está exento de votar, entón non ten disciplina de grupo tampouco, ¡xa non digamos que ten disciplina de educación!, de educación (consellería).

Entón, a cuestión é que estamos a falar dun dos temas graves e profundos, porque efectivamente hai unha desviación de fondos. Se vostedes fixesen cumprir a legalidade vixente, ocorrería que os centros privados concertados estarían sometidos a outra disciplina, a un control social, porque é diñeiro público, e nesa medida, ao mellor, xa non lles interesaba o tema da subvención, e ao mellor ese diñeiro tiñan vostedes oportunidade de dárllelo aos centros públicos, pero iso é un debate no que non queren entrar. Fagan a proba e verán cal é o resultado. Veremos a ver se todos os colexios, que son auténticos viveiros ideolóxicos tamén, veremos a ver se eses centros educativos, despois estarían dispostos a participar das subvencións se houbera un control social por parte do Goberno galego desas subvencións que agora se dan "a fondo perdido", e nunca mellor dito o de "a fondo perdido", porque, efectivamente —remato, señor presidente—, declararei tamén ata a morte que a pesar de que na Consellería de Educación a calidade do ensino público é infinitamente superior, non polos tests eses que fai o instituto "X" desde Madrid, senón porque realmente o profesorado galego é moi listo e moi traballador, e o alumnado galego probabelmente aínda sexa moito máis.

Máis nada e moitas gracias.

(Murmurios.)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Tello.

Ponse a votación a moción en conxunto. Procedemos a vota-los seis puntos da moción.

(Votación.) (Pausa.)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

**MOCIÓN DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, SOBRE A POLÍTICA XUVENIL QUE ESTÁ A DESENVOLVE-LA XUNTA DE GALICIA.**

**O señor PRESIDENTE:** Existe unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. O señor secretario da Mesa procederá á súa lectura.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa do deputado José Luís Méndez Romeu, a través do seu portavoz e ó abeiro do disposto no art. 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda á Moción do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política xuvenil que está a desenvolver-la Xunta de Galicia (doc. 5.245):

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incentiva-la oferta inmobiliaria de vivendas en réxime de alugueiro, a prezos controlados e inferiores á metade do salario mínimo interprofesional."

**O señor PRESIDENTE:** Gracias, señor secretario.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez para a defensa da súa moción.

**O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:** Señor presidente, señorías, no último Pleno tivemos oportunidade de escoitar directamente da boca da señora conselleira, entre outros asuntos, de Xuventude, a análise e interpretación que ela mesma facía en relación coa situación da mocidade galega e da política xuvenil que está a desenvolver o Goberno galego.

Dicía e aproveitaba a súa intervención tamén para afirmar que o Bloque Nacionalista Galego constrúa o seu discurso baseándose en expresións carentes de contido ou de concreción formal real.

Pois ben, nós, desde o BNG, si temos alternativas, e a mellor demostración é a presentación dunha moción como a presente, unha moción modesta, na que non se recollen todas as medidas ás que aspiramos, ás que, por certo tampouco renunciámos, pero si recolle unha serie de cuestións que entendemos absolutamente mínimas para desenvolver esa política xuvenil á que aspiramos.

Hoxe, como digo, solicitamos absolutamente o básico, con base fundamentalmente nunha concepción integral da política xuvenil que vai orientada a elimi-



nar as causas que provocan a marxinación e a desintegración social deste grupo social, da mocidade.

Nós partimos da base de que existe un claro desinterese institucional en ter mozos e mozas activos, participativos e participativas, e en facer da mocidade un grupo social activo e protagonista do seu propio futuro, que cumpra o papel que lle toca —que lle debera tocar— no desenvolvemento social, cultural, e político do noso país.

Pretendemos con esta moción pór en marcha unhas medidas —como dixen antes— mínimas, orientadas a que a mocidade comece a ser protagonista do seu futuro. Unhas medidas que tendan á eliminación das trabas obxectivas coas que se encontra o movemento xuvenil, o movemento asociativo, para que este exista e poida operar, co fin de impulsar a participación dos mozos e das mozas para desenvolveren as súas propias iniciativas.

Vou ir agora desenvolvendo os diversos puntos que conforman a moción que presentamos desde o BNG. Como dixen antes, son medidas posíbeis, nada ambiciosas, algunhas delas mesmo son promesas incumpridas por parte da Xunta de Galiza e, polo tanto, malo será que, efectivamente, non merezan o apoio unánime desta Cámara. Desde logo, no BNG aínda non perdemos a esperanza diante deste tipo de cousas.

A primeira cuestión vai encamiñada a dotar a mocidade de algo que neste momento non ten, un plano integral elaborado con participación do propio Consello da Xuventude de Galicia, feito polo Goberno galego e presentado nesta Cámara para que opine. Un plano integral no que se presente unha radiografía da situación da mocidade galega e se poña en marcha todo tipo de medidas de carácter integral que abranquen absolutamente todo o que é a problemática que atinxe á mocidade: cuestións de emprego, cuestións de ensino, de ocio e tempo libre, o problema do servizo militar, drogodependencias, asociacionismo xuvenil, etc. Nós cremos que para iso é necesario constituír un órgano institucional que neste momento non existe, que teña un carácter áxil, horizontal, que efectivamente chegue a dotar dunha visión integral para o exercicio da acción de goberno todo o que son os problemas da mocidade, e que, efectivamente, contemple tamén propostas de actuación. Nós

cremos que o movemento xuvenil, neste momento vertebrado en torno ó Consello da Xuventude de Galicia, e non só, ese movemento xuvenil, debe ter, debe contar, efectivamente, con participación no deseño desa política e mesmo na súa aplicación.

Como saben vostedes, ao comezo desta lexislatura o Bloque Nacionalista Galego plantexou algo similar, baseándose na iniciativa da propia Cámara, para constituír unha Comisión que elaborase este plan, unha Comisión parlamentaria. O Partido Popular dixo naquel momento non, pero, con todo, no Bloque Nacionalista Galego —somos así de inxenuos— aínda non perdemos a esperanza de que nesta ocasión se diga si a algo que, insisto, neste momento debera partir da iniciativa do Goberno galego.

No asunto do asociacionismo nós cremos que é necesario comezar a ter iniciativa para a constitución e funcionamento dos consellos locais da mocidade e, en concreto, tamén para pór en marcha todas as modificacións legais necesarias para que poidan existir consellos comarcais da mocidade. Saberán vostedes que a Lei do Consello de Xuventude de Galicia indica claramente que os consellos comarcais da mocidade se sitúan ao abeiro da Lei de comarcalización de Galicia cando exista. Aos dezasete anos do Estatuto de autonomía de Galicia non contamos aínda cun deseño de país desde os seus sinais de identidade, desde as súas comarcas, e polo tanto neste momento é imposible crear estes consellos comarcais da mocidade. Cremos que, nese sentido, a Xunta de Galiza debera dotarse dalgunha maneira dun plantexamento claro favorábel á constitución destes consellos e, polo tanto, introducir as modificacións de carácter legal pertinentes.

No tema do emprego, unicamente plantexamos tres cuestións. Por unha parte, algo que debera formar parte de calquera filosofía positiva en relación coa actuación do sistema educativo público, que é a vinculación necesaria entre o mundo productivo, entre o mercado laboral e o sistema educativo.

Nós instamos a posta en marcha dun plano galego de formación profesional que teña en conta, dun punto de vista sectorial e mesmo territorial en cada unha das comarcas do noso país, a oferta laboral existente; que teña en conta as potencialidades económicas do noso país á hora de crear emprego, en xeral e en con-

creto, para a mocidade; e que, efectivamente, se poida poñer ese mundo educativo en función do mercado laboral e aproveitar mellor os recursos humanos que temos na mocidade do noso país.

Outra das cuestións atinxe ao relevo xeracional necesario, que nós entendemos en dous sectores productivos básicos para a economía do noso país, cales son o agro e a pesca.

E, por outra banda, con base tamén na propia posición defendida e mantida polo conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, o tema da seguranza e hixiene no traballo, un plan decidido contra a sinistralidade laboral de cara á mocidade. En concreto coa dotación e coa elaboración dun plano específico que tenda a frear o que neste momento é unha taxa absolutamente indecente de sinistros e accidentes laborais.

O señor Palmou recoñecía hai pouco no Parlamento de Galicia que había unha relación directa causal entre o tipo de contratación en precario, entre a idade dos traballadores, e os sinistros e accidentes laborais. Polo tanto, cremos que, con base nese recoñecemento que neste momento ten o Goberno galego do que está a acontecer no mundo do emprego, cómpre tomar medias, efectivamente, correctoras desa situación.

En canto ao tema do servizo militar, desde o Bloque Nacionalista Galego propómonos dous obxectivos básicos. Por unha parte, información. Que os mozos deste país saiban que existe a saída legal da obxección de conciencia, que sexan informados todos os mozos en idade de incorporación a filas de que existe esa posibilidade legal. Nós xa temos manifesta-do neste Parlamento que neste terreo a Xunta de Galiza non é neutra, aposta clarisimamente polo servizo militar obrigatorio, e cremos que, efectivamente, ou botamos en falta, esa información a todos os mozos en idade de incorporación a filas.

Saberán vostedes que neste momento optan pola vía da obxección de conciencia fundamentalmente os mozos con estudos universitarios e residentes en zonas ou en núcleos urbanos. Sen embargo, e estou a falar de estatísticas non precisamente do BNG, son os mozos de procedencia social máis humilde, os que non acceden a determinado tipo de estudos e os que residen en zonas rurais os que máis descoñecen esta

posibilidade, os que fan a ecuación: "Obxección de conciencia é o mesmo que insubmisión, provoca ca-dea", e, polo tanto, non acceden a esa posibilidade legal —como digo— neste momento.

Esa é unha das cuestións que plantexamos en canto ao servizo militar obrigatorio, e a outra cuestión, vinculada tamén ao tema da obxección de conciencia, é a non explotación de obxectores de conciencia, de mozos que están a realizar a prestación social substitutoria, ou a non utilización dos obxectores como man de obra barata, ben ao servizo de institucións públicas, caso do Goberno galego e outras, ou de entidades privadas, e que dalgunha maneira os seus dereitos se respecten e, por suposto, que tampouco incidan negativamente no mercado laboral. Non estou a inventar nada, todo isto figura, como saben vostedes, na Lei de obxección de conciencia do ano 1984.

Facemos fincapé na moción do BNG tamén no asunto da sexualidade cinguíndonos a unha realidade, e é que neste momento a taxa de embarazos non desexados en adolescentes galegas, en mozas de 14, 15 e 16 anos, é un problema real que nós cremos que cómpre corrixir ou, cando menos, frear. Nós apostamos nesta vía por dúas cuestións, por unha parte, novamente o asunto da formación e información en materia de sexualidade e anticoncepción e, por outra parte, xa de carácter máis asistencial, a dotación en Galicia dunha forma que teña en conta un deseño de ordenación territorial do noso país, centros de información e tamén asistenciais en relación coa anticoncepción e coa sexualidade.

Tocamos aspectos relativos á lingua, para que se cumpra como mínimo a lei. E en canto ao tempo libre, ás cuestións de ocio, nós plantexamos un programa de aproveitamento deste tempo libre ou de ocio non alienante, pasando por tres cuestións. Por unha parte, dotación de infraestruturas acaídas á realidade do noso país e ás necesidades xuvenís. Apoio ás manifestacións artísticas e culturais da mocidade, e, por outra banda, impulso da actividade física con deportes, mesmo recoñecendo e reivindicando a nosa cultura con deportes autóctonos, propios do noso país, e evidentemente con plantexamento claramente participativo e de base.

Como ven vostedes —e remato xa, señor presidente—, temos alternativas desde o Bloque Nacionalista Galego; poderían ser máis, como xa dixen antes, pero cremos que son suficientes e son as mínimas.

Cremos que se existe un mínimo de vontade para solucionar o problema da falta de política xuvenil neste momento votarían favorablemente todos vostedes, todas as súas señorías, porque son fundamentalmente as mesmas reivindicacións que se veñen mantendo non só desde o BNG, senón desde o movemento xuvenil organizado —remato, señor presidente—, nos últimos quince anos.

E, por riba, outra cuestión que para nós tamén ten importancia. Eu creo que con base nesta relación de medidas que inclúe a nosa moción, non teñen escusa para votar en contra, fundamentalmente por dúas cuestións. Primeiro porque o que apresentamos entra dentro, polo menos, do discurso teórico, global ou idealizado, da Xunta de Galiza, e por outra banda, non poden dicir que o que plantexamos xa se está a facer porque é falso, non se está a facer. Polo tanto, solicitamos o voto favorábel a esta moción.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Lobeira.

Ten a palabra o señor Méndez Romeu, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para a defensa da súa emenda.

**O señor MÉNDEZ ROMEU:** Señor presidente, señorías.

Señor Lobeira, non sei se é que non confía vostede na forza da súa argumentación diante do Grupo Popular ou se é que non confía no propio texto da súa moción, porque vostede empeza no primeiro punto proponendo un plan integral de accións a prol da mocidade e logo vai degrañando polo miúdo un conxunto de iniciativas —catorce ou trece hai—. Verdadeiramente podería haber moitas máis ou podería haber moitas menos, pero parece que hai unha contradición *ab initio* entre ese Plano integral e ese feixe de medidas puntuais que vostede propón a continuación, coas que nós estamos de acordo, *grosso modo*, en moitas delas. *Grosso modo*, porque se tivesemos que entrar

no debate pormenorizado hai algunhas cuestións que probablemente habería que matizar.

Por exemplo, a defensa que fai vostede dos consellos da xuventude como canle de participación, pois, verdadeiramente, a experiencia no noso país, cando menos, obriga a poñelos en cuestión fronte a outras iniciativas de autoorganización da xente, neste caso do tramo da mocidade que están a resultar máis creativas e menos conflictivas. Non sei se é que no tema dos consellos, sobre todo de Galicia, hai unha excesiva carga dos grupos políticos como tales ou se debe a outras razóns, pero o certo é que non está a da-lo resultado necesario.

Tamén, se falamos dos xogos e deportes autóctonos, habería que facer algunhas matizacións, porque o deporte é xogo pero o xogo non é deporte. En fin, cuestións menores que, en todo caso, estarían ben para un debate académico, pero non para o tema que hoxe nos ocupa.

O noso grupo está absolutamente de acordo, polo tanto, con este conxunto de iniciativas que veñen superar atrancos e deficiencias que foron expostos na sesión anterior e que recibiron unha resposta, estimo que non satisfactoria, da conselleira do ramo, pero si que queremos engadir, se o seu grupo o acepta, unha proposta que nos parece fundamental e que xa puxemos de manifesto aquí dende esta tribuna, a necesidade de que exista un Plan de vivenda para xente nova. Un Plan de vivenda fundamentalmente en alugueiro. Terían que existir tamén ofertas que facilitarán a adquisición de vivenda, pero aí entramos noutro terreo e, en todo caso, hoxe en día, por moi subvencionado que estea, poder acceder a unha vivenda en réxime de propiedade require ter un nivel de acceso e unha garantía de estabilidade de ingresos que non é o caso máis doado en Galicia entre a xente máis nova, se temos en conta as estatísticas. Polo tanto, parécenos que ten que haber, que é urxente, que cómpre apostar por un Plan de vivenda para xente nova en alugueiro, que permita tanto establecerse de xeito independente as persoas que así o desexen, como formalas familias, legais ou de feito, nos casos polos que así se opte. E ese réxime de vivenda ten que ter algunhas características fundamentais.

Ten que ser un réxime taxado en canto ó seu prezo. Propoñemos unha fórmula —valería outra calquera, efectivamente— que non supere a metade do salario mínimo interprofesional. Por certo, algo que o Grupo Popular escribe nos seus documentos tamén e que parece razoable. É evidente que a implantación dun plan destas características tería que facerse de acordo coas autoridades locais, fundamentalmente das grandes cidades e áreas metropolitanas. Un plan destas características significa tamén un estímulo engadido para o sector da construción e significa, sobre todo, apostar pola capacidade da xente máis nova para establecerse de xeito autónomo e para te-la garantía de independencia nun dos dereitos básicos como é o da vivenda.

Con esta matización, que lle pregamos ademais que asuma, o noso grupo votará a totalidade da moción presentada polo Grupo Nacionalista Galego.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Romeu.

¿Grupos que queiran intervir? *(Pausa.)*

Ten a palabra o señor Rodríguez Pérez, do Grupo Parlamentario Popular.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Gracias, señor presidente.

Señor Lobeira, vostede dícialle o outro día á señora conselleira, nunha interpelación con sete puntos, que soamente lle respondera ó 25%, despois de darlle unha resposta exhaustiva a todo o que vostede planteou. Era a súa interpretación.

Hoxe presenta unha moción con catorce puntos, e algúns dos puntos con varios apartados. É fisicamente imposible que eu lle poida contestar a todo o que vostede enumerou de pasada, practicamente leu, do que é a súa moción.

Non sei qué pretende con isto. Non sei se se esconde, se se agacha algo detrás desta extensión, tanto na interpelación como na moción, para intentar demostrar que non se está facendo nada, intentar crea-lo ambiente ou a imaxe de que non se está facendo nada de cara á xuventude, cando é xustamente todo o con-

trario, e eu, no pouco tempo que teño, vou intentar demostralo.

Primeiro, vostede falaba o outro día, e fala tamén aí, na exposición de motivos, da falta de normativa legal. Pois mire, eu téñolle que dicir que á parte da Lei 2/1987, do 8 de marzo, do Consello da Xuventude de Galicia, desde que se creou a Consellería de Familia e Xuventude, creouse a Comisión Interdepartamental da Xuventude, regulada polo Decreto 144/1996, do 17 de abril, para o tratamento global dos temas de xuventude, que é a que —o que lle dicía o outro día a señora conselleira— permite que se fagan políticas integrais de xuventude. Esta Comisión Interdepartamental réunese como mínimo unha vez ó ano, presidida polo Excmo. Sr. presidente, e funciona en comisións técnicas, que o ano pasado se reuniron en nove ocasións; non como di vostede, que non se reúnen. Unha cousa é o plenario e outra cousa son as comisións técnicas de traballo, que se reúnen con moita máis frecuencia, e que son as que posibilitan que se estea facendo a política que hoxe reconece todo o mundo, agás, ó mellor, algunha asociación illada, como pode ser a que vostede ó mellor representa, que desde outra óptica, e seguramente ese é o reflexo da interpelación e da moción, intentan dicir que non se está a facer nada para a xuventude, cando é xustamente todo o contrario.

*(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)*

Como lle dicía, a Comisión Interdepartamental da Xuventude fai unha das cousas que vostede solicita xa en primeiro lugar, políticas integrais de xuventude, porque é a que agrupa as distintas consellerías, a Fegamp, o Consello da Xuventude Galega, etc.

O Decreto 243/1998, do 30 de xullo, regula a rede galega de información e documentación xuvenil, que derogou o Decreto 53/1994, xa tamén creado pola propia consellería, de creación da dita rede galega de información e documentación xuvenil, Plan de emprego xuvenil, etc. En normativa lévase feito algo en moí poucos anos, e faise enchendo un baleiro que antes si existía; hoxe non pode falar vostede diso.

Mire, voulle dar unhas pinceladas e despois faleille das actuacións propias da Consellería de Familia, Muller e Xuventude, da que é responsable a señora conselleira, que é realmente a que está a dirixir

e a marcar esa política, pero, evidentemente, en temas que toca vostede na moción... Por exemplo, vostede pide un Plano de incorporación dos xoves á agricultura. Fala concretamente de incentiva-la instalación de novas explotacións agrarias por parte da mocidade. A Consellería de Agricultura e Política Agroalimentaria incentiva a instalación de agricultores mozos en explotacións agrarias indirecta ou directamente, a través de programas de formación, capacitación e fomento de investimento nas explotacións agrarias. No marco do programa de melloras estruturais, concretamente, no Real decreto —seguramente o señor López o sabe perfectamente— 204/1996, aprobáronse axudas o ano pasado para a primeira instalación de agricultores mozos, en 1997, a 649 persoas, cun investimento de 1.755 millóns de pesetas, cunha subvención de 1.358 millóns de pestas por parte da Xunta de Galicia. A 262 persoas, por un investimento de 574,2 millóns, cunha subvención directa de 550 millóns e unha bonificación ós xuros de 3,2 millóns. Destes novos agricultores, o 57,8% son mozos e o 42,2% mozas.

A Xunta de Galicia ten constancia da necesidade do relevo xeracional nas explotacións agrarias galegas para mante-la actividade agraria no sector, para manter e desenvolve-la capacidade productiva do mesmo e para acadar-la competitividade e viabilidade do maior número de explotacións posible. Nesa dirección van tamén as axudas citadas, pero co obxectivo máis específico de fomentar o relevo xeracional, xestionándose axudas ó cesamento anticipado da actividade agraria. Ó longo do ano 1997 producíronse 1.629 cambios de titularidade de explotacións, das que a meirande parte corresponden a xoves.

E aí xa lle digo algo. Vostede dixo na súa última intervención: "Non me digan que non a van votar porque o que pedimos xa se está facendo, porque é falso". Pois non, mire, non é falso, é falso o que dicía vostede. E como esta medida, eu pódolle ler —como esta que lle acabo de ler concretamente, que era o punto 5 da súa moción— tamén o punto 6, no que se refería á pesca. Vostede falaba da incorporación da mocidade en condicións dignas ó sector pesqueiro. A Consellería de Pesca mantén tres escolas náutico-pesqueiras, Vigo, Ferrol e Ribeira, esta de recente creación, que foron remodeladas e reequipadas integramente, dúas en 1990, e a de Ribeira creada en 1993, e que teñen rango internacional, auténtica altura, e vos-

tede sábeo. Creouse tamén o Instituto de Formación e Acuicultura da illa de Arousa, que veu enche-lo baleiro existente na formación desta disciplina. Desenvolvéronse programas de formación continuada nos portos, como os de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente, mecánico de litoral, radiotelefonista naval, competencia de mariñeiro, etc.

No que se refire ó marisqueo, o propio decreto que regula o permiso de explotación contempla a posibilidade de reservar ata un 10% das prazas dispoñibles para os xoves. Por outra parte, os programas de renovación da flota dispostos pola Xunta de Galicia esixen unha mellora substancial en tódolos aspectos relativos á seguridade e habitabilidade a bordo, que contribúe de xeito determinante a elevar as condicións de dignidade que demanda vostede, a súa señoría, na súa moción.

Noutro punto falaba da redacción dun Plan de seguridade e hixiene para a mocidade. Efectivamente, os datos de sinistralidade laboral en Galicia, correspondentes ó ano 1997, indican que no intervalo entre 16 e 19 anos —hai seis intervalos para clasificalos— se rexistraron un 5,5% dos accidentes, no de 20 a 24 anos e o 15,3% no de 25 a 34 anos. Pero se se comparan cos datos estatísticos nacionais, obsérvase a concordancia case exacta, xa que para estes novos intervalos de idade as porcentaxes son practicamente iguais. ¿Por que? ¿Por que ocorre isto? Pois con base nos datos comparados, a maior incidencia de accidentes entre os traballadores máis novos é un feito xeral e non exclusivo de Galicia. Entre as causas que poden explicar a maior incidencia dos accidentes de traballo entre os traballadores máis novos cabe sinalar a mobilidade no emprego, o menor coñecemento dos riscos e das prácticas de traballo seguras, un menor coñecemento e experiencia no uso e manexo de máquinas e equipos de traballo potencialmente perigosos, etc.

Mire, educación sexual no ensino. Na educación infantil, de 0-6 anos, no currículo de educación infantil, no bloque de contidos "concienciación de si mesmo", faise referencia ó coñecemento do corpo, de forma global e segmentaria, e á estimulación dos sentidos. Na educación primaria, de 6 a 12 anos, na área de coñecemento do medio natural, social e cultural, no bloque "o ser humano e a saúde", aparecen os con-

tidos relacionados coa educación sexual. Así mesmo, o deseño curricular base da educación primaria presenta unhas orientacións didácticas para o tratamento dos temas relacionados coa educación sexual naqueles bloques de contidos que así o requiren.

Na educación secundaria obrigatoria, ESO, de 12 a 16 anos, o currículo na área de ciencias da natureza inclúe un bloque de contidos denominado "o ser humano", no que aparecen contidos que fan clara referencia á educación sexual.

Podía continuar así. No Sergas, pois tamén, tanto na actividade informativa nos centros de saúde, como nos novos centros de atención primaria, como na actividade asistencial, o Sergas ten unha rede de centros de atención familiar que cobre toda Galicia. Na Coruña dous centros, Santiago, Ferrol, Lugo, Burela, Monforte, etc. Desde o punto de vista do Sergas non é precisa a creación dunha rede de centros xuvenís de sexualidade e anticoncepción ó estar xa creada, señor Lobeira.

*(Ocupa a Presidencia o seu titular.)*

E vou concretamente cos temas propios da consellería. Eu pódolle ler un relatorio que contradí exactamente todo o que vostede acaba de dicir.

Asociacionismo. Mire, número de asociacións no ano 1996, 567; no ano 1998, 672. Entidades prestadoras de servizos á xuventude, no ano 1996, 178; no ano 1998, 216. Totais, no ano 1996, 745; en 1998, 888. O incremento é enormemente sensible, salta á vista, máis de 140 asociacións. Presuposto dirixido ó desenvolvemento do movemento asociativo xuvenil. Pois mire, no ano 1996, 186 millóns; neste ano, 221. Axudas a concellos para equipamento e para actividades de información ós xoves, no ano 1996, 68 millóns; no ano 1998, 100 millóns de pesetas. Financiamento dos consellos de xuventude: xa lle dicía o outro día a señora conselleira que estamos por riba de comunidades como Castela-A Mancha, como Madrid, etc., comunidades que podía parecer a priori que tivesen máis peso. Pois mire, Madrid dálle ó Consello de Xuventude 23 millóns; Castela-A Mancha, 20 millóns; Cataluña, 20 millóns; Galicia, 25 millóns de pesetas.

Axudas e subvencións. Eu teño aquí a morea de preguntas que vostede lle ten feito á consellería, máis de sesenta e tantas preguntas, faría falta unha dirección xeral para vostede só, para responderlle ás preguntas que vostede fai. Si, señor Lobeira. E, concretamente, nunha que vostede fai, vostede pediu e déuselle todo. As asociacións que se subvencionaron. Pois mire, depedendo dos tramos, nun caso aquí hai 210; noutro, 200; noutras, o incremento da cantidade é maior ou menor porque non tódalas asociacións desenvolven a mesma actividade. E voulle dar un dato curioso, que si lle interesa, só se lle denegaron a dúas, por non xustifica-la subvención do ano anterior. E interésalle saber este dato, señor Lobeira, porque o ten, pero quérollo facer público: unha das dúas organizacións xuvenís que foi incapaz de gasta-lo que lle concederon no ano 1997 foi a CIG-mocidade. Vostede xa o sabe, pero dígollo publicamente porque tamén é digno de resaltar. Como xa está acesa a luz vermella, si lle podo dicir tamén que coa política en infraestruturas se levan feito máis de 90 centros socioculturais, onde ademais hai actividades para que estean tódalas xeracións, xoves e menos xoves, os xoves e os que non son xoves, e que poidan compartir neses centros socioculturais, en colaboración coa Consellería de Cultura e coa Consellería de Servizos Sociais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor deputado.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** ...—si, señor presidente—, máis de 90 centros desde que existe a Consellería de Familia, construídos ou equipados. Máis de 90 centros, fíxese o dato. Eu podíalle dar... Realmente lámentoo, como lle dicía, pero unha moción que vostede presenta, con catorce puntos, é imposible de contestar en dez minutos. O que si lle podo dicir é que, seguramente, para un segmento da xuventude, que é ó que vostede representa, seguramente vostede plantexa estas reivindicacións que nos trouxo aquí a súa moción. Eu linlle só cinco puntualmente, e demostrílle con feitos que era falso o que vostede dicía aquí, xusto ó contrario do que vostede dicía. Por esas mesmas razóns, señor Bieito, nós ímoslle votar en contra desta moción.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Rodríguez.

Ten a palabra o señor Lobeira Domínguez para a rolda de réplica.

**O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:** Señor Rodríguez Pérez, eu intento defender aquí un programa, o do Bloque Nacionalista Galego, e non unicamente un segmento da sociedade.

Señor Rodríguez Pérez, a estas alturas eu podo respectar os gustos televisivos de cadaquén. Ata certo punto, porque cando se converten en obsesións enfermizas, despois de —supoño eu— dixerir capítulos de Beberly Hills, de Melrose Place, desa visión idealizada da mocidade, e decatármonos de que vivimos nun país no que na mocidade hai desemprego, hai precariedade no posto de traballo, hai sobreexplotación da mocidade "legal", con empresas de traballo temporal, no que hai dificultades para acceder ao ensino, non só ao superior senón tamén ao medio en determinadas especialidades ou ciclos formativos; hai alienación cultural da xente nova, hai problemas de drogodependencia, e vostede presenta un panorama que non ten nada que ver con isto.

Mire, nós presentamos —xa lle dixen— trece ou catorce medidas, que a min, por certo, me deu tempo a defender, vostede di que non, e curiosamente non falou das mesmas cuestións das que non falou tampouco a señora conselleira. Por exemplo, tema servizo militar, vostede nin o comentou, e do outro si que vou entrar en matizacións.

Despois do terríbel esforzo, señor Rodríguez Pérez, de que vostede lera o que lle escribiron, o que lle escribiu —imaxino— a señora conselleira, si lle quería matizar o seguinte. Comisión Interdepartamental. Efectivamente, unha reunión de pleno por ano. E preguntome eu, ¿esa Comisión dispón dun plano integral para saber cómo actuar ou para saber cómo está a situación? Non, non ten ese plano integral. Nós plantexamos que se dote a mocidade dese plano integral e con participación da propia mocidade. Vostedes din: Non. Entón, non está feito e non o queren facer. ¡Pois dígao así!

Tema da sinistralidade. Claro, o problema é que como estamos exactamente na mesma liña ou coa mesma taxa que a media do Estado, pois resulta que non pode haber un plano específico. ¿Vostede dáse conta da gravidade desa afirmación? Ou sexa, nós

imos a remolque, mentres non teñamos máis mortos non temos por que actuar; non temos por qué facer iniciativas tendentes a corrixir esta situación. Tamén lle digo unha cousa, que a estrutura económica, e polo tanto o mercado laboral de Galicia, non ten nada que ver coa estrutura económica e co mercado laboral do Estado español. E hai sectores específicos, como a pesca ou a lousa, que rexistran unha taxa de sinistralidade brutal entre a xente nova, nos que a Xunta de Galiza non actúa. Nós plantexabamos que si, que actuase; vostedes din que non. Pois deféndano por aí adiante, se é que teñen ganas ou valor como para facelo.

No tema da sexualidade, eu é que non sei. Teño escoitado neste Parlamento, en Comisión, doutros responsábeis da Administración autonómica, que, efectivamente, no futuro se porían en marcha programas para o ensino, que neste momento non os hai; quitando o tema ese, recorrente, que tamén había no franquismo, en ciencias naturais: "*El hombre*". Efectivamente, o aparato dixestivo, ¿pero é iso información sexual nuns tempos nos que tamén hai estatísticas que afirman que a xente nova o primeiro contacto informativo que teñen en relación coa sexualidade é a través ou ben de revistas ou a través dos amigos? E logo pasa o que pasa, e logo temos esa taxa de embarazos non desexados entre adolescentes galegas. Pois vostedes din: Non. Perfecto, pero deféndano tamén por aí.

E, por certo, na cuestión da rede asistencial en materia de anticoncepción e sexualidade, expliquen tamén vostedes as razóns do estrangulamento e do torpedeo do Centro Xove de Anticoncepción e Sexualidade, que aquí no Parlamento, nesta e na anterior lexislatura, tamén os temos chamado á orde. Pois vostedes seguen dicindo non.

Asociacionismo. Vostede vén cun número de asociacións que é impresionante. Mire, a estas alturas, o censo de asociacións xuvenís recoñecido pola señora directora xeral de Xuventude na actualidade non está actualizado; non se sabe neste momento qué asociacións xuvenís existen. Eu pódolle dicir asociacións xuvenís que deixaron de existir hai dez anos e que forman parte dese censo oficial, e pódolle dicir qué entidades —que supoño que serán moi meritórias, pero que non son xuvenís— participan dese censo. Por exemplo, o Círculo de Xordos de Vigo ou da Coruña

e Cáritas Interparroquial polo país adiante forman parte dese censo.

¿A vostede parécelle que ese censo é digno de que, efectivamente, se poida facer, con base neses datos, unha radiografía do movemento asociativo xuvenil? Loxicamente, non. Mire, fale vostede desde o escano... O máis lamentábel á hora de que lle digan a un que non a unha moción destas características é ter como contrincante unha persoa, un deputado, con toda a dignidade que vostede queira, pero que non ten nin idea do movemento xuvenil galego, que non sabe o que acontece na práctica, na dinámica, nos problemas que a cotío teñen as organizacións xuvenís.

E paso ao tema de subvencións, para rematar, que se me acende a luz vermella. Mire, á parte de que esta é a consellería máis subvencionadora de todos os departamentos da Administración galega, tamén lle digo unha cuestión con base nesa mesma resposta que vostede me insinuou desde este estrado, é a seguinte. ¡Home!, pois seguirei facendo preguntas, as que fagan falta, para enteirarme de cántos cartos reciben todas e cada unha das asociacións xuvenís, porque o que non é de recibo —e xa o dixen hai quince días— é que me respondeste sistematicamente que as seguintes asociacións recibiron máis de 500.000 pesetas, sen estar acoutado, ou como moito acoutado no infinito, suponse. ¿Canto recibiron?, ¿3 millóns, 3.000 millóns, 500.000 millóns? ¿Iso é unha resposta? ¿Iso é transparencia informativa do Goberno galego? E vostedes din: "Non". Pois, ¡alá vostedes!

E, señor Rodríguez, non mire tanto a televisión e mire máis o país.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Posicionamento respecto da emenda.

Señor Lobeira, ¿accepta a emenda? (*Asentimento*.)  
O señor Lobeira acepta a emenda.

Ponse a votación a moción, incorporándolle a emenda que foi presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; votos en contra, 40

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada a moción.

**COMPARECENCIA DO SR. CONSELLEIRO DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS, POR INICIATIVA DOS GG.PP. DOS SOCIALISTAS E MIXTO, PARA EXPLICA-LAS IRREGULARIDADES ACAECIDAS NA CONVOCATORIA DO DÍA 1 DE SETEMBRO DE 1997 PARA CUBRIR CATRO POSTOS DE XEFES DOS SERVICIOS DA UNIDADE ESPECIALIZADA DE ONCOLOXÍA MÉDICA, APARATO DIXESTIVO, REUMATOLOXÍA E NEFROLOXÍA NO COMPLEXO HOSPITALARIO UNIVERSITARIO DE SANTIAGO.**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE E SERVICIOS SOCIAIS (Hernández Cochón):** Señor presidente, señoras e señores deputados, comparezo, como se acaba de dicir, a petición de dous grupos, o Grupo Mixto e o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, e a verdade é que pouco teño que dicir, porque a comparecencia é para explicar irregularidades nun proceso de selección, e realmente non houbo ningunha irregularidade. Houbo, iso si, controversia ou conflito entre persoas que lexitimamente pensaban que lles debería corresponder unha destas prazas, e a adxudicación fíxose pola persoa que o ten que propoñer, pola persoa que o ten que nomear. Volvo insistir, trátase exclusivamente dunha controversia ou dun conflito que, ademais, é un conflito que xa está nos tribunais. Hai un recurso contencioso administrativo e realmente a verdade de todo este tema será, ó final, o que diga este Tribunal do Contencioso Administrativo.

Nós, desde logo, pensamos, volvo insistir, que non houbo ningún tipo de irregularidade, pero tamén insisto en que será o tribunal o que ó final diga quen ten a razón.

En calquera caso, saben as súas señorías que se trata de prazas de libre designación e ademais con



destino provisional. A libre designación, evidentemente, non é da-la praza a quen queira o tribunal, senón que deixa un certo grao de discrecionalidade para a adxudicación destas prazas entre os que cumpren os requisitos da convocatoria, que son requisitos taxados e perfectamente establecidos. Hai un procedemento para a provisión de prazas de xefatura de servizo con carácter definitivo e hai outro procedemento, que é un procedemento parecido, pero non é o mesmo, para a provisión de prazas en cobertura provisional. Recórdolle que para a provisión definitiva a normativa que rexe é unha Orde do Ministerio de Sanidade e Consumo, do 5 de febreiro de 1985, que foi ratificada anos máis tarde, o 25 de xaneiro de 1991, polo Real decreto 118.

Para a cobertura provisional, que é o caso que nos ocupa, rexe a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos, Subministración e Instalacións, do Ministerio de Sanidade e Consumo, do 20 de febreiro de 1990, que foi habilitada para os organismos dependentes do Sergas por outra Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Sergas, do 18 de setembro de 1992. De acordo cos informes técnicos que eu teño —é evidente que eu non participei nesta adxudicación—, seguiu-se escrupulosamente a normativa contida nesta última resolución.

Trátase de prazas indubidablemente moi importantes; son prazas de xefes de servizo dun hospital tan importante como é o Hospital Xeral de Galicia. Despois de que o Comité de Credenciais informa destas prazas, faise unha proposta por parte do xerente xeral do complexo hospitalario, e despois é a Dirección Xeral de Recursos Humanos a que estende o nomeamento. Pero así pasa con calquera oposición ou concurso, o que pasa é que nas oposicións e concursos non existe a discrecionalidade da provisión do sistema de libre designación, pero, polo demais, a autoridade convocante e a autoridade que dá o nomeamento e que asina o nomeamento non é a mesma que a que fai a proposta nin a que examina tanto os méritos como os coñecementos, en caso de que exista un tipo de exame.

O que ocorre é que para cada praza destas hai varios aspirantes, e soamente pode ser un o designado. Tamén é certo que tódolos aspirantes tiñan méritos dabondo para seren elixidos xefes de servizo, pero

volvo insistir en que soamente se pode designar un. Polo tanto, os outros, que teñen méritos tamén, pois poden pensar —e neste caso pensárono con toda lexitimidade— que lles correspondería a eles e fixérono o que se debe facer nestes casos, recorrer ante a xurisdicción contenciosa administrativa, volvo insistir, con toda lexitimidade, coa mesma lexitimidade que ten a Administración, para interpreta-la normativa e actuar do xeito que vulgan máis correcto posible.

Naturalmente, existen no expediente informes de todo tipo, informes técnicos, informes xurídicos, que avalan a resolución que se tomou neste momento e os nomeamentos. Eu, como non pode ser doutra maneira, teño que facer caso do que din os técnicos da consellería e xente responsable e, polo tanto, non podo facer outra cousa que guiarme polos informes técnicos que o persoal da consellería, o persoal competente, emite no seu momento e pon á disposición deste conselleiro.

Pero eu quero resaltar que tanto as persoas nomeadas como as persoas que non puideron ser nomeadas, pola circunstancia puramente numérica de que había unha soa praza e varios aspirantes, todas teñen unha altísima cualificación. Eu creo que neste momento, tal e como están as cousas, soamente queda esperar á resolución xudicial, porque, como dicía ó principio, esa vai se-la verdade do tema; eles son os que van interpreta-la lexislación, eu creo que coa máxima garantía e a máxima cualificación. Polo tanto, esperemos a que isto se produza e veremos nese momento quen tiña razón, se os recorrentes ou a Administración.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras, polo Grupo Parlamentario Mixto, que foi o solicitante da comparecencia.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Señor presidente, grazas.

Señorías, señor conselleiro, permítame que lle diga que é proverbial; eu diría que a súa cara dura é cósmica e que vén vostede facer a este Parlamento unha demostración de prepotencia, do espírito de impunidad

co que actúa a Administración pública galega, e particularmente a Administración sanitaria, impropia dunha democracia. Vén vostede negalo evidente. Di que pouco ten que dicir e faise así cómplice de irregularidades, seguramente de prevaricación de altos funcionarios da súa consellería, e vostede é cómplice ou non está informado, o cal é peor, moito peor.

Non é certo, señor conselleiro, que haxa só un proceso contencioso administrativo, hai unha querela criminal, e altos cargos da súa consellería, particularmente un alto funcionario, como é o director xeral de Recursos Humanos, e o xerente do Hospital Xeral de Santiago, da Universidade de Santiago, están implicados como imputados, non como testemuñas, como imputados, nun proceso penal. É dicir, vostede coa súa compracencia e eles con feitos delictivos que demostrarei politicamente, que é o que corresponde neste Parlamento, meteron a Administración pública sanitaria como imputada nun proceso penal. E como vostedes cerran todo o camiño de diálogo democrático, de canle de control democrática, mesmo se intentan burlar do Parlamento —neste caso e noutros, non é só vostede en solitario—, a xente ten que recorrer ós tribunais, e seguramente haberá máis imputados en procesos non administrativos, señor Cochón, en procesos penais. E se vostede non toma hoxe medidas ante a demostración que faremos diante desta Cámara, vostede, ó máis alto nivel, implicará como imputada a cúpula dirixente da Consellería de Sanidade, empezando por vostede. E se ese tribunal en proceso penal *falla* non me diga vostede que non pasa nada, ¿quen ten razón un ou o outro? Se fallara ten vostede que dimitir porque implicou como imputada a Administración nun proceso criminal.

Esas son as situacións, non hai un proceso administrativo no que uns señores din que teñen razón e loitan polos seus dereitos. Polo tanto, vimos aquí ver e tratar feitos extraordinariamente graves; graves, primeiro, porque hai irregularidades, mesmo prevaricación documentada que eu lle presentarei agora e lle entregarei no escano para que a utilice. Vese que vostede ou a ignora ou os seus subordinados non lla dan.

Segundo. Actúase con desprezo, neste caso, de toda legalidade, dos dereitos dos demais concursantes e da igualdade de oportunidades diante da lei.

Terceiro. Meten vostedes a consellería nun proceso penal e como imputados a dous altos cargos.

Cuarto. Dáse isto nun contexto político no que os tribunais de oposicións e as comisións de selección de persoal están todos baixo sospeita pola súa actitude, pola actitude do Goberno. Algúns non están baixo sospeita, é evidentemente clara a súa irregularidade: a Deputación de Lugo, o que acaba de pasar en Vigo, etc. Decía o señor Fraga o outro día que cando se vexa, non se sospeite, aínda que a evidencia sexa clara, que se vaia ós tribunais. Pois aquí xa están vostedes nos tribunais, e ademais perfectamente documentados. Vostede comprenderá, señor Cochón, que non hai ningún xuíz que, se non hai indicios moi claros, admita como imputados a dous altos cargos da Administración, non como testemuñas, como imputados. Ningún xuíz penal faría iso. Polo tanto, non reste vostede importancia nunha intervención de cara dura cósmica ante este Parlamento.

Estase producindo tamén un proceso, e hai que insertalo, de desmantelamento da sanidade pública. Vostedes van nomeando os submisos, non os profesionalmente máis capacitados, e están vostedes producindo un efecto de desmoralización impresionante na nosa sanidade pública, nos nosos hospitais. Todo ese conxunto de problemas político-xurídicos son os imputables e os que poñen de manifesto este caso; non estamos, pois, ante un caso illado, senón ante o paradigma de cómo está funcionando esta Administración pública, en particular a Administración sanitaria.

Pero imos ós feitos, señor Cochón, non ós discursos, ós feitos probados, insisto, que, sen os seus indicios claros, non hai ningunha xuíz que admita como imputados a dous altos cargos da Administración. Iso obviouno vostede ¿verdade? Sabe que a práctica xudicial é así.

Pois, moi ben, convócanse catro prazas de xefes de servizo, que, como todos sabemos, son decisivas na marcha dun hospital, non é calquera cousa. Di vostede que de libre designación. Claro, de libre designación entre aqueles que cumpran as bases do concurso, ¿verdade? E vostedes editan unhas bases do concurso nas que, como non había normativa específica galega, van ó dereito supletorio do Estado que vostede nome-

ou. Si, si, ¡home!, se está firmado iso polo director de Recursos Humanos. ¡É igual! Xa lla darei logo. Está publicado no diario *El País* e di o seguinte —perdoe vostede que llo vou ler para que non haxa dúbidas—: "Catro prazas de xefe de servizo para a Consellería de Sanidade". Din en castelán: *"Médico especialista en el correspondiente área, con praza en propiedad en hospitales de la Seguridad Social o en hospitales con programas acreditados para la docencia en las especialidades convocadas por un período mínimo de cinco años"*. Habería que ser, polo tanto, propietario da praza en propiedade e especialista como mínimo durante cinco anos. Tódolos que tivesen estas características poderían concorrer, e de entre eles poderían libremente designar. O que non pode vostede é designar a quen non cumpre esas características, os requisitos das bases, e vostedes nomearon polo menos dous xefes de servizo que non cumpren esas bases; está acreditado que non as cumpren, e mesmo na documentación que recibiu a consellería eles mesmos acreditan que non as cumpren. Polo tanto, a libre designación é soamente entre aqueles que cumpren os requisitos das bases de convocatoria, non entre os que a vostede lle dea a gana ou ó señor don Valeriano ou ó señor Ariza. Entre eses si hai libre designación, pero vostedes designaron a aqueles que non cumpren esas características, que non as cumpren.

Houbo unha ausencia total do procedemento administrativo: nin baremos, nin listas de admitidos nin de excluídos, nin comisión de credenciais con ningún especialista no caso de oncoloxía médica e de dixestivo, que son as prazas que nos ocupan.

No caso de oncoloxía médica, o nomeamento é claramente irregular, señor Cochón. Hai unha advertencia á xerencia do hospital e a Recursos Humanos do Sergas, mediante documento, con rexistro de entrada, da irregularidade, non é un erro. Ó que se lle dá non ten praza en propiedade no Sistema Nacional de Saúde; está demostrado na lista de admitidos para acceder a unha praza en propiedade no *Boletín Oficial do País Vasco*. ¿Entende o que quero dicirlle? ¿Sabe de qué estou falando, verdade? No País Vasco, na data que lle digo agora, o *Boletín Oficial do País Vasco* convoca para o Servicio Vasco de Saúde, mediante Resolución 3-2, do 18 de 1997, as probas selectivas para o acceso á condición de persoal estatutario na categoría de médico especialista, e, entre outras especia-

lidades, para a de oncoloxía médica. E entre as súas bases figura que non poderán participar nin na quenda libre nin na quenda de promoción interna aqueles aspirantes que teñan posto en propiedade da mesma categoría e especialidade. E a quen lle se adxudica aquí en Santiago a praza opta a esas oposicións e sae admitido no *Boletín Oficial do País Vasco*, porque non tiña esa especialidade, señor Cochón. Alí admítieno porque non a ten e aquí dáselle violando as bases da propia convocatoria da Xunta de Galicia. Neste caso é, ademais, unha muller a discriminada. Quero pensar que non hai discriminación de sexo, non o afirmo, quero pensalo, porque é a única muller, simplemente era unha profesional independente e non era unha persoa submisiva como as que queren vostedes para privatizar a sanidade pública.

Pero no caso de dixestivo a cousa é arrepiante, señor Cochón, porque ten características similares á anterior. Primeiro, a presentación da documentación para optar á praza realízase fóra de prazo, señor Cochón. Está demostrado mediante data de fax existente nos documentos do currículo presentado ante a Administración. Teñen vostedes un documento fóra de prazo e admítieno. Despois está a ausencia de solicitude para concorrer, que é outra das bases indiscutibles. Non solicita o designado concorrer, fíxese vostede ben ata qué punto. No momento da formalización do prazo da presentación do documento para optar á praza non era especialista en dixestivo en España, está demostrado mediante certificación do Ministerio de Educación y Ciencia. Sen embargo, el presenta un documento —eu creo que aquí hai ata falsificación de documento público—, e fíxese vostede o que lle di o beneficiario da praza ó señor Ariza mediante fax: *"Estimado doctor Ariza, tal y como me solicitó en nuestra conversación telefónica del día de ayer, le envío la certificación correspondiente a mi situación contractual durante los últimos cinco años en Alemania. El propio director de nuestro hospital —alemán— ha firmado igualmente la traducción al español que yo he hecho"* —el fixo a traducción— "¿, ya que entiende perfectamente nuestro idioma". Pero, claro, os interesados van ó Consulado alemán e dinlle que llela traduza por medio dun traductor oficial da Embaixada alemana, e a Embaixada alemana e o señor don Martin Esser, cónsul honorario da República de Alemaña en Vigo, di...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, señor deputado.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Si, rematou xa con isto, señor presidente, só un minuto para lela documentación, porque é importante.

Dille que traballou como médico asistente, non adxunto, non especialista, como el traduciu dunha forma claramente maliciosa. Preguntámoslle ó propio Consulado qué quere dicir médico asistente no organigrama sanitario alemán, e non é un especialista, senón que é unha persoa en prácticas, en formación, para acceder posteriormente a médico especialista.

Polo tanto, o adxudicatario da praza foi unha persoa que traduce maliciosamente, falsifica un documento e ademais llo comunica por teléfono, e nótase un *cambalache* entre o señor Ariza e el claramente. ¿Comprende vostede, señor Cochón? Está todo documentado. Seguramente estes documentos non llos deu a vostede o señor Ariza, nin don Valeriano, pero existen e eu voulos dar, compulsados pola Embaixada alemá, polo Consulado en Alemaña.

Polo tanto, vostedes están facendo prevaricación, están imputando a Administración en procesos penais, están avalando irregularidades, e vostede, neste Parlamento, ten que facer tres cousas: unha, suspender esa provisión de prazas e abrir outra vez o procedemento, ante a demostración inequívoca de que é irregular e prevaricadora, señor Cochón. Non pode vostede aquí negar xa máis o evidente...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, señor deputado, por favor.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Segundo. Destituí-los dous funcionarios responsables disto, que, por certo, non só non son destituídos, senón que o señor Ariza, celebrando o cabodano deste desastre, o mesmo 1 de setembro fai convocatoria doutras oito prazas, tres de xefe de servizo e cinco de xefe de sección. E ¿sabe o que di no hospital? Que lla vai dar a quen lle sae de alí. El dío publicamente no hospital. Este é o cabodano deste desastre. Así celebran vostedes a cuestión.

Señor Cochón, se vostede non os destitúe e asume isto ten vostede que dimitir, porque é moi grave, por-

que está avalando vostede prevaricación da súa consellería, demostrada documentalmente. E se non é así, e a pesar de todo, pola maioría que teñen nesta Cámara e a discrecionalidade, da que non dispoñen sequera algúns réximes autoritarios, nós mesmos, como dixen o outro día na Comisión de Economía, ante o desprezo a tódalas institucións, tamén compareceremos nos procesos penais, en concreto neste.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Guerreiro.

Ten a palabra a señora Salazar Bello polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

**A señora SALAZAR BELLO:** Grazas, señor presidente.

Soamente quería aclarar que a comparecencia foi pedida polo Grupo Parlamentario dos Socialistas e polo Mixto; ámbolos dous pedímo-la comparecencia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora SALAZAR BELLO:** De nada.

Señor conselleiro, pedímo-la súa comparecencia ante este Pleno do Parlamento de Galicia o Grupo Parlamentario dos Socialistas porque o tema é realmente grave e porque se pode aporta-la documentación verdadeira para demostrar que son verdade as irregularidades cometidas polo Servizo Galego de Saúde. Desde a Consellería de Sanidade, da cal vostede é o máximo responsable, parece ser que existiu unha convocatoria de catro prazas de xefes de servizo de oncoloxía médica, de reumatoloxía, de aparato dixestivo e de nefroloxía, publicada na data do 1 de setembro de 1997 exactamente, pero non nunha convocatoria como dixi anteriormente vostede, senón nunha convocatoria do Complexo Hospitalario de Santiago, na que se seleccionaban catro prazas de xefes de servizo.

E aquí había uns requirimentos. Exactamente os denunciados presentaron unha documentación na que parece ser que se vía que se producía nese momento unha urxencia de proceso administrativo completo e tamén uns nomeamentos irregulares. Creo que isto,

que se pode demostrar facilmente coa documentación, se pode explicar tamén facilmente. A ausencia do procedemento administrativo débese a que non existía ningún tipo de baremo, non existían tampouco as listas de admitidos nin de excluídos, e unha cousa grave desde o noso punto de vista, e como profesionais máis aínda, é que non había especialistas tanto de aparato dixestivo como de oncoloxía médica na Comisión de Credenciais, cando estes son os especialistas que acreditan realmente esa documentación.

Os nomeamentos dos que se estaba a falar anteriormente nós pensamos que parece claro que son totalmente irregulares. Temos coñecemento de que se lle advertiu ó xerente do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e á Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servicio Galego de Saúde, mediante documento con rexistro de entrada, que as dúas persoas nomeadas, o xefe de servicio de oncoloxía médica e o xefe de servicio de dixestivo, incumprían as bases da convocatoria. Ningún dos dous nomeados tiña nin ten praza en propiedade nos hospitais públicos da Seguridade Social, nos hospitais de programas acreditativos para a docencia nin tampouco en centros de estranxeiros, que non vou entrar no mesmo tema porque xa foi ben explicado polo señor de Esquerda de Galicia. Nestes hospitais ningún deles acadaba os primeiros méritos.

Obviamente, tampouco cumprían a antigüidade requirida, xa que non tiñan praza en propiedade, incluso o xefe de servicio de dixestivo sinala no seu propio currículo, feito por el, que rematou a especialidade en Alemaña en 1996, ou sexa, que non podía cumprir unha das bases. A documentación que enviou fóra de prazo, por fax, para concursar á praza, tampouco incluía a preceptiva solicitude que se demanda.

O nomeado xefe de servicio de dixestivo carece do título de especialista válido en España, e tamén, como xa dixo o señor Guerreiro, existe unha confrontación feita polo Ministerio de Educación na que di que non tiña título de especialista de dixestivo. Tanto no caso de oncoloxía médica como no de dixestivo existiu falsidade de documentos públicos por parte das dúas persoas nomeadas como xefes de servicio de dixestivo e de oncoloxía médica, e nós temos aquí os documentos nos que se pode demostrar esta falsidade.

O xerente do complexo hospitalario tiña coñecemento de todo isto, posto que se lle comunicou por escrito, e logo as dúas propostas de nomeamento. De igual xeito, a pesar de comunicarlle por escrito as irregularidades, o director xeral de Recursos Humanos nomeou a ámbolos dous xefes de servicio.

Existe aínda unha circunstancia máis que resaltar, como sucede no caso de dixestivo, no cal, hai unha flagrante vulneración da doutrina do Tribunal Constitucional, que di que non se pode discriminar para trata-los iguais como desiguais. Isto quere dicir que se nomearon outros xefes de servicio que pertencían á sección nese mesmo complexo hospitalario, como son os xefes do servicio de cirurxía plástica e o de neurocirurxía. A diferenza é que estes dous eran amigos do director xerente e tamén están unidos por unha mesma ideoloxía política. Para estes non se fixo ningún tipo de oferta pública, como require toda convocatoria que sexa igualitaria.

Todos temos coñecementos das reformas que se están a facer, que se están levando a cabo, desde o Partido Popular, non aquí en Galicia, senón desde o Estado español, no que atinxe ó Estatuto marco dos Traballadores, e tamén temos coñecemento da Lei xeral de sanidade para Galicia que tratará a Consellería de Sanidade de presentar dentro de pouco aquí no Parlamento galego... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, por favor, estoume referindo á comparecencia do señor conselleiro.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sineiro, procure non interromper.

O señor conselleiro ten facultades para estar de fronte ou de costas, como el considere oportuno. (*Risos.*)

**A señora SALAZAR BELLO:** Señor presidente, creo que hai un respecto á deputada que está falando e que non se pode facer iso. Á parte de todo iso...

**O señor PRESIDENTE:** O que non pode face-lo señor Sineiro é interromper.

**A señora SALAZAR BELLO:** E o señor conselleiro tampouco.

**O señor PRESIDENTE:** O señor presidente sabe moi ben o que ten facer. Moitas grazas, señor Sineiro.

Continúe vostede, señora Salazar.

**A señora SALAZAR BELLO:** Gracias, señor presidente.

Tamén desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas coñecemos moi ben a Lei xeral de sanidade para Galicia que en breve van intentar introducir no Parlamento galego para a súa aprobación. Nesta dise abertamente o que a súa consellería tratou de facer. No artigo 92 di: "Os postos de xefatura, coordinación e responsabilidade dos niveis asistenciais de primaria e de especialidade do Sergas proveranse polo sistema de libre designación". O que quere dicir: non á carreira profesional, non ós méritos e non ás capacidades das persoas que demostraron isto; si ós postos de traballo a dedo, si ós fillos de papá, que teñen xeneticamente diferenza co resto, si ós submisos e si a aqueles que queren privatizar.

Pero, señor conselleiro, aquí en Galicia aínda nos rexemos polo réxime laboral ou polo réxime estatutario, polo que hai que cumpri-la lei, e quen non cumpre, sexa un xerente, sexa un director xeral ou sexa un conselleiro de Sanidade, será responsable diso. E isto é o que está sucedendo cos xestores do Sergas. E é bo que se saiba tamén porque hai máis ou menos un ano esta deputada preguntoulle á súa señoría por outra situación similar dos xefes de sección que foron destituídos nos seus cargos e aínda estou esperando que acepte a súa señoría escribi-la contestación sobre este tema. Trátase dos xefes de sección que estaban no hospital de Conxo en funcións de xefes de servizo e que levaban moitos deles catorce ou dezaseis anos facendo o mesmo.

Eu creo que moitos dos sanitarios os votaron porque pensaron que a reforma sanitaria pública era outra cousa. Teñen contra vostedes incluso un antigo conselleiro de Sanidade de aquí de Galicia. Van cara a unha privatización da sanidade pública e están vostedes colocando os seus peóns, exactamente ese é o xogo que están a facer. Vostede sabe o que eu quero dicir. Señorías, este non é o primeiro caso nin o último.

Téñolle aquí, señor conselleiro —feito polos traballadores do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago—, quen van se-los oito xefes, tres de servizo e cinco de sección, na última convocatoria feita tamén polo mesmo xerente e por vostede como responsable desta consellería. Son os nomes dos propios peóns deste xogo, pero isto non é un xogo, señor conselleiro, e non creo que falle nas descrições das persoas e dos nomes.

Unha vez máis, con esta nova convocatoria, volve-mos dici-lo mesmo: non á carreira profesional, non ós méritos e non ás capacidades demostradas anteriormente.

Como todos vostedes saben, señorías, o estatuto xurídico do persoal sanitario aseméllase, en relación cos servizos, ó réxime estatutario funcionarial, e aínda que tamén existen traballadores do réxime laboral, hai expertos en dereito administrativo que din que non ven ningún tipo de obstáculo para que os criterios de participación e custo que se pretenden coa reforma sexan aplicables ó persoal existente no Sistema Nacional de Salud, que tamén quere dicir Sergas, ó que pertence este, sexa cal sexa o seu réxime. E recoñece que o principio falicitaría a xestión hospitalaria, facendo unha unificación do persoal, pero non entende o que significa a flexibilización do persoal. Mais nós, desde a práctica, si que o entendemos ben, porque se chama "cese de todo aquilo que estorbe".

Engade tamén este profesor de dereito administrativo que a produtividade e a eficiencia á que se aspira se consegue con criterios de participación, información e respecto e imparcialidade ó suxeito profesional, cos axeitados instrumentos de fomento da carreira profesional.

Isto, señorías, foi o que nos trouxo hoxe aquí a pedi-la comparecencia do señor conselleiro de Sanidade, xa que desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas non soamente defendémo-las igualdades, os méritos e as capacidades amosadas polos prexudicados, que están aquí hoxe presentes, senón que tamén estamos a defender a tódolos traballadores de tódolos estamentos e niveis do Sergas, que ven que pexa o seu futuro de traballo e a súa carreira profesional, como está pasando cos que denunciaron neste Parlamento as posibles previsións por parte do

Servicio Galego de Saúde. E aquí tamén falla a propia tutela da Presidencia.

Soamente queremos recalcar ben que existiu e que existen documentos que son realmente válidos para dicir que isto é verdade.

Moitísimas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señora Salazar.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor FERREIRO ABELLEIRA:** Gracias, señor presidente.

Señorías, eu penso que un tema deste calado, pois, cando menos, debería facer reflexionar os deputados en xeral, e en particular os deputados que sustentan o grupo do Goberno, é dicir, o Partido Popular. Xa vexo que, pola ausencia, incluso polo pouco interese que teñen, é unha práctica xeral. En todo caso, o que non parece de recibo é que un tema de persoal teña que chegar ao Pleno do Parlamento. Por unha razón, porque se a Administración non ten a autoridade suficiente para parar iso na instancia correspondente, ¡javiados vamos!, porque isto mesmo de hoxe vaixe converter en que mañá poida suceder con calquera tipo de convocatoria.

Había posibilidades, de feito concretamente o BNG tiña plantexada unha pregunta que non foi contestada nin tan sequera reconvertida en resposta escrita, pero iso é o de menos. En todo caso, hai que facer dúas salvidades. Que en ningún dos casos as persoas que inician este proceso demandan exclusivamente unha posición de privilexio ao respecto desa praza, en absoluto; non están a falar en absoluto de que eles teñan dereito a esa praza, están defendendo un proceso de transparencia no propio mecanismo que aquí non se deu. Polo tanto, que quede perfectamente claro. E eu creo que é de aplaudir que persoas deste calibre estean aquí porque moita xente queda no camiño. Esta xente son osos duros de roer.

Pero, en todo caso, permítenos esta comparecencia do señor conselleiro falar un pouco da xénese deste propio proceso, sobre todo porque é recorrente e por-

que nós sempre o estamos demandando, porque se quere instalar cun tipo de práctica, que desde o noso punto de vista é caciquil, a persoas afectas ao Partido Popular, ou polo menos simpatizantes, ou aínda que non sexa así, aos que consideran oportunos, baseándose naqueles que vostedes demandan permanentemente, e din que apelan constantemente ao principio de mérito, publicidade e capacidade. Pero imos falar. Entendemos que este proceso en orixe nace viciado.

Falan vostedes de publicidade. Cando se fai a convocatoria faise en *El País*. Nós entendemos que se é do ámbito de Galicia debería de ser no ámbito do país e vostedes taxativamente o representan en *El País*. Poderían facelo en *El Mundo*, porque, claro *la oferta sería más amplia*, xa que *El Mundo* engloba a máis países. Ben.

En todo caso, o que é verdade é que a publicidade brilla pola súa ausencia, non se sabe quen son os nomes dos opositores, non se sabe nin se publica quen son os comités de credenciais, nin sequera cál é o resultado final dese proceso no que se eleva unha proposta definitiva. Non se publican as actas dese proceso.

Principio de mérito. Fálase dun currículo vitae en abstracto. A nós parécenos que incluso, se se quere caciquear, é moi fácil facer un baremo. Vostedes poden puntuar: o que pertenza ao Partido Popular, 3.000 puntos, o que pertenza a *la Obra*, sexa pinche numérico ou capataz, pois 6.000 puntos, e o que teña tantos anos de servizo acreditados e de especialista, pois 0,15 puntos. E pode ser discutible, pero, en todo caso, hai que ter un baremo referencial para que aqueles opositores poidan dicir: preséntome ou non. Aquí non existen.

Comité de Credenciais. É curiosísimo, no tema que nos ocupa hai doce persoas das que non se sabe o nome, pero é curioso. En oncoloxía e en dixestivo ningún dos membros do comité de credenciais ten a especialidade ao respecto.

Tema de capacidade. Pois igual, haberá que dicir: ¿cales van ser as probas ou cal é o temario referencial para que eses opositores poidan estar, polo menos, encamiñados ao respecto do que poida ser? E pode falarse de todo: ¿de implantación de cilicios? Pois, imos facer unha implantación de cilicios, eu qué sei.

¿De ler a Biblia en verso? Pois de ler a Biblia en verso. Ou polo menos dunha cousa máis técnica, de implantar os parches sor Virginia. E iso é o que terían que facer estes señores. En definitiva, non se di nada, non se di nada. Polo tanto, está viciado na súa xénese, e eu coido que é gravísimo.

Para non incidir xa novamente no que dixeron os outros membros e voceiros dos distintos grupos políticos, eu coido que hai unha cuestión que ten que actuar de oficio, porque cando se detecta por parte das persoas afectadas este tema —estas persoas, algunhas delas, eu non vou dicir que non cumpran as condicións para ir, pero, en todo caso, está acreditado aquí e hai unha documentación extensísima— é cando nese momento se apela á Administración e dise: ¡Oian, coidado, miren que aquí hai unhas persoas que non cumpren isto! E curiosamente parece que unha das persoas, en vez de dicir: damos 48 horas para adxuntar a documentación que non está aquí, pois resulta que o señor Ariza chama por teléfono, nun alarde de atención, a Alemaña, a unha das persoas que curisoamente despois sae elixido, e dille o que dixo o señor Anxo Guerreiro: "Oe, presenta a documentación porque non estás acreditado". E el dille: *"Tal y como me solicitó en nuestra conversación telefónica..."*

Isto contéstallo o opositor que, despois, resulta que é o beneficiado desta praza. E o señor Ariza, que é amabilísimo —habería que preguntarlle ao señor Ariza se iso o fixo con todos os opositores, habería que preguntarllo—, di: *"Tal y como me solitó"* —e volvo reiteralo porque é curiosísimo e gracioso— *"en nuestra conversación telefónica el día de ayer, le envío el certificado correspondiente a mi situación contractual durante los cinco últimos años en Alemania. El propio director de nuestro hospital ha firmado igualmente la traducción al español que yo he hecho"*. Pero ¿isto é de rigor? ¿Vostedes cren que isto é de rigor? É dicir, que fai unha traducción que despois non se xustifica coa que os tradutores oficiais fan a través do Consulado de Alemaña. Polo tanto, isto é un escándalo dunha magnitude que eu coido que hai que resolver inmediatamente.

Respecto da capacidade ou das posibilidades que teñen as persoas para estar aquí, é evidente. Cando se di que se precisan cinco anos de especialidade, que é condición *sine qua non* para presentarse, pois aquí

acéptano, pero en cambio no País Vasco, que é precisamente o contrario, que din que non se pode ter para presentarse ningún ano de especialidade, tamén o aceptan. Pois aí estase falseando a realidade e, polo tanto, aí é cando se suscitan unhas querelas que eu coido que non deberían de chegar aquí.

En definitiva, parece tamén que a Consellería de Sanidade non estivo á altura das circunstancias porque aí manifestouse que o presidente do Colexio Médico está todos os días nos medios de comunicación, e hai un *dossier* importante. Eu coido que hai que saír ao paso, por unha razón fundamental, primeiro, porque se está deteriorando incluso o propio servizo, estamos falando de que iso crea un mal *rollo* dentro dos profesionais que están a falar aí. E eu non teño nada que dicir ao respecto das outras persoas que poñan estar afectadas, pero, evidentemente, a Administración ten que ter resortes suficientes para parar este proceso. E estase a crear un ambiente viciado tamén aí, eu coido que si, sobre todo, desde logo, parece que dar a calada por resposta non é de recibo, señor conselleiro. Porque hai unha cuestión, o que non se pode agora dicir é: pois resulta que ante estas evidencias nós non calamos e asumimos todo o outro proceso, que é o contencioso administrativo e a querela; un proceso administrativo que durará cinco anos. E ben, ¿que vai ocorrer? Que dentro de cinco anos ao mellor non estamos ningún aquí porque non estamos pegados ás butacas.

En definitiva, eu coido que unha administración áxil ten que adiantarse aos acontecementos, e, desde logo, ao señor Ariza, atentísimo, haberá que dicirlle algo, porque non é de recibo que nun proceso selectivo unha das persoas, que é o director xeral, resulta que chama a un opositor, para dicirlle: Oe, muchacho manda aquí a documentación porque tal.

E eu non quero entrar nese *rollo* —porque xa se falou aquí— das acreditacións. Parece ser que non reúnen as condicións. E, polo tanto, se nos imos derivar ao proceso contencioso administrativo e á querela, desde logo, haberá que empeñar, cando menos, o futuro político de cada un de nós ao respecto. Porque qué pasará se resulta que estes señores teñen razón. E falaba moi ben o señor Anxo Guerreiro: non se admite a trámite se non hai indicios, e eu coido que estamos falando dunha querela que é importante.



Polo tanto, e para rematar, eu coido que, dalgunha maneira, hai que retrotraerse neste proceso, sen ningún tipo de problema, para darlle credibilidade á propia Consellería de Sanidade e dicir que aquí non se enchufa a xente, porque este proceso se podería dar en calquera outro establecemento sanitario. Incluso o propio conselleiro, como ben dixo el, non participou neste proceso, pero se el non toma as medidas necesarias no ámbito e na competencia que ten, como máximo responsable, dalgunha maneira é cómplice, e eu coido que debería de actuar de oficio e pedir todo tipo de información. Porque aquí a responsabilidade escócese no Comité de Credenciais, no director xeral de Recursos Humanos, porque se lle pide unha información xurídica ao respecto e, a pesar diso, despois lévase e confírmase a titularidade destas persoas. E, por suposto, o conselleiro, ademais, é o responsable máximo.

Creo que serenamente hai que retrotraerse disto e dalgunha maneira eu tamén lle digo ao señor conselleiro que non é un caso accidental. Nese complexo hai determinadas cuestións que están aí e dígolle que se achegue ao rexistro xeral e verá vostede que hai determinadas, moitas, moitas demandas, de usuarios e incluso de profesionais —que non dubido da súa profesionalidade—, que teñen posto por escrito grandes deficiencias de aquí, e non vaia ser que isto estoupe nas mans e que relamente sexa un tema irreversible. Dígolle que se tome en consideración.

E xa remato dicindo que se anule este proceso e que se empece novamente cunha xénese, como debe ser: principio de mérito, transparencia e capacidade, pero, de verdade, que non se repita o das fundacións, que despois na práctica non é así.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais na rolda de réplica.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS (Hernández Cochón):** Señor presidente, señorías, o primeiro que teño que facer é agradecer moi efusivamente os consellos de tódolos grupos da oposición, agrádezoos, terémolos

en conta e faremo-lo que nos pareza máis oportuno e máis acorde coa xustiza.

Insisten vostedes outra vez nas irregularidades. Eu volvo insistir en que non as houbo. ¿Quen as dictamina?, ¿dictamínaas vostede, señor Guerreiro, ou as dictamina vostede, señora Salazar?, ¿quen dictamina as irregularidades? Eu creo que ningún de vostedes pode impartir doutrina ou dictar sentenza nestes casos, en primeiro lugar porque ningún é profesional e, polo tanto, as súas opinións non ofrecen garantías. Estoume referindo a garantías técnico-xurídicas, non a garantías políticas, que si que as teñen todas.

A verdade é que aquí non haberá máis irregularidades que as que dictamine o tribunal. Se o tribunal dictamina que houbo irregularidades é que houbo irregularidades e, se non, pois, realmente nada. Eu creo que a vostedes lles importan pouco as persoas implicadas, que lles importa pouco o funcionamento dos hospitais e que simplemente tratan de obter un beneficio político, porque, evidentemente, vaian vostedes polos servizos destes hospitais e miren a ver cómo funcionan as persoas nomeadas. Vostede, señor Guerreiro, fala de cara dura. Ben, eu admito que moi branda non a teño, pero vostede, salvo na parte do bigote, que está un pouco máis brandiña, tampouco a ten así excesivamente lustrosa.

Pero xa cando fala vostede de prevaricación e de nepotismo, iso xa me empeza a preocupar. A prevaricación e o nepotismo son parentes seus, porque eu non coñezo nada en absoluto nin teño noticia de que ninguén dos que interviñeron foran familiares nin tiveran ningún tipo de relación cos nomeados.

Vostede está empeñado en que eu teño que dimitir. Cada vez que sae vostede aquí di que teño que dimitir; di que teño que dimitir polo tema das vacas loucas, que teño que dimitir por isto. Eu diríalle unha cousa, imos esperar a que se pronuncien os tribunais e a ver quen dimita. Se vostede está disposto a dimitir como deputado se a sentenza é favorable ó director xeral de Recursos Humanos e ó director xerente do complexo hospitalario, entón tamén estaría eu disposto a dimitir no caso contrario. Pero, ¡vamos!, que sexa eu sempre o que teña que dimitir e vostede pase de rositas por este tema paréceme que non se corresponde coa realidade.

Eu non dixen que só houbo un proceso contencioso administrativo, dixen que había un proceso contencioso administrativo, o cal é certo. Claro que hai un proceso penal, pero "imputado" non quere dicir máis que denunciado. E calquera xuíz ten a obriga de recibila-la declaración como imputado de calquera denunciado, e despois decide se admite ou non a denuncia ou a querela.

Vostede fala de desmantelamento da Administración pública, de que se nomea os submisos, de transparencia... En resumidas contas, que me reafirma vostede na idea que tiña cando subín aquí: vostedes aproveitan isto para facer plantexamentos xerais que non teñen nada que ver coa realidade.

Evidentemente, de calquera deles que fale, eu debo dicirlle que creo que hai xente aquí de prestixio internacional, ademais é xente nova, son investigadores, traballadores, que a moitos deles os disputan en hospitais non soamente de España senón do estranxeiro e que están prestixando o hospital e os servizos. Simplemente mire vostede a actividade realizada por estes servizos nos meses que levamos deste ano e verá cómo supera a actividade realizada nos anos anteriores.

Á parte doutras moitas cousas, alguén dicía —eu creo que era o señor Ferreiro— que se creara un mal ambiente no servizo. Pois en absoluto se creou ningún mal ambiente. Tódolos profesionais do servizo, excepto o recorrente, por suposto, apoiaron decididamente o novo xefe de servizo, dicindo que por fin tiñan un xefe no servizo; é dicir, que mal ambiente en absoluto.

Á señora Salazar a verdade é que non lle podo contestar a nada, porque creo que co que lle dixen ó señor Guerreiro é suficiente. Déronlle os mesmos papeis que ó señor Guerreiro, dixo exactamente o mesmo; polo tanto, vale o que lle dixen ó señor Guerreiro. Unicamente que vostede falou unha vez máis de privatización, e é unha teima que teñen vostedes, pero eu vólvolle insistir en que sabe vostede moito máis de medicina privada e de privatización ca min. Polo tanto, niso si que me pode dar leccións, e pode falar de privatizacións todo o que queira, porque volvo insistir en que vostede ten unha boa preparación en medicina privada.

E, señor Ferreiro, dixo que este tema non debería vir aquí, e eu estou absolutamente de acordo, pero non o trouxen eu. Simplemente eu o que non podo facer —e volvo insistir e volvo expresa-lo meu absoluto respecto pola capacitación das persoas que recorreron ou das persoas que non foron nomeadas porque non había máis que unha praza, xa o dixen ó principio— é desoí-los informes técnicos e xurídicos da miña consellería, da xente responsable da consellería, aínda que se poden equivocar como calquera: pódense equivocar eles, podo equivocarme eu, pode equivocarse o señor Guerreiro ou pode equivocarse a señora Salazar. Pero con esa salvidade, eu creo que acertarei moito máis se me fío dos técnicos, dos magníficos técnicos que hai na consellería, que se non me fío deles e me fío simplemente doutras apreciacións que poden ter matices políticos.

E insisto unha vez máis, eu non coñecía previamente o nomeamento de ningún dos nomeados e con ningún deles me une nin amizade nin parentesco nin sequera concomitancia política, ningún tipo de relación, nin comigo nin co director xeral nin co director xerente do complexo.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor conselleiro.

*(Pide a palabra o señor Guerreiro Carreiras.)*

Señor Guerreiro, ¿que quere, unha intervención? *(Asentimento.)*

Darémolles, entón, unha breve intervención de tres minutos a cada grupo.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Moitas grazas, señor presidente.

Coa brevidade de sempre. Señor Cochón, eu entendo que un político, cando ten responsabilidades de goberno, ten que optar. Se ten un problema interno resólveo, incluso acrecenta a súa autoridade. Eu xa dubido de que vostede teña algunha autoridade na consellería —se quere doulle algún dato—, ten bastante pouca, pero como vai haber unha lei de sanidade, xa lle direi a autoridade que ten vostede na consellería. Pero unha cousa é xa carecer de autoridade, que iso

pode pasarlle a calquera, e outra cousa é facerse cómplice dun delito, señor Cochón.

Mire, vostede di que xa resolverá o tribunal. Pero, ¡home!, ¿que quere dicirnos con isto?, ¿que vai sentado principio político de que calquera queixa dun afectado na Administración, calquera control parlamentario que pida a oposición, se non está nos tribunais, non existe? É que hai outras instancias para depurar as responsabilidades: o dereito administrativo do que vostedes queren fuxir permanentemente no caso da Administración, o control político e a responsabilidade política neste Parlamento e a penal, se a houbese, nos tribunais, como están vostedes.

Polo tanto, é evidente que aquí, houbese ou non houbese proceso penal, témo-lo dereito e o deber, engadiría eu, de controlar —para iso está este Parlamento— a Administración, salvo que vostede xa extrapole a súa visión política e diga que hai que disolver isto. Disolvemos isto e punto, xa está. Se hai un problema na Administración, a este Parlamento, independentemente do proceso penal, correspóndelle depuralo.

Eu acabo de entregarlle un *dossier*, xa non pode vostede aducir ignorancia. É irregular. Non fai falta ser xuristas. Por certo, señor Cochón, prevaricar é dictar unha sentenza ou unha resolución inxusta a sabendas, sexa aparente ou non, e o nepotismo non é só o persoal ou o familiar, tamén hai o nepotismo político; cousa que vostedes practican, xeneralizan e extrapolan a tódolos ambitos. Pero prevaricar é isto, e unha persoa como o director de Recursos Humanos, que ten diante diso unha resolución dos afectados... Por certo, se houbese cidadáns e cidadás desta coraxe cívica, seguro que vostedes non poderían face-lo que están facendo, ¿sabe vostede?, porque saben que esa xente xoga xa a súa carreira profesional, evidentemente señor Cochón, evidentemente, pero teñen esa coraxe.

Polo tanto, díganos vostede qué ten que ver. Vostede sabe que hai unha querela admitida a trámite, que non hai xulgado neste país que admita unha querela deste calibre a trámite se non hai indicios moi fundados, e sobre todo que admita como imputados e os interroge como imputados —que xa os interrogou—; ningún xuíz deste país. Os indicios son evi-

dentos e vostede quere pecha-los ollos e facerse corresponsable. Pois fágase vostede corresponsable, pero está, neste acto político, ligando o seu futuro político ós que acaban de cometer un grave delito de prevaricación.

Remato, señor presidente. Eu pídolle, señor Cochón, que non siga vostede o exemplo doutros conselleiros, que non siga comportándose como un sátrapa. Xa temos aquí a Kin Il Sun sentado na cabeceira deste Goberno, e agora as consellerías parece que son sátrapas. Pero en democracia os sátrapas acaban caendo todos, todos acaban caendo, e vostede está dando un paso nesta sesión parlamentaria que acabará coa súa carreira como conselleiro, como xefe da sanidade galega, con toda seguridade. Pódolle asegurar que así será.

Non teño nada que dimitir. Eu pódome equivocar, pero as miñas equivocacións non prexudican a sanidade pública neste caso, se non, noméeme vostede conselleiro e entón pídame responsabilidade, pero as miñas equivocacións ou as da señora Salazar ou as do señor Ferreiro non inflúen para nada na marcha. Témo-la obriga de face-lo que estamos facendo.

Mire, claro que non debería de chegar isto a este Parlamento, pero o señor Ferreiro non dixo isto, é que chega pola súa incuria, pola súa incompetencia, pola súa complicidade, e é o paradigma do que está pasando. Aquí denunciouse vintese sete veces, con oídos xordos, o nepotismo que está habendo nos tribunais de oposicións, está en todo o país, somos unha vergonza como funcionamento de Administración pública, pero este caso, señor conselleiro, é que está documentado. Por primeira vez collémoslo documentadamente, collémoslo nas patacas no que fan tódolos días, habitualmente. E isto volverá a este Parlamento porque eu acabo de entregarlles, efectivamente, unha documentación que non pode ignorar vostede.

Polo tanto, eu pídolle, para salva-la consellería e salva-la imaxe da Administración, que a vai ligar vostede a un máximo nivel a un proceso penal, que suspenda os efectos desta oposición, que volva abrir con tódalas garantías e de acordo coas bases do concurso o proceso, con igualdade de oportunidades. Segundo, naturalmente que destitúa vostede estes dous funcio-

narios que prevaricaron, e sábeo vostede perfectamente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Se non o fai así e se non lle fai caso a este Parlamento, insisto, tamén teremos que ir nós, como Esquerda de Galicia, a comparecer neste proceso penal como parte *personada*.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra a señora Salazar Bello.

**A señora SALAZAR BELLO:** Gracias, señor presidente.

Señor conselleiro, do seu talante persoal non opino, porque xa sabe a miña opinión sobre vostede, pero o que non estou disposta a admitirle aquí é que diga que a nós non nos importa a sanidade pública, que é exactamente o que a vostede e á súa consellería nos lles importa para nada. Pero non vou entrar nese debate estúpido, que tódolos días saca o mesmo tema, senón que soamente vou dicirle aquí que hai dúas entidades que emanaron do Parlamento galego, que son o Consello de Contas e o Valedor do Pobo, que si fixeron críticas duras e certas que deben de coñecer tamén os deputados do Partido Popular. Exactamente, no que se refire ó Servicio Galego de Saúde, o Consello de Contas presentou 18 partes, delas 6 pertencen ó que se chama persoal, exactamente o 33%, e nas denuncias que se presentaron ó Valedor do Pobo o 33% corresponden tamén ó Servicio Galego de Saúde, e aproximadamente destas o 40% pertencen a denuncias presentadas polos traballadores contra o Servicio Galego de Saúde.

Soamente vou facer referencia a estas normas que foron emitidas polo Consello de Contas, que son recomendacións das deficiencias observadas dentro do Servicio Galego de Saúde: a disgregación de codificación de cadros de persoal, o mantemento dun rexistro autorizado, que non existe, a adecuación de contratacións de persoal ás esixencias regulamentarias, un maior control de absentismo laboral, e, polo que respecta á adscrición de persoal, unha institución distinta.

Ben, soamente vou falar dunha parte importante, porque creo que aquí exactamente é onde vai saberse todo. Di: "Cadros de persoal e provisión de vacantes. Ante a inexistencia dun cadro de persoal orgánico de referencia, o cadro de persoal dotado presupostariamente representa o máximo de efectivos para que se poida cubrir en cada xestión. Obsérvase unha inexistencia dun rexistro de persoal". Establécese que non se adxudicarán prazas por resultados, e despréndese que o número de prazas adxudicadas excede o das convocadas.

"Falta", dentro da contratación do persoal —fíxense ben neste termo—, "de constancia e de titulación académica." Había que revisar ben se todo o persoal sanitario que foi contratado por vostede ten titulación das prazas que está ocupando, porque aquí o Consello de Contas di: "Falta de constancia e de titulación académica correspondente á categoría profesional obxecto da contratación".

E tamén se fala das comisións de servizos, que non vou ler todo, pero vou ler soamente a parte final: "En realidade, trátase de traslados ou de permutas encubertas". Señor conselleiro, non sei cómo pode falar de honradez, non entendo cómo pode dicir que defende a sanidade pública e menos aínda entendo que poida falar de defende-los traballadores. Nós si que defendemos a tódolos traballadores do Servicio Galego de Saúde, e neste caso a comparecencia súa foi solicitada exactamente porque non defendeu os traballadores que demostraron durante moitísimos anos unha función, unha capacidade e uns méritos que foron totalmente anegados por unha contratación de persoal que non ten as garantías máximas das bases que se convocaron para esa praza.

Moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señora Salazar.

Ten a palabra o señor Ferreiro Abelleira.

**O señor FERREIRO ABELLEIRA:** Gracias, señor presidente.

Moi brevemente, porque eu coido que o debate está esgotado.

Mire, señor conselleiro, cando falo de mal *rollo* o que quero dicir é que hai unhas cousas que son evidentes. Eu tiven a oportunidade de falar cos afectados, que están hoxe presentes aquí, e coa persoa que tamén hoxe ten a praza en propiedade, e eu coido que non lle fixo ningún ben a Administración, no ámbito que fose, porque o está pasando fatal. Probablemente el non teña a culpa, e eu non lle boto culpa ningunha, o que pasa que ás veces se crean falsas expectativas e se entende, como aquí se quere instaurar, un modelo absolutamente autoritario que pasa por riba de todas as canles democráticas de control, e despois ocorre que este profesional pois está compartindo corredor, bata e quirófano, e iso é mal *rollo*. E á parte de que dentro do ámbito hospitalario hai mal *rollo*, porque iso —e os que traballamos nese ámbito sabémolo— crea mal *rollo*.

En fin, vostede dicía que coincidía comigo en que isto non debeu de chegar aquí. Pero tampouco non é culpa dos propoñentes que chegara aquí. É unha iniciativa que, dalgunha maneira, introduce elementos de xuízo para pensar que de agora en adiante isto se vai converter como nunha oficina de solucionar problemas que teñen que solucionarse noutros ámbitos. Eu teño que dicir que iso é porque non ten capacidade a propia Administración de parar os problemas no ámbito que lles corresponde. Porque ¿que ocorreu aquí? Ocorreu que aquí se detecta nun momento dado que este proceso puidera ser que fose moi circunscrito a determinado ámbito, pero é que aquí se traslada á propia Administración cando se detecta e ela non actúa de oficio. Polo tanto, non se pode dicir que aquí haxa responsabilidade das persoas que traen aquí este tema.

Pero, en definitiva —e remato xa—, eu coido que vostedes queren facer aquí, na Galiza, un campo experimental, con determinados comportamentos, que eu coido que non son así, e nós temos que defender, precisamente, todo iso que vostedes están a dicir na fase expositiva de calquera documento, como podían ser as fundacións: os principios de mérito, capacidade e publicidade. Con esas salvidades —en ton irónico tamén o dixer—, se queren vostedes adecuarlle incluso o baremo a algunha persoa en concreto fágano, pero non se pode facer así.

En definitiva, tamén puidera ser que fose un caso accidental. Ben, pois imos ver cál é o propósito de emenda que ten a consellería ao respecto. Pois o propósito de emenda que ten a consellería ao respecto é sacar o 1 de setembro de 1998 tres novas prazas de xefe de servizo e cinco de xefe de sección. Pero non as publican nin en *El país*, nin en *El Mundo* nin na galaxia, sácanos no taboleiro de anuncios. Este é o propósito da emenda, e cada un que asuma a súa propia reflexión ao respecto.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Ferreiro.

Ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade e Servizos Sociais.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE E SERVIZOS SOCIAIS (Hernández Cochón):** Si, señor presidente, moi brevemente porque eu de verdade que creo que o asunto xa está esgotado, e practicamente estaba xa esgotado antes de empezar.

Señor Guerreiro, púxome verde, non sei cuántas cousas me dixo, e xa non me deu tempo a apuntalas, pero, en fin, algunha non será certa; ó mellor algunha si, pero algunha outra probablemente non.

Dí que xa resolverá o tribunal. Pero ¿que é o que quere vostede? ¿Vostede quere que, para que non veña aquí unha cousa, calquera recurso que haxa contencioso administrativo —que hai moitos—, lle deámo-la razón ós recorrentes? Ó mellor a teñen, pero non é o que din os servizos técnicos da consellería. Por iso, volvo insistir, lexitimamente acoden ós tribunais e haberá que esperar a que os tribunais se pronuncien, porque non é o único recurso contencioso administrativo. Esa é unha vía de defensa que teñen tódolos cidadáns cando pensan que non se respectan adecuadamente os seus dereitos; é dicir, que eu pouco máis podo dicir.

E á señora Salazar eu non lle dixer que non lle importara a sanidade pública, nunca dixer iso. Eu dixer que vostede sabía moito de sanidade privada, e iso é certo, sabe moito de sanidade privada, non creo que iso sexa tampouco ningunha ofensa nin nada negativo.

En canto ás referencias ó Valedor do Pobo e ó Consello de Contas, vostede dea datos relativos, non dea nunca cifras absolutas porque, evidentemente, o Sergas, a Consellería de Sanidade, ten 40.000 traballadores, ten que ter moito máis volume de conflictividade que unha consellería que ten 1.000 traballadores ou 700. Evidentemente, dea vostede cifras relativas e verá cómo a conflictividade é moi inferior á doutras áreas da Administración, incluso á doutras áreas privadas.

E di tamén que non entende cómo podo eu falar de honradez, que non entende non sei cántas cousas. Parece que son moi poucas as cousas que entende vostede.

O que lle vou devolver é este sobreciño que me deu no que están os nomes dos que van resultar nomeados, valla a redundancia, no próximo concurso, porque eu recoméndolle que, en vez de darme a min, que llo dea vostede a un notario e que o abran despois. Eu creo que esa é a forma de face-las cousas, porque se mo dá a min, a min non me interesa o que pon aquí dentro. Entón, eu recoméndolle que vaia vostede a un notario, que lle deixe este sobre, que lle diga que esas son as persoas que van resultar nomeadas, e entón, se é así, pois volverá vostede actuar, sempre que as nomeadas non sexan as que merecen as prazas.

E, señor Ferreiro, vostede di tamén que xa se esgotou o tema, niso estou de acordo con vostede, e aquí cadaquén a cumprir co seu deber.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor conselleiro. A seguinte comparecencia debaterase ás 4:30 da tarde. Ata entón suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás catro e trinta e cinco minutos.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado de tódolos membros da Mesa, que é asistida polo letrado señor Caride Puente.*

*Ocupa o banco do Goberno o presidente da Xunta de Galicia, acompañado do conselleiro de Economía*

*e Facenda; de Educación e Ordenación Universitaria; de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; de Cultura, Comunicación Social e Turismo e da conselleira de Familia e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude.*

**O señor PRESIDENTE:** Boas tardes. Reiníciase a sesión.

**COMPARECENCIA DO GOBERNO GALEGO, POR INICIATIVA DE DEZAOITO DEPUTADOS E DEPUTADAS DO G.P. DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARA INFORMAR SOBRE AS MEDIDAS POLÍTICAS TOMADAS EN RELACIÓN COAS CONSECUCENCIAS PARA GALICIA DA POLÍTICA ANUNCIADA E OS PROBLEMAS SUSCITADOS NA COMUNICACIÓN AXENDA 2000 DA COMISIÓN DA UNIÓN EUROPEA.**

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda, señor Orza Fernández.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):** Señor presidente, señorías, a comunicación Axenda 2000 resulta ser un documento fundamental para coñecer os planteamentos que se fan para o período 2000-2006 na construción da Unión Europea.

*(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)*

Sen dúbida, o avance para reforza-la Unión, tanto nos aspectos relacionados coa adhesión dos países do leste como nas políticas internas e de cohesión, atopan na Axenda 2000 unha formulación concreta para os próximos sete anos. Estamos, pois, ante unha proposta que resulta en si mesma importante por abordar as cuestións básicas que ten plantexadas Europa e propoñer estratexias de actuación para cada caso.

Como é sabido, o actual período de programación dos fondos estruturais e da previsión da evolución dos presupostos comunitarios remata en 1999, o que obriga, sen dúbida, a que, con anterioridade, se teñan formulado alternativas, que é do que se trata.

Esta nova formulación atópase condicionada, desde o meu punto de vista, por tres obxectivos non facilmente compatibles entre si.

Por unha parte, témo-las incidencias de todo tipo que a ampliación da Unión plantexa, sobre todo respecto das políticas presupostarias e de cohesión ou estruturais, sen meternos a fondo nos temas de carácter político que, sen dúbida, teñen tamén moito calado.

Xunto a isto, atopámonos con dificultades para propoñer aumentos presupostarios para este período, xa que as políticas de axuste que se están a levar a cabo nos países membros, como consecuencia da incorporación á terceira fase da unión económica e monetaria, farían deste obxectivo un obxectivo dificilmente asumible polos estados membros.

Por último, a todo isto, é necesario seguir mantendo e ofrecendo unha política de cohesión no seo dos quince países membros, con independencia dos esforzos que se deben facer tamén neste campo trala incorporación dos novos estados.

Pois ben, a Comisión formula unha proposta a través da Axenda 2000, e esa proposta plantexa o marco financeiro 2000-2006; é posible ese marco financeiro, segundo a Comisión, que parece atopa-la forma de resolverlos graves dilemas ós que antes me refería. En definitiva, é posible que ese marco financeiro 2000-2006 garanta o desenvolvemento das políticas comunitarias, por unha parte, financie o proceso de adhesión dos novos países, por outra, e todo iso se consiga sen incrementa-lo límite máximo dos recursos propios da Unión, que se sitúa —como vostedes saben, como as súas señorías saben— no 1,27% do PNB comunitario.

Estamos, pois, ante un documento estratéxico, que ten que ser analizado con atención, porque contén, como dicía antes, as claves sobre cáles van se-las orientacións básicas en temas importantes, non só para a Unión como conxunto, senón para cada un dos estados membros e dos diferentes territorios destes últimos.

Por outra parte, entendo que este debate debe abordarse —e interésame dicilo dunha maneira clara— sen apriorismos de ningún tipo, ós que, por certo, con algunha frecuencia o BNG é proclive en xeral,

e no caso de Europa en particular. Pretender, como se di na propia solicitude de comparecencia, sentar como algo fóra de dúbida que o tratado de Maastricht contén efectos nocivos sobre as políticas ou sobre os aspectos básicos da economía galega en relación coa presenza de Galicia en Europa como nación, debido ó contexto político-económico da desaparición das fronteiras e da estabilización que tende a beneficia-los países máis desenvolvidos, é, sen dúbida, unha mostra, tal vez, do que acabo de dicir.

Con este esquema dialéctico, con este tipo de afirmacións de ton e carácter un tanto apriorístico, só cabe concluír que a Axenda 2000 resultaría ser un mal menor. E o único que habería que facer ante esta situación sería ver cómo minorabamos unhas consecuencias que, en todo caso, habían de ser negativas. Por iso convén desde o primeiro momento deixar claras algunhas cuestións.

En primeiro lugar, o tratado de Maastricht non ten nada que ver coa presenza nacional galega en Europa. A presenza de Galicia na Unión Europea, e a maior ou menor relevancia xurídica de tal presenza, son asuntos coido que de dereito interno, que dependen da articulación competencial entre órganos centrais e periféricos politicamente descentralizados. Maastricht non incide sobre iso. O que si nos interesa é ter acceso ós órganos de decisión, e niso estase traballando: reforma do Senado, conferencias sectoriais, posibilidade de estar presentes no Consello, etc., con destacado protagonismo de Galicia por parte da Xunta, como as súas señorías saben.

Polo demais, Maastricht consagrou o principio de subsidiariedade, que non é máis que un reflexo da vontade política de procurar un acercamento entre os cidadáns e os centros de poder e que, polo tanto, só pode ser cabalmente entendido como un recoñecemento da peculiaridade de cadaquén.

Fronte á pretendida influencia perniciosa que podería derivarse da pertenza á Unión Europea e do que iso podería significar para a nosa economía —sobre todo tralo Tratado de Maastricht, como se afirma—, cabe destaca-la importancia dos fondos estruturais no noso desenvolvemento económico e a instancia e a insistencia da Xunta para o seu mantemento no marco financeiro da Unión no vindeiro septenio.

Por outra parte, convén sinalar que foi precisamente o Tratado de Maastricht o que regulou por primeira vez —a nivel de dereito primario— a cohesión económica e social, configurándoa como un obxectivo e unha política de converxencia real. Por iso, o Goberno galego defendeu, e segue a defender insistentemente, que alcanza-la converxencia nominal e a moeda única non significan en ningún modo que se cumpra o obxectivo de cohesión. Na Axenda 2000 a Comisión Europea defende esta mesma tese, a pesar de que algúns estados, e o propio Parlamento Europeo nalgunha resolución perdida —por certo, non vinculante—, sosteñen o contrario.

A Axenda 2000 é unha proposta que a Comisión fai ós estados e ás demais institucións comunitarias. É dicir, é un documento de traballo nada máis e nada menos. Non é, polo tanto, un programa xa cerrado. Convén precisar a este respecto que isto facilita ou leva a anoalo á estratexia da Xunta de Galicia, baseada na defensa dos intereses reais e nas actuacións da nosa Comunidade Autónoma.

Desta estratexia hai que destaca-lo seu realismo, que posibilita a obtención de medidas concretas, como a aprobación do informe do presidente da Xunta polo Comité de Rexións, con apoios e acordos de rexións europeas de características socioeconómicas similares ás nosas, fronte a outras alianzas —tal vez máis de contido ideolóxico programático—, con rexións máis ricas que Galicia que, obviamente, van defender intereses non coincidentes cos nosos en relación cos anunciados cambios da Unión Europea, e en especial coa funcionalidade futura dos fondos estruturais e do Fondo de Cohesión, temas claves na Axenda 2000.

Para coñecer con algún detalle as formulacións que se conteñen na Axenda 2000 e, se é o caso, as consecuencias que cabe tirar das mesmas, no caso de España e de Galicia é preciso, cando menos, referirse a tres cuestións: as perspectivas financeiras 2000-2006, a política rexional e os fondos comunitarios e a reforma agrícola.

Analizamos, pois, estes temas desde unha posición que tanto pode interpretarse como descritiva coma ó mesmo tempo como crítica, ou que pretende te-lo ni-

vel de crítica que pensamos necesaria nun debate como o que estamos a celebrar.

Respecto do marco financeiro 2000-2006, os datos básicos dos que se parte na Axenda, e que convén recordar, son os seguintes:

En primeiro lugar, a Comisión basea a súa proposición financeira, en definitiva, o seu escenario financeiro, nun índice de crecemento económico para a Unión do 2,5%, sostido durante todo o período. Ademais, prevé un índice de deflación do PNB do 2%, dato que, en definitiva, soamente é significativo para efectos de comprobar se os gastos agrícolas se manteñen dentro da directriz agrícola.

Para os países candidatos á integración na Comisión fai unha previsión de índice de evolución do PNB do 4%, sempre a partir da incorporación, e plantéxase como ano de primeira incorporación dos primeiros países como unha data tentativa o 2002. O PNB da comunidade ampliada situaríase, polo tanto, como consecuencia da agregación destas dúas magnitudes, en torno ó 2,6% para o período. A aportación máxima —e isto é importante— dos recursos propios ó presuposto mantense no 1,27% do PNB para cada estado membro.

Con este esquema o cadro financeiro situaríase no 2006 nun límite para compromisos de 105.230 millóns de euros —a prezos do 1999—, partindo dun importe de 103.401 en 1999, que supón, polo tanto, unha progresión media anual do 0,2 en termos reais.

Tal vez as principais reflexións que cabe facer ante estas previsións son do seguinte tenor: todo esquema baséase en que, finalmente, se acaden as previsións de crecemento do PNB comunitario do 2,5%; algo non imposible, probablemente, pero certamente de difícil predicción a tan longo prazo. Se este obxectivo non se acadara, o marco financeiro tería que ser reformulado, precisamente, a partir do momento en que esa circunstancia se producira.

A segunda reflexión é que non se cumpre, por primeira vez, ante unha ampliación da Comunidade, o principio da adicionalidade presupostaria, que supón, ou que viña supoñendo, que o crecemento do presuposto comunitario se vise incrementado nunha contía proporcional ó PNB dos novos estados membros.



España e aqueles países beneficiarios, en maior medida, das políticas de cohesión deben de seguir mantendo, pedindo e reclamando o principio da adicionalidade presupostaria e propoñer, ó mesmo tempo, un sistema de recursos propios máis progresivo, que teña en conta, por exemplo, a prosperidade relativa dos países membros, por seren un modelo máis equitativo.

Parece pouco probable, por outra parte, que o actual marco permita financia-la PAC nos países da adhesión, despois de 1997, e mailas necesidades dos actuais membros da Unión con só unha aportación do 1,27% do PNB ós presupostos da Comunidade, salvo que se aplique o fenómeno da converxencia instantánea, que consiste en que, ó reducirse a media do PIB da Unión pola incorporación de países de riqueza moi inferior á media actual, se produciría automaticamente, estatisticamente, unha mellora relativa da posición, que traería consigo que, por exemplo, no caso de España, soamente catro ou cinco das actuais comunidades autónomas que pertencen ó obxectivo número I, poderían seguir conservando esta situación, despois de que esa converxencia ou de que esa corrección estatística se efectuase.

É preciso rexeita-la converxencia estatística instantánea e seguir demandando que se cuantifique o custo da adhesión de tódalas políticas e que se incremente, xa neste período, ese custo, sentando así un precedente que habería de quedar explicitado para o período posterior ó 2006.

Polo que se refire á política rexional e ós fondos de cohesión, durante o próximo período 2000-2006, as dotacións dos fondos estruturais acadarán, segundo a Axenda, un importe de 247.000 millóns de euros para unha comunidade de quince membros, incluíndo aí, nese importe, 7.280 millóns de euros de axuda á preadhesión.

Este plantexamento pode ser enfocado desde diversos puntos de vista, e non necesariamente coincidentes. Por unha parte, resulta fácil afirmar que as políticas de cohesión non só se manteñen, senón que se reforzan, xa que os quince países membros percibirán uns importes situados no contorno dos 240.000 millóns de euros, fronte ós 208.000 millóns do período

1993-1999; calculados estes últimos a prezos de 1999.

Outros enfoques menos optimistas poñen a énfase en que a Comisión propón para os quince unha porcentaxe máxima do 0,46% do PNB para as accións estruturais, no inicio do período; porcentaxe que se converte no 0,40% como media do período e que, no final do período, queda reconducida ou queda situada no 0,34%.

Non parece moi lóxico este marco financeiro para os fondos de cohesión, se se pensa que o que se ten negociado en Maastricht era un fluxo crecente, que debería ser, polo tanto, consolidado ó nivel do último exercicio e non ó nivel do primeiro, do período anterior, nin á media, sequera, do citado período.

Sexa como queira, non parece fácil resolve-las necesidades de cohesión, aínda vivas entre os actuais membros, e as que se demandarán, moito máis importantes, coa adhesión dos novos países.

Por outra parte, a Comisión propón distinguir dentro desta rúbrica tres apartados: fondos estruturais, fondo de cohesión e instrumento estrutural de preadhesión. As grandes liñas da Axenda sobre os fondos estruturais pódense resumir dicindo que se garante —o que é moi importante, desde logo, para Galicia— o mantemento do actual obxectivo I e a súa dotación presupostaria; isto é, dous tercios do total dos fondos. Esta é unha afirmación importante que se recolle con claridade na Axenda 2000, sobre todo —insisto— para Galicia.

Seguirán sendo obxectivo I aqueles territorios que nos tres últimos anos teñan un PIB per cápita inferior ó 75% da media, ademais das rexións ultraperiféricas —Canarias, por exemplo— e as rexións do actual obxectivo VI.

Os territorios que teñan que abandona-lo obxectivo —probablemente Valencia e Cantabria, no caso de España— gozarán dun período transitorio de adaptación de seis anos, no que a axuda irá decrecendo paulatinamente.

Por outra parte, redúcese o número de obxectivos. En efecto, proponse pasar dos sete obxectivos actuais a tres: dous rexionais, os dous de carácter rexional, e

un de carácter horizontal. Así, o obxectivo I procuraría, como ata o de agora, a reactivación das rexións con atrasos no seu desenvolvemento. O novo obxectivo II centraríase nas rexións en fase de reconversión económica e social. E o novo obxectivo III financiaría o desenvolvemento dos recursos humanos nas rexións distintas das acollidas nos obxectivos I e II.

Por outra parte, como consecuencia do que puideramos chamar retirada progresiva dos territorios que non cumpran os requisitos esixidos, a Comisión prevé que a poboación acollida a estes fondos non supere o 20% do total, no caso do obxectivo I —ata agora viña sendo aproximadamente o 25%—, e do 18% para o obxectivo II; circunstancia que lle permite afirmar á Comisión que as dotacións para os territorios que permanezan ou que resten no obxectivo I non serán, en ningún caso, inferiores ás que viñan percibindo.

Polo que se refire ó Fondo de Cohesión, destinado a contribuír ó financiamento de proxectos relativos ó medio ambiente e ás infraestruturas de transporte, mantense este fondo na forma actual, contando cunha asignación fixa tódolos anos do período de 3.000 millóns de euros.

Como condicionantes de carácter macroeconómico, é necesario recalcar que soamente terán acceso a este fondo aqueles países que teñan un PIB per cápita inferior ó 90% da media comunitaria, con independencia de que teñan accedido ou non á terceira fase da Unión Económica e Monetaria, sen prexuízo de que este último extremo —e aquí é unha cuestión á que hai que prestar atención— poida ser reexaminado nunha fase intermedia, aspecto —insisto— que debe de ser seguido con suma atención, dada a importancia deste fondo para España.

Ademais da condición reseñada, é necesario que os estados que non accedan, ou que non teñan accedido..., mellor dito, é necesario que os estados que non cheguen ó 90% do PIB, teñan, ademais, presentado un plan de converxencia, se non teñen accedido á terceira fase da Unión Económica e Monetaria, e teñan, así mesmo, presentado un programa de estabilidade se a incorporación a esta terceira fase se produciu.

En relación con este fondo, convén destacar, como xa dixeran, que todo o que ó mesmo se refira é de grande importancia para España, xa que percibe o 55% de

tódolos recursos del, cunha taxa de cofinanciamento que se sitúa entre o 80% e o 85%. Polo tanto, insisto, este fondo ten unha importancia moi grande para os intereses españois. E baixo ningunha circunstancia se podería aceptar que o fondo fose un instrumento de converxencia nominal, senón que debe seguir configurado como un fondo finalista ligado ás políticas de cohesión. E isto, porque, precisamente, aparece regulado no tratado, no título da política de cohesión, e non no título da Unión Económica e Monetaria.

Pensar que quen ten accedido á terceira fase da Unión Económica e Monetaria xa non pode beneficiarse do fondo, aínda que o PIB per cápita non se achegue ó 90% da media comunitaria, sería tanto como castigar —por así dicilo— aqueles estados que se esforzaron na converxencia nominal, premiando os que foron menos rigorosos.

Polo que se refire á agricultura, no esquema da Axenda 2000, a liña directriz agrícola establece o límite máximo de gastos previstos para o sector, de tal xeito que os 45.200 millóns de euros de 1999 pasan a ser 51.600 millóns no 2006, cun crecemento real do 1,9%. Se falamos en termos nominais, e cun deflactor do PIB do 2% —como xa teño anunciado—, as previsións a prezos correntes pasarían dos 45.200 millóns ós 59.000 do ano 2006.

Con este plantexamento, os gastos agrarios autorizados dentro da directriz prevese que non excedan de 41.760 millóns a prezos correntes, deixando, polo tanto, unha marxe crecente, que chega a ser de 9.600 millóns de euros no ano 2006 e que en ningún caso e en ningún ano cae por debaixo dos 3.000 millóns. Esta marxe —é importante sinalalo— é a que a Comisión utilizará, entre outros obxectivos, para financiar os gastos estimados por esta rúbrica para os países que accedan á Unión Europea.

De tódolos gastos agrarios previstos, as medidas de mercado da PAC supoñen preto do 90% e as medidas compensatorias de desenvolvemento rural sitúanse no contorno do 10% de tódolos gastos autorizados.

Ambas magnitudes presentan ritmos diferentes de evolución, xa que, mentres que a PAC pasa de máis do 93% en 1999 a situarse no contorno do 90% a finais do período, o que se coñece como desenvolvemento rural ou como iniciativa rural pasa dun 7%,

que ten a comezos do período, a estar por riba do 10% no 2006.

Poderíamos sintetiza-las directrices da política agraria dicindo que se persegue, por unha parte, o achegamento dos prezos comunitarios ós prezos mundiais, para preparar así os impactos dentro da Unión da ronda de negociación sobre a Organización Mundial do Comercio, que, sen dúbida, terá un carácter liberalizador.

O obxectivo anterior conséguese, por unha parte, minorando as cantidades previstas para restitucións —no caso de exportacións— e para as intervencións de mercado, e esta minoración prevese que pode ter un montante de arredor dos 4.800 millóns de euros. Dalgunha maneira, pártese da base de que o actual sistema de axudas non é sostible a medio e longo prazo e iníciase a súa corrección.

As producións moi elevadas non acceden —dise— ós mercados mundiais e teñen dificultades no mercado interior por ter prezos, precisamente, non competitivos co exterior.

Fronte ó anterior, a reforma que se propón supón un aumento moi considerable das axudas directas compensatorias, que montarían máis de 8.200 millóns de euros, e que se reparten entre os cereais —con máis de 1.600 millóns—, a carne de vacún —á que se adican 3.600— e 3.000 millóns para o sector lácteo. Con este esquema, preténdese, por unha parte, achega-lo modelo agrícola europeo ás condicións de competencia que se impoñen a nivel mundial. E, por outra, trátase de mante-la renda e a estabilidade dos agricultores coas medidas compensatorias.

Merece resaltarse a proposta de potencia-lo desenvolvemento rural mediante unha nova política, que pretende ser duradeira e que reúne nun só marco todas as medidas existentes, concedéndolles ós estados membros a posibilidade de definir por si mesmos as prioridades e as accións máis axeitadas.

Este obxectivo —de grande importancia para nós— resulta fortemente potenciado, xa que, como xa dixeran, vai dispoñer, ó final do período, de máis dun 10% de todo o gasto agrícola, converténdose así nun importante pilar da política agraria común.

Finalmente, en relación con estas cuestións, parece necesario deixar constancia de que o marco financeiro non presta, durante un período transitorio, especial atención ás necesidades que plantexarán os novos países do leste.

Esta cuestión ten tanta importancia que, necesariamente, se terá que resolver, porque a incorporación destes países supón, por unha parte, un mercado adicional de máis de cen millóns de consumidores con poder de compra, que se sitúa só nun tercio dos consumidores actuais da Unión. Pero, ademais —e isto é moi importante—, coa incorporación destes países, incrementarase nun 50% a terra agrícola e máis que se duplicará a man de obra agraria

Certamente, todos estes son aspectos de importancia para o conxunto da Unión, pero tamén para moitos dos seus territorios con vocación agrícola, como é o caso. Será preciso, polo tanto, estar moi atentos, para vixiar cómo e de qué maneira se negocian as condicións de adhesión e, sobre todo, se pactan os períodos transitorios nesta materia.

Finalmente, para rematar, e por resumir un pouco a posición da Xunta e as políticas que se están a utilizar en relación coas liñas de actuación propostas, hai que destacar, en primeiro lugar, que cabe recordar que a Axenda 2000, como dicía, é unha comunicación da Comisión sobre a que existen opinións diverxentes. En todo caso, a Xunta xa manifestou a súa postura en relación cos aspectos máis importantes para Galicia da Axenda, así: a necesidade de que se manteña a política de cohesión económica e social, que é, desde Maastricht, un dos principios fundamentais que deben rexe-la acción da Unión Europea; a necesidade tamén de que se manteña, como mínimo, o mesmo fluxo de fondos estruturais cara ás rexións do obxectivo I e de que se respecte a nosa condición de rexión beneficiaria dos fondos; a necesidade tamén de que se manteña o Fondo de Cohesión, xa que foi creado para a corrección dunha realidade que persiste, sen que a iso obste en absoluto a entrada de España na moeda única, diferencia esencial entre converxencia nominal e real, como xa teño explicitado; e a necesidade, por último, de acomete-los cambios necesarios para que a acción dos fondos estruturais e do propio Fondo de Cohesión contribúan máis eficazmente á corrección das desigualdades interrexionais, dando máis participación ás

rexións nas decisións estatais sobre o reparto e a xestión dos recursos comunitarios.

Sobre todos estes aspectos vén insistindo a Xunta de Galicia desde hai tempo. Os puntos de vista do presidente da Xunta a través dos seus dictames en distintos organismos europeos ou a súa presenza en foros como o Comité das Rexións mostran ás claras a atención preferente que, desde o Goberno galego, se presta á reforma da Unión Europea. En particular, o mantemento do fluxo de recursos comunitarios que corresponden a Galicia é un punto esencial que mereceu especial atención por parte da Xunta, como xa teño reflectido.

Non pretendemos unha economía permanentemente subsidiada pero, sobre a contribución dos fondos estruturais, sentámo-las bases para avanzar na construción dun modelo económico que garanta un desenvolvemento sostido a través do impulso ós sectores productivos —os complexos prioritarios de actividade, como lles chamamos nós—, que segue aínda precisando da dita contribución.

Respecto do seu mantemento —o mantemento dos fondos—, obtivéronse pronunciamentos concretos, favorables ós nosos intereses, de institucións comunitarias. Así, na última reunión do Comité de Rexións, este organismo aprobou por unanimidade o informe presentado polo presidente da Xunta, no que, entre outras, se conteñen propostas sobre a determinación cuantitativa da actual dotación orzamenaria do obxectivo I, que foi, como digo, aprobada.

En efecto, a Comisión propón asignar a estas rexións uns dous tercios aproximadamente do total dos fondos dispoñibles. A concreción deses dous tercios é, como mínimo, dous tercios. E esta proposta foi a proposta galega e foi aprobada polo Comité das Rexións, como as súas señorías coñecen.

Así mesmo, o Comité informou favorablemente dos actuais criterios de selección das rexións obxectivo I: o PIB per cápita inferior ó 75% da media comunitaria. E introduciuse, ademais, *ex novo* un parámetro adicional: o desemprego relativo, que nos resultará beneficioso.

Todo isto permítenos pensar que, coas correccións e cos matices que aínda deben de ser conseguidos, a

Axenda 2000 non ten por que producir consecuencias negativas para os nosos intereses de desenvolvemento rexional e para as nosas políticas estruturais e dos diferentes sectores productivos.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Orza.

Ten a palabra o señor Nogueira Román polo grupo parlamentario autor da iniciativa.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** Señor presidente, señorías, efectivamente, como acaba de sinalar o señor conselleiro de Economía e Facenda, como a propia comunicación Axenda 2000 indica e como nós dicíamos cando solicitamos a comparecencia aquí, neste Parlamento, do Goberno galego, a comunicación Axenda 2000 trata de tres problemas distintos: as políticas da Unión Europea, non só as políticas económicas, senón a política en sentido estrito, as relacións —incluso— de Europa no mundo; a ampliación aos países do leste, concretado agora, de momento, en seis países: Chipre, Polonia, Hungría, República Checa, Eslovenia e Estonia; e o estudo e a aprobación dun novo marco financeiro. Son tres problemas distintos, pero están intimamente relacionados, de tal forma que non son máis que tres caras, realmente, dun mesmo problema.

Creo que esta realidade da Axenda 2000 que o señor conselleiro de Economía e Facenda se limitou a describir malamente, se produce, por outra parte, nun cambio de época. As circunstancias cambian tanto que a situación política, económica e social de Galicia, fronte a esta época nova, só se poderá enfrontar cun proxecto de país, cun proxecto nacional, do cal o Partido Popular carece.

O cambio de época vén significado por distintas cuestións. En primeiro lugar, a instalación do euro —sen discuti-la súa necesidade histórica—, se se ha de construír unha Unión Europea, non cabe dúbida de que produce unha extraordinaria desprotección da economía galega que non se pode evitar máis que fortalecendo a nosa economía e as nosas institucións políticas. Un cambio de época determinado pola ampliación ao leste; ampliación ao leste, queirámolo ou non —e nós somos partidarios desa ampliación, loxica-

mente—, que despraza o centro de gravidade xeográfico da Unión Europea. Incluso a pesar de que Galicia non está crecendo debido, nestes anos pasados, á súa integración na Unión Europea, pode producir o resultado de que Galicia deixe de ser un territorio do obxectivo número I.

Como vostedes saben, os países do leste teñen unha media dun 40% da renda media por habitante da Unión Europea, e Galicia, neste momento, sendo un dos países que están máis atrasados relativamente, en relación coa Unión Europea, chega ao 60%. Tanto é así —e temos que ver tamén o que isto significa— que a Unión Europea está preparando unha especie de Plano Marshall para os países do leste que, soamente en axudas territoriais, atinxe para os sete anos 2000-2006 aos 47.000 millóns de pesetas.

Un cambio de época tamén no financiamento, señorías. Un cambio de época reforzado, ademais, polo resultado das eleccións alemanas. Alemaña —aínda vén hoxe unha noticia nun periódico— está reclamando non ser un país que dea tanto e reciba tan pouco —segundo a súa opinión— das institucións europeas. Deben vostedes saber que cada ano —en datos de 1996— Alemaña recibe neto da Unión Europea 10.895 millóns de ecus —non fago a operación para que vexan vostedes a cifra extraordinaria que isto supón—, mentres que o Estado español recibe neto 5.972 millóns de ecus. Se trunfan as posicións alemanas, que dificilmente non van trunfar, veremos quen paga no Estado español a non recepción destes fondos que acabo de citar. Como saben —e iso que está pendente de que a Unión Europea, nun momento de crise como o que vivimos, medre ao 2,5% anual durante eses sete anos—, a posición da Unión Europea neste momento é inflexíbel; é dicir, pénsase en cubrir todos os gastos, incluído o Plano Marshall do leste, incluídas todas as novas políticas comunitarias —entre elas a do emprego—, simplemente cunha participación en recursos propios do 1,27% do PNB, como acaba de dicir o conselleiro.

Pero, ademais, este cambio de época, señorías, está marcado por unha tendencia á progresiva perda de peso do financiamento da política agrícola común. De momento, xa se prevé unha redución de prezos e unha participación moito máis aberta no mercado mundial, de tal forma que, concretamente, naquel produc-

to que a nós máis nos afecta, está previsto xa, primeiro, unha redución do 10%, e agora xa parece que do 15%, durante os anos de aplicación da nova política 2000-2006. De momento tamén vemos que se conxelan as cotas, como mínimo ata o ano final deste período.

Un cambio de época que vén determinado tamén por unha incertidume sobre os fondos estruturais. Mantense o obxectivo número I, é certo, e Galicia vai participar, de momento, nese obxectivo, pero despois —por iso necesitamos un proxecto nacional— é posíbel que Galicia deixe de pertencer aos países que teñen menos do 75% de renda por habitante, non soamente polo que poida crecer, senón, sobre todo, pola participación da Unión Europea nos países do leste, que, como saben vostedes, se producirá no medio do período 2000-2006 que estamos a citar. En todo caso, os fondos estruturais, de momento, conxélanse para todo o período.

Un cambio de época que tamén vai estar determinado por unha atención prioritaria ao emprego, á formación profesional, á investigación, cando en Galicia carecemos absolutamente desa política. Hai, segundo os datos da Unión Europea, 18 millóns de parados e, segundo eses mesmos datos, 9 millóns de desempregados que quixeran traballar se encontraran traballo.

Polo tanto, é un problema de 27 millóns de persoas, e a atención dos fondos —e non sabemos ao que chegará Galicia— vai ir adicada, máis que á agricultura, ao emprego. E nós non temos nin plan de emprego nin un plan agrario que nos permita afrontar a nova situación, recibindo, en todo caso, os fondos precisos nun período transitorio.

Un cambio de época que nos colle a nós sen vías de comunicación, señorías. Hai un programa de desenvolvemento do ferrocarril que no ano 2010 debuxa un mapa de toda Galicia no cal Galicia está ausente. Hai aínda unha revisión en xullo de 1999 sobre este Plano do ferrocarril previsto no propio plano e eu non sei en absoluto que a Xunta de Galicia teña preparada unha resposta a esta necesidade de modificación.

En todo caso, neste momento, é evidente —e aí están as nosas carencias principais, do Goberno galego—, as cuestións políticas pasan a primeiro plano. Coa ampliación ao leste, imos ter unha Europa dos es-

tados; é dicir, ¿vai haber un retroceso cara aos estados do poder político da Unión Europea ou se vai facer unha federación de estados-nación que vai converter a Unión Europea nun estado centralizado? ¿Cal vai se-lo papel das nacións como Galicia nesa Unión Europea?

En todo caso, ¿van primar, incluso, as chamadas rexións, tal como quere Alemaña, ou van primar os estados, como quixera, por exemplo, Francia? ¿Cal é o papel, cal é a posición do Partido Popular tanto aquí en Galicia como no propio Estado español?

Nesta situación, señorías, eu quero dicir que o Goberno galego merece unha profunda crítica. Non soamente carece dun proxecto nacional —tan necesario neste momento—, senón que, ademais, se dedican sistematicamente a negar o proxecto daqueles que o teñen e o están practicando todos os días, non soamente nunha proposta global política, senón caso a caso naquilo que Galicia o necesita ou no que Galicia resulta agredida.

Confía incluso —e o señor conselleiro acábanos de dar algunhas mostras— na presenza patética do presidente da Xunta no Comité das Rexións. ¿Que fai Fraga alí, en todo caso?, ¿que fai no Comité das Rexións, que nós non o sabemos? Porque o presidente da Xunta está no Comité das Rexións non a título persoal, está porque hai un representante de cada comunidade autónoma na persoa do seu presidente, nun organismo que, por outra parte, temos que dicir —en todo caso sería a nosa vontade— que está destinado a desaparecer, porque é un organismo tan heteroxéneo e con tal carencia de competencias que no futuro, evidentemente, se ha de haber unha representación política en Europa distinta da dos estados, non pasará en absoluto polo Comité das Rexións, onde está neste momento —sen saber nós para qué— o presidente da Xunta de Galicia.

O Goberno galego, señorías —e isto prefigura o que vai facer; en todo caso preguntáremolle de novo ao señor Orza qué pensa facer o Goberno galego ante esta circunstancia—, neste momento, ata agora, aceptou administrar só o 40% dos fondos estruturais. O 60% restante que vén para Galicia e para as outras comunidades autónomas do obxectivo número I é ad-

ministrado polo Estado español e é adicado a construír os AVE que nunca chegan a Galicia.

O Goberno galego, ante esta perspectiva tan grave, non ten absolutamente ningún plano agrario. E aquí mesmo, cando o noso deputado Emilio López defendeu as nosas posicións con interpelación e moción ante os aspectos agrarios da comunicación da Axenda 2000, vostedes limitáronse simplemente a derrotar, polo voto maioritario, as nosas posturas, sen respirar desde aquel momento.

O Goberno galego non fai nada por que Galicia sexa un país comunicado —como calquera outro país europeo— con Europa. Por exemplo, agora están moi contentos porque o señor García Gallego é o director xeral da axencia que se adica nestes momentos ao desenvolvemento do ferrocarril. E o señor García Gallego dixo que se ía adicar a construí-lo túnel do Guadarrama, coma se nós —que queremos unirnos con Europa— tiveramos algún interese especial en fomentar as vías de ferrocarril radial que parten de Madrid. Que eu saiba, para ir a Europa, non necesitamos para nada pasar polo Guadarrama, en todo caso, pasaríamos para ir a Andalucía.

O Goberno galego, cando estamos nunha perspectiva de fomento do emprego, de preocupación por eses 18 ou 27 millóns de persoas que están desempregadas, presentou para o presuposto de 1998 un Plano de emprego fraudulento; non hai outra cousa que dicir, fraudulento. De 53.000 millóns de pesetas debuxados con ese rótulo, unicamente —saben vostedes— 7.000, a ridícula cifra de 7.000 millóns de pesetas, son fondos novos para ese plan.

O Goberno galego, cando en Europa se di que hai que propiciar o crecemento sostíbel e a mellora das condicións de vida, non ten un plano das telecomunicacións nin fomenta a tecnoloxía das telecomunicacións nin ten programas apropiados de medio ambiente, etc.

Polo tanto, non temos máis que dicir nestes momentos, señorías, que o Goberno galego ten unha posición contradictoria. Ameaza, ameázanos a nós, cando queremos, responsabelmente, construír un futuro de liberdade e solidario para Galicia, e, en cambio, está pasivo e resignado ante todas as ameazas que se cernen sobre o noso país.

O BNG, polo tanto, señorías, pediu a comparecencia do Goberno galego para que diga se está disposto a instrumentar en Galicia e a defender como tal, ante as instancias do Estado e da Unión Europea, un conxunto de propostas que tendan a salvar os nosos intereses e as aspiracións económicas e políticas básicas, sobre todas as cuestións tratadas na comunicación Axenda 2000. O señor Orza non o fixo de momento e non indicou ningunha perspectiva favorábel.

Facemos isto, señorías, porque nós reivindicamos a liberdade como nación e a solidariedade sempre para dala ou para recibila, non querendo comprar, evidentemente, os subsidios vendendo liberdade. E aspiramos a unha presenza de Galicia como nación en Europa que nos defenda e que nos faga participar ante un momento tan crucial para prepararmos para un futuro totalmente distinto.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Remate, por favor.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** Espero que o señor Orza, en nome do Goberno galego, dea, por fin, a resposta apropiada a estes interrogantes.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras polo Grupo Parlamentario Mixto.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Gracias, señor presidente.

Señor conselleiro, permítame dicirlle, con todo respecto, sen ningún tipo de acritude, como se di, que o seu discurso non procede; que non procedía o seu discurso nesta Cámara.

Non digo que as cousas que dixo non haxa que coñecelas, digo que están escritas en tódolos libros e digo que a súa intervención é reiterativa, atemporal e, sobre todo, apolítica. Podía se-la descrición, como dixo o señor Nogueira, mal feita de cáles son os contidos e os documentos da Axenda 2000. Podía ser dado hai ano e medio nunha universidade, nun grupo empresarial ou nun coloquio empresarial. Pero, ano e

medio despois, coñecéndose xa as posicións claras, a dinámica política clara, é evidente que a Xunta de Galicia, e vostede como responsable do Goberno galego, non nos pode volver aquí reiterar —insisto— un discurso atemporal e apolítico, coma se non tivera ningunha responsabilidade política.

É dicir, ¿cáles son —que é o que tiña que dicir vostede— as posicións que lle vai propoñer a Xunta de Galicia ó Goberno español? ¿Cales son as esixencias que a Xunta de Galicia lle vai presentar ó Goberno español para defende-lo noso interese fronte a ese documento non pechado e, por non pechado, susceptible de negociación? Naturalmente, o Estado español ten capacidade negociadora e ten forza dabondo para poñelo na balanza, sempre e cando, loxicamente, esa delegación e as delegacións españolas representen o interese xeral. E para iso é necesario, como aquí xa se dixo, que a Xunta de Galicia leve esa formación da vocación europea e negociadora do Estado español ó interese nacional de Galicia. E, para iso, hai que ter un proxecto, hai que saber qué esixencias se queren facer, hai que saber ata onde se pode ceder e o que non se pode ceder.

E esa posición política era a que correspondía que vostede trouxera hoxe a esta tribuna, e incluso antes por escrito, para que aquí puideramos discutir non outra vez as cifras da Axenda 2000, senón cáles van ser as posicións de Galicia, as previsións nas negociacións, as capacidades negociadoras e a marxe de negociación que temos na formación necesaria da vontade de España na negociación europea.

E así poderíamos discutir outra vez máis non o que xa coñecemos hai ano e medio, senón, precisamente, cál vai se-la súa posición —que é do que se trata neste Parlamento—, porque vostede non vén aquí a título de economista independente que cobra por unha conferencia, senón como máximo responsable da economía da Xunta de Galicia.

E, polo tanto, o desenfoque da súa intervención é absoluto. E eu creo que os grupos parlamentarios non podemos permitirlle que se vaia con esa facilidade desta Cámara. Así non avanzamos seriamente no debate concreto e dos intereses que hai que decidir.

É verdade, certamente, que na Axenda 2000 se recomenda inicia-las negociacións de adhesión con

Hungría, Polonia, República Checa, Eslovaquia e Chipre. É verdade tamén —este é un dato relevante, e vostede rematou con este dato; eu quero empezar por el— que nunca antes se tiña iniciado un proceso de ampliación cun grupo de solicitantes tan numeroso e tan diverso, pero cunha característica común, señor Orza, que todos son beneficiarios netos debido ó seu baixo nivel de desenvolvemento. E é verdade que van ingresar na Unión Europea países que producirán un incremento do 4% do PIB, un 20% máis de poboación —100 millóns, efectivamente—, 60 millóns de hectáreas cultivables máis, prezos agrícolas reducidos e unha agricultura débil, pero con potencialidades extraordinarias. E o que vai ocorrer, non se equivoque vostede, salvo que os países que estamos nunha situación difícil poñámo-la carne no asador, é que se vai producir unha reforma das principais políticas comunitarias, incluíndo os fondos estruturais e a política agraria común.

Para os que entendemos que Europa é necesaria, pero que non se pode construír sen solidariedade, recoñecerá vostede comigo que é un mal comezo o que se está dando coa Axenda 2000.

Presupostos. O teito dos recursos propios, como aquí dixeron tanto vostede como o señor Nogueira, queda conxelado no 1,27% do PNB, que é un raquíτικο presuposto. Xa era un raquíτικο presuposto solidario e agora é absolutamente insuficiente para abordar os problemas que se derivan da ampliación da Unión Europea.

E recórtanse os gastos estruturais, señor Orza, non se conxelan; gastos estruturais que, ata este momento —convén recordalo—, son a única expresión de solidariedade interestatal ou interterritorial da Unión Europea; o único mecanismo de solidariedade. Vanse reducir no ano 2000-2006, para a Unión Europea dos 15, nun 15%. Polo tanto, nada de conxelar, conxélanse no conxunto da Unión, incluída a ampliación, pero, para a Europa dos 15, redúcense nun 15%. Os beneficiarios son os países que van reclama-la adhesión, e no terreo agrícola o impacto non pode ser máis negativo.

A Axenda 2000, como aquí dixemos moitas veces neste Parlamento, vai profunda-la reforma de 1992. E cabe recordar que entre o ano 1990 e o ano 1995 de-

sapareceron o 30% das explotacións agrarias comunitarias e o 25% do traballo agrícola. ¿Podería dicimos vostede cá é o nivel de desaparición das nosas explotacións agrícolas nese período e a previsión de desaparición pola reforma da política agraria común que vai te-la nosa estrutura agraria?

Díxose aquí que Galicia pode pasar de ser obxectivo número I a número II. Recentemente veu aquí unha comisión parlamentaria europea do Partido Popular, do Grupo Popular europeo, dicíndono-lo importante que é —coa anuencia do señor Fraga— que Galicia pase, por fin, de ser receptor a practica-la solidariedade externa, e que iso representaría que estamos desenvolvidos. Naturalmente, se iso fora así, Esquerda de Galicia aplaudiría que non fomos obxectivo número I, porque iso implicaría que estamos desenvolvidos. E, naturalmente, o noso obxectivo non é un país subsidiado, senón un país desenvolvido que non reciba solidariedade, senón que a practique.

Pero, o problema é que no ano 2006, coa política que vostedes practican e coa dinámica previsible, imos deixar de ser obxectivo número I, pero non porque esteamos desenvolvidos, senón simplemente pola ampliación ós países do leste da Unión Europea, e non porque teñamos medrado, desenvolvido e afianzado o noso papel económico na nova Unión Europea. Polo tanto, non confundámo-lo respectable con eses trucos políticos ou dialécticos.

*(Ocupa a Presidencia o seu titular.)*

Eu quero entende-lo que dixo o señor Nogueira aquí, pero quixera facerlle unha matización. É certo que nós non temos, neste momento, unha estrutura comunicacional nin por ferrocarril nin por estrada e que é necesario, prioritariamente, desenvolve-las nosas infraestruturas de comunicación cos centros máis dinámicos da economía europea. Pero tamén coa española, que é parte da economía europea, evidentemente.

Polo tanto, é verdade que tamén o ferrocarril coa Meseta é importante, señor Nogueira, como o son as autoestradas, naturalmente... *(O señor Nogueira Román: ...coa Meseta.)* Ben, coa Meseta ou coas zonas máis dinámicas: coa Meseta, con Valencia, con Madrid e con Cataluña. E iso non é absolutamente contradictorio con que teñamos polo norte unha po-



tente vía de comunicación, a autoestrada do Cantábrico con Europa, por exemplo, ou o ferrocarril.

Pero, sobre todo, eu tamén estou de acordo co señor Nogueira —se interpretei ben— con que nós non debemos de vender nunca liberdade por subsidios, certamente. Esa sería unha posición miserenta. Pero non nos confundamos co que din estes señores, porque a liberdade é plenamente compatible —como vostede dixo— coa solidariedade dos que participamos nun proxecto común, sexa este o que sexa; o demais son extravagancias de novos ricos. E, polo tanto, nós, neste momento, non podemos deixar de situar con toda claridade e en primeiro plano que, ou ben nos desenvolvemos e no ano 2006 temos unha economía boiante, central, da Unión Europea e, polo tanto, non hai subsidios e non hai solidariedade —que eu non lle chamaría subsidios, porque é un proxecto común dos europeos e é necesario corrixi-los desequilibrios—, ou de extravagancias, nada. Polo tanto, non lle deamos ningunha baza, nin sequera sen querer —que xa sei que non é a súa intención, señoría—, a estes señores para que abandonen a defensa do interese do país nesta difícil negociación.

Xa que logo, señor Orza, remato dicíndolle o seguinte. Conviría que, se é posible, se comprometera a volver comparecer nesta Cámara, pero non para repetírmola consideración do PIB nun 27%, etc. Non, non nos volva con iso. Díganos, primeiro, ¿cal é a estratexia da Xunta de Galicia nesta negociación? Dous. ¿Cal é exactamente a participación do Goberno galego na conformación da vocación e da vontade negociadora do Estado español? Tres. ¿Van vostedes participar como Goberno galego dentro da delegación española que teña e leve a cabo esta negociación ou estas negociacións?, porque todo o demais é unha broma.

Díganos, polo tanto, a estratexia que se vai seguir, a situación actual, se están dispostos a esixir a súa participación institucional nas delegacións españolas que negocien iso e se están dispostos a esixir do Goberno español que o interese de Galicia non quede á marxe e non sexa moeda de cambio para outro tipo de negociacións.

E, naturalmente, díganos xa cal é o actual grao de participación da Xunta de Galicia institucionalmente

nas delegacións españolas que negocian isto. Estes son os problemas que hai que plantexar. E cáles son as dificultades que vostede ve.

Se é posible, pódenolo adiantar hoxe; se non é posible, tráiao, por favor, se non, seguramente os grupos parlamentarios volveremos solicita-la súa comparecencia, pero non para falar da Axenda 2000, senón para dicirnos estes compromisos concretos, qué é o que ten que saber Galicia, se vai ser defendido o seu interese, como todo o mundo que vai defender gravemente, seriamente, o seu interese neste proceso negociador.

Moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Guerreiro.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, ten a palabra o señor Sineiro García.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** Señor presidente, señorías.

Señor conselleiro de Economía e Facenda, nas verdadeiras condicións en que se debe de levar un debate parlamentario, a súa comparecencia de hoxe é todo menos iso. Vostede utilizou un tempo que, cando menos, é catro ou cinco veces superior ó de calquera portavoz dos grupos parlamentarios, e vostede quedou simplemente en ler documentos que teñen quince meses de antigüidade. Vostede non é un simple lector de documentos, vostede é conselleiro de Economía e representante do Goberno ante un documento estratégico importante para Galicia. Importante porque é o marco financeiro europeo no que imos enceta-lo próximo século.

E, señor conselleiro, con toda cordialidade, pero con toda a dureza política, consideramos que a comparecencia é unha fraude no que significa unha simple lectura dun documento reseso. Nós queremos saber cal é a posición do Goberno galego en puntos estratégicos que plantexaba o documento de xullo do ano pasado, pero que tamén plantexan xa as propostas formuladas pola Comisión en marzo deste ano. Queremos tamén saber cal é a posición do Goberno galego ante dictames xa elaborados, ou en curso, por parte do Parlamento Europeo.

Vostede falou da Asemblea de Rexións de Europa. Volveremos falar diso. Pero vostede ignorou os papeis importantes dos elementos e das institucións que conforman a toma de decisións en Europa, os primeiros papeis da Comisión, o debate no seo dos consellos de ministros sectoriais, ou no Consello de Xefes de Estado, e tamén os dictames a elaborar, a facer, a través do Parlamento Europeo.

Vostede non nos falou de cómo o Goberno galego se posiciona nos distintos aspectos estratéxicos, nos máis importantes da Axenda 2000 —tampouco lle dicíamos nin lle pedíamos que se posicionase en todos—. Non aclarou cál é o posicionamento e as relacións concretas na conformación da posición española, do Estado español.

E tamén deixou algo que a nós nos parece particularmente relevante, e aquí trataría de cubrir un baleiro que deixaron algúns dos outros grupos: cando nós analizamos e discutímo-la Axenda 2000, non estamos pensando só no que o Goberno galego lle pide a Europa; nós tamén queremos sabe-lo que o Goberno galego, con base nas súas competencias, ten que reorientar da súa política socioeconómica, dado que vai cambia-lo marco político, económico e financeiro da nova Europa. Vai cambia-lo marco político coa integración dun grupo importante de países do leste. Vai cambia-lo marco económico, porque fronte á solidariedade económica que necesita Galicia, respóndese con *tacañería* presupostaria, conxelando o presuposto; o que vostede tratou de agachar ou de ocultar ante o que era o principio da non-adicionalidade. Este portavoz non se quere agachar baixo o incumprimento do principio da non-adicionalidade, quere explicalo, simplemente. Fronte á historia da integración de países anteriores, na que a integración dun novo país significaba un incremento do presuposto comunitario, aquí, fronte á integración duns países con fortes necesidades económicas e sociais, faise unha conxelación do presuposto. Quere dicir que haberá a mesma torta para repartir entre moitos máis. E un dos posibles prexudicados vai ser, en concreto, o noso pobo, a sociedade galega.

Isto é o que hai que explicar con pelos e sinais, e non quedar nunhas simples frases que non reflicten de xeito claro a realidade.

Pero, señor conselleiro, insíستolle —o noso grupo dío tamén—, xa que cambia ese marco económico, político e financeiro, ¿que vai face-lo Goberno galego? Nós, dalgunha maneira, dicímoslle: ¿por que o Goberno galego, uns meses despois, uns cantos meses, case nove meses despois, de estar publicada a Axenda 2000, cando a primeiros deste ano debatíamos aquí os presupostos de 1998, non reorientou eses presupostos, porque xa temos enriba unha Axenda 2000?

E ímosllo dicir tamén no debate dos presupostos, e que, dalgunha maneira, nos debates dos presupostos deste ano, de 1999, cando os debatamos, o Goberno galego teña en conta ese novo marco da Axenda 2000. Porque, se non, é face-la avestruz, e nós non lle somos avestruces.

E quérolle adiantar outro punto, ó noso entender importante. Nós entendemos e somos partidarios da integración en Europa. Fomos partidarios e fomos impulsores —o noso partido a nivel do Estado e o noso líder, Felipe González— desa integración europea. Pero unha integración que estaba baseada en dous soportes: a integración económica e a integración social. Por iso, cando nós fomos partidarios deses fondos de cohesión, cando somos partidarios de que o emprego sexa un tema común en Europa, estamos falando de cohesión. E estamos falando de cohesión —non por simples *pedigüños*, senón porque non hai integración europea se non hai cohesión— cando estamos a pedir que sexan satisfeitas as necesidades sociais e económicas de Galicia. Non estamos simplemente defendendo unha posición particular, estamos dando unha mensaxe común e europea: que non pode haber unión se non hai cohesión.

E nós pensamos que máis vale, máis podemos pesarlle en Europa, se en vez de titular que esta é a posición galega, é a posición dun país, Galicia, que presenta unha serie de necesidades importantes, unha serie de requisitos, unha serie de reivindicacións básicas, para que siga adiante ese movemento de integración.

Pois ben, señor conselleiro, nós non vimos esa postura cara a fóra, cara a Europa, nin a vimos tampouco cara a dentro. E parécenos particularmente delicado, sobre todo tendo en conta que os presupostos

do último ano en fondos europeos xestionados directamente pola Xunta de Galicia equivalían ó 10% do presuposto xeral da Administración; 62.000 millóns fronte a 627.000 millóns, que significaban os presupostos da Administración xeral da Xunta de Galicia no presente exercicio. E se relacionamos eses 62.000 millóns cos capítulos de investimento e de transferencia de capital, vemos que supoñen case un 30%; e nun momento no que o Fondo de Compensación Interterritorial está conxelado nos 24.000 millóns de pesetas desde hai bastantes anos. É dicir, nós non podemos renunciar a ter unha menor participación, e vaille outro principio político importante: cando vostede dicía que se plantexa na Axenda 2000 —porque así se plantexa, e esa é unha interpretación que nós consideramos solvente— que se pode facer unha converxencia estatística nominal, tamén queremos explicalo polo miúdo. Os países que entran, aínda que é un lote importante, unicamente van incrementalo produto interior bruto nun 9%. Significa que a renda dos distintos pobos europeos, entre eles Galicia, a renda media, vai diminuír nun 16%. Iso significa que, sen facer nada, o Goberno de don Manuel nos poderá dicir, unha vez que entren algúns destes países, pois que simplemente a nosa renda media europea medrou case os 10 puntos. E iso significa, como recordaba algún deputado, que case nos poñen no límite do obxectivo I. E iso significa, por exemplo, cara ó conxunto do país, que se España perde a posibilidade de participar nos fondos de cohesión porque esa converxencia estatística a leva a supera-lo 90%, perdemos todos. E eses son os temas, ó noso entender, importantes.

E non lle quero entrar nos temas de política agraria por unha simple cuestión: porque este grupo ten presentada unha iniciativa que pensamos que se vai debater nun próximo pleno. E tamén por outra razón importante, señor conselleiro: porque o que vostede nos presentou sobre a política agraria é algo que xa non pertence ó que son as propostas da Axenda 2000, porque eran unhas propostas do documento de marzo do ano pasado que están completamente superadas polo que foron as posicións da propia Comisión con regulamentos concretos en marzo deste ano; e, se falamos do leite, porque probablemente a proposta da Comisión sexa superada por unha proposta nova de catro países, ó que hoxe se referían algúns medios de comunicación.

Pois en todos estes temas —e é no que nos gustaría, polo menos, cambia-lo rumbo do debate— o noso grupo ofrécelle, por unha parte, a posibilidade de chegar a conformar posicións comúns; comúns cara a fóra, o que nós demandamos do Estado e de Europa en relación coa Axenda 2000, pero tamén comúns cara a dentro. Nós non queremos ser simples peticionarios cara a fóra, senón tamén esixentes co noso Goberno. Por exemplo, na iniciativa que presentamos sobre política agraria común, nós queremos sabe-la posición do Goberno sobre a Axenda 2000, pero nós queremos coñecer —porque o descoñecemos— cál foi o balance da xestión da aplicación da reforma da política agraria común nestes últimos cinco anos. Porque nós pensamos que foi unha xestión insuficiente e con moitas lagoas.

Por iso, señor conselleiro, e remato, porque xa estou no límite do tempo, coa luz vermella, o noso grupo pensa que xa se perdeu algunha oportunidade nos orzamentos deste ano, do ano 1998, que non se considerou o novo marco da Axenda 2000. Pensamos que o Goberno galego, co seu presidente á fronte, perdeu tamén unhas notables oportunidades de axudar a conformar unha posición en Europa. Porque nós non só falamos de conformala na Asemblea de Rexións de Europa; tamén —e ese é un aspecto importante para a sociedade civil— na participación que teñen os distintos órganos da sociedade civil no Consello Económico e Social. Por exemplo, as cooperativas agrarias e os sindicatos agrarios a través do COPA-COIECA, as propias asociacións industriais e patronais galegas, conformando como tratan de conformar e influír outras rexións europeas en relación con Bruxelas.

Eu tiña a oportunidade, na última semana, de estar nunha rexión do norte de Francia onde o debate sobre a Axenda 2000 —aínda necesitado menos desa solidariedade financeira— era moitísimo máis duro que en Galicia; e onde había un papel importante do propio Estado francés, da propia autoridade rexional francesa —co seu sistema de descentralización—, e, sobre todo porque era un elemento importante, lográrase quenta-la sociedade civil para participar nese debate.

O noso grupo bóttalle en falta que non teña conformado —porque non o explicitou así— unha posición

o Goberno galego sobre a Axenda 2000, o texto de xullo do ano pasado e os textos actuais. E tamén bota en falta...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** ...que non trate, dalgunha maneira, de comunicar fronte á sociedade civil os novos retos. Para os retos, por difíciles que sexan, a peor maneira de preparar é o silencio, a peor maneira é a pasividade. E vostedes, dalgunha maneira, non preparan este país para os cambios.

**O señor PRESIDENTE:** Remate.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** Repítolle, señor conselleiro, e é a posición do noso grupo, que o noso grupo lle abre a man para tratar de conformar posicións comúns, pero tamén con esixencias con base na súa competencia. E quixera o noso grupo que este debate non fora un debate de principios, senón que, dalgunha maneira, tiveramos un compromiso por parte do Goberno galego, por boca de vostede, señor conselleiro de Economía e Facenda, para que se abrida un debate nesta Cámara que permitira a presentación de propostas e un debate que conformara unha posición común, porque iso sería un elemento de forza...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, remate.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** ...elemento de forza para este Parlamento e —ata llo digo— un elemento de forza para o propio Goberno galego, para a defensa dos intereses galegos no marco europeo.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Sineiro.

Réplica por parte do señor conselleiro de Economía e Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):** Señorías, señor presidente, certamente tiña aquí moitos papeis, pero penso que non fan falta moitos papeis, senón que fan falta algunhas ideas claras. E penso poñer —ata onde sexa posible— a miña contribución neste obxectivo, a pesar do sorriso —creo que de aprobación, entendo

eu— dos parlamentarios, ou dalgún dos parlamentarios, da oposición.

En calquera caso, o das ideas debe de ser sempre algo que, desde a esquerda se escoite con moita atención; desde a dereita témolo dominado xa hai moito tempo. (*Risos e murmurios.*) En calquera caso, eu penso que no fondo, escoitando os representantes dos diferentes grupos da oposición, os que estiveran escoitando ou estiveran seguindo o debate desde o público, os mesmos parlamentarios, pois podían sacala conclusión de que isto é unha desfeita, que levamos dez anos, doce anos, en Europa e non temos nada feito, e imos segui-lo mesmo cara adiante, a pesar de que hai retos importantes, a pesar de que vai cambiarlo século, a pesar de que estamos ante un novo escenario de todo tipo. O señor Nogueira, dunha maneira un tanto apocalíptica, quérenos dicir que nos achegamos a situacións de grande transcendencia.

Evidentemente, estas cousas son todas importantes, todas teñen transcendencia, pero non hai que dramatizar tampouco ou non hai que poñerse excesivamente —digamos— cerimoniais. Chamémoslles ás cousas polo seu nome e fagamos algunha reflexión de carácter xeral.

Ben é certo que algunhas das súas señorías, o señor Sineiro, o señor Guerreiro, pedían unha discusión polo miúdo, pedían unha discusión concreta, un debate no que a sociedade civil mesmo se puidera implicar. Diso falaremos despois, se o tempo non o impide, pero eu penso que este debate, ante esta Cámara, ten que ser máis un debate de carácter global, de carácter xeral, de plantexamentos fundamentais, sen prexuízo de que eses outros debates poidan e deban de ter lugar, e mesmo se leven moitas veces por aqueles responsables dos diferentes sectores, que teñen —como é lóxico— a información do pequeno e que permite enfocalo debate nun determinado ámbito ou nun determinado sector, e non pretender abarcar todo e, ó mesmo tempo, con toda a profundidade. Iso é materialmente imposible. E algunha señoría se ten queixado, ademais, de que o conselleiro utiliza moito máis tempo do que lles dan logo ós representantes da Administración. A min paréceme que fan falta algunhas reflexións, que nos poden axudar para ir camiñando no que me interesa deixar claro e no que me parece que pode tamén ser obxecto de debate.

Eu creo que, desde que se ten producido a adhesión de España e, polo tanto, de Galicia á Comunidade, á Unión Europea, o Goberno galego — mesmo desde os anos noventa — ten plantexado unha determinada estratexia para aproveitar claramente en beneficio ou en apoio da súa economía e dos seus sectores productivos ese caudal de posibilidades, e tamén ten axustado o seu marco de actuación a ese conxunto de directrices —unhas máis favorable ca outras, certamente— que desde Bruxelas se veñen poñendo en marcha e que condicionan a aplicación dos diferentes fondos estruturais.

Creo que as súas señorías recordarán que nos anos noventa, a principios xusto dos anos noventa, se deseñou un Plan económico e social, que tiña como finalidade básica reforza-la nosa base infraestructural, a nosa accesibilidade, por unha banda, para dotar este territorio daquelas condicións mínimas necesarias sobre as que poder construír unha economía productiva, e ó mesmo tempo deseñou unha estratexia de apoio ós sectores productivos e puxo en marcha un conxunto de instrumentos que eran os necesarios para levar adiante esa estratexia propia dunha economía moderna e avanzada.

Moitos recursos puxéronse á disposición dese plan e desa estratexia, moitos. E tamén moitos recursos correspondían a fondos estruturais que se viñeron percibindo —e que aínda se están percibindo— no marco do apoio comunitario 1994-1999, e algúns que procedían do anterior marco 1989-1993, realmente moito máis pequeno, moito máis limitado, que o segundo marco 1994-1999.

Foron moitos —insisto— os recursos. Poderíamos facer un repaso presupostario dos diferentes obxectivos e dos diferentes plans e programas ou das diferentes funcións ou —digamos— grupos de gasto. Non é necesario, as súas señorías probablemente o coñecen, está aí á disposición. Pero, por exemplo, apoiados en fondos estruturais, máis de 600.000 millóns de pesetas de gasto, consecuencia das programacións estruturais, utilizáronse nese período 1994-1999. Son cifras importantes que nos permitiron cambia-la cara de Galicia. ¿Quen pode descoñecer-los avances que se deron en temas infraestructurais? E non soamente de comunicacións, e dentro do noso territorio. Por suposto, tamén fóra, xa que estamos, finalmente, podendo

xa contar con ese camiño que nos une non soamente con España, senón con Europa a través de España. Pero tamén dentro, sobre todo dentro de Galicia, que vertebrou a nosa rexión, o noso territorio, complexo e difícil. Pero non soamente con infraestructuras de comunicación, senón infraestructuras técnicas, económicas, tecnolóxicas, enerxéticas. ¿É que iso alguén o pode negar?

¿Alguén pode descoñecer que os nosos sectores productivos se modernizaron, acercándose, certamente, ó que pode ser unha economía terciarizada, porque a súa estrutura productiva se asemella, se parece, se achega máis á que podería ser unha estrutura productiva que lle correspondería a Galicia, no que o sector primario debe de te-la importancia que debe de ter? Non estamos pensando que deba de te-la importancia que lle correspondería a unha economía como, ó mellor, a doutro territorio onde serían os servizos os que deberían ter unha importancia absolutamente definitiva. Pero é equilibrada, que permitiu medrar no período 1990-1997 máis de dous puntos no conxunto en relación co que medrou España. E se nos referimos soamente ós sectores non agrarios, máis de catro puntos en pesetas constantes do ano 1986, segundo estatísticas IGE en canto a Galicia e INE en canto a crecemento español.

¿Alguén pode, de verdade, descoñecer que iso foi así? Iso non foi así por casualidade; iso foi así, señor Nogueira, porque había un plan e había unha estratexia, ese plan e esa estratexia que vostede di que non existía, ese plan e esa estratexia que vostede pretende que soamente é posible construír desde o BNG, cando levamos moitos anos utilizándoa e cando está a dar froitos, como se está poñendo de manifesto e como é evidente e palpable tódolos días. E, se non, é que vostede non viaxa por esta terra. Vostede, entón, non coñece as realizacións que se fixeron en todas esas e outras moitas referencias que teño dado e que podería dar —vulgo á educación, vulgo ás universidades, vulgo ó que vostede queira—. E iso fixémolos cos nosos recursos e tamén coa aportación dos que proceden da Unión Europea.

Polo tanto, a Unión Europea contribuíu dun xeito importante non soamente a este cambio, a pesar de que —e sería unha inxenuidade negalo— ten habido dificultades evidentes na integración e que temos difi-

cultades —especialmente en determinados setores, como o sector agrario—. Estamos tentando aínda mellora-las condicións en que esa adhesión se fixo e estamos preocupados, obviamente, por cal pode se-lo resultado que finalmente teña que producirse como unha conclusión deste debate do novo escenario financeiro, do novo marco de apoio comunitario.

Eu quero, desde este punto de vista, tamén saír ó paso dunha afirmación rotunda que o señor Nogueira facía: que hai riscos de que o financiamento cambie, e témo-lo cheque alemán, por chamarlle dalgunha maneira, para utiliza-la mesma similitude có cheque inglés, aínda que non é exactamente da mesma maneira. Pero, en definitiva, pretende se-lo mesmo. E témo-lo cheque alemán e vostede preguntaba e dicía: "¿Como imos dar respostas a esa pretendida redución da aportación de países tan importantes como Alemaña? ¿Quen vai poñer eses recursos? ¿Como imos poder dar solucións a ese problema?".

O primeiro que temos que facer é tentar, como é lóxico, que a contribución ó presuposto da Unión se faga con criterios máis progresivos e non aceptar como algo xa definitivo que algúns países van reduci-la súa contribución. Iso será algo que necesita unanimidade, e espero que esa situación non se vaia producir. Para iso, como é obvio, non necesitamos insistir no Goberno de Madrid, pero insistiremos, aínda que non é necesario porque esa é unha cuestión que teñen clara. Pero, como nesta e noutras moitas máis, estamos insistindo e seguiremos a insistir, aínda que a vostede, obviamente, lle poida parecer que iso non é así. Porque cada vez que facemos xestións non chamamos ó BNG para dicirlle: señores, acabamos de facer esta e esta outra xestión, e esta ten xa resultado positivo, esta outra, ó mellor, aínda non, pero imos seguir traballando para que iso teña un resultado en calquera momento.

Pero a min o que me preocupa é que, fronte a esa hipótese de que se reduza e de que nós necesitemos aínda seguir empregando recursos para as políticas agrícolas ou para as políticas de cohesión, ¿de onde os sacaremos?, preguntaba vostede. Pois mire, hai poucos sitios de onde sacalos. Ou é o Goberno central o que incrementa a súa solidariedade e os transfere ou incrementamos nós a presión fiscal dos galegos e tiramos deses recursos con novos conceptos impositivos.

O que realmente non ten sentido desde este plantexamento é que xoguemos, por exemplo, a estratexias como a do *cupo*, señor Nogueira, pretendendo debilitar o Goberno da nación, nunha posición que deberíamos de tentar defender a *ultranza* para garanti-la solidariedade que aínda precisamos. Oxalá iso non fose así, pero aínda seguiremos precisando durante algún tempo.

Nese sentido eu non teño especiais preocupacións porque Galicia vaia saír do obxectivo I porque supere o 75% da media; salvo que se aplique o que puideramos considerar converxencia estatística, consecuencia de que ó incorporar novos membros con taxas moi baixas de riqueza todos somos máis ricos ó día seguinte.

En calquera caso, tamén a min me preocupan os problemas de financiamento. Pero eses problemas non se resolven con propostas de financiamento a nivel do Estado español como as que se están a plantexar nestes momentos, dunha maneira clara e terminante, polo BNG; cando eu entendo que eses planteamentos non soamente non favorecen a Galicia, senón que a prexudican. Porque, primeiro, non tería recursos suficientes para facer fronte ás competencias ás que ten que dar resposta; e, segundo, aínda faltarían os cartos necesarios para pagar, para o *cupo* que haxa que pagar ó Goberno central.

E se non falamos dese *cupo*, falaremos do *cupo* do señor A ou do señor B, ou do BNG, que será un *cupo* que xa vostedes explicarán cómo é; porque, ata agora, o *cupo* é o que é, e outras cousas son inventos. E os inventos, con gaseosa, ¿eh? Os inventos, con gaseosa, igual que os experimentos.

Por outra parte, o señor Nogueira afirmaba que carecemos dunha estratexia, que carecemos dun plan. E, ademais, repíteo agora con certa convicción, que, dalgunha maneira, ha de ser respectada, pero isto o que supón é ser pertinaz no error.

Temos unha estratexia que, para o período 1994-1999, xa foi explicitada, e que para o período que vén, de 1999 cara adiante e, sobre todo, 2000-2006, se contén no que vostede chama unha fraude, que é o Plan polo crecemento do emprego. Chámalle fraude a iso, e, desde o meu punto de vista, vaime permitir que utilice agora unha expresión que é unha licencia par-

lamentaria. É dicir, creo que vostede fai iso desde unha estratexia simplemente partidista, como unha afirmación que é lícito facer desde esa óptica, pero vostede mesmo está convencido de que non se corresponde coa realidade. E basea a afirmación de que é unha fraude porque di: "En calquera caso soamente había 7.000 millóns de pesetas, porque os outros xa estaban". Pero, señor Nogueira, vostede, que é un economista e que traballa neste campo e ten unha formación longa, ¿como pode pensar que os recursos...! Iso é como a enerxía: nin se crea nin se destrúe, transfórmase. Os recursos non aparecen por xeración espontánea. O importante dos recursos é empregalos dun xeito diferente.

Eu podo ter exactamente os mesmos recursos, señor Nogueira, ter un presuposto absolutamente ineficiente, e ó ano seguinte, ou nunha lexislatura posterior, cos mesmos recursos estar dando respostas exactamente ó que se precisa. ¿Por que? Porque respecto dos recursos o importante non é tanto a súa contía como o seu emprego. E aí houbo un cambio cualitativo que me sorprende que vostede non teña percibido. Sorpréndeme que vostede, que é unha persoa coñecedora disto, non entenda que nada se pode facer en Galicia respecto do emprego se iso non se aborda desde un plantexamento fronte ós sectores productivos; que nada serio respecto do emprego pode abordarse se ó mesmo tempo non hai unha estratexia para profundar en cada un dos diferentes sectores productivos. E esa estratexia —vostede vaimos permitir que llo diga— está perfectamente identificada, está correctamente establecida. E os resultados son os que todo o mundo asume que poden e deben de ser: identificar aqueles complexos de actividade prioritarios nos que temos vantaxes competitivas, ou comparativas, e que son os que fortemente tirarán do emprego e son os que fortemente serán capaces de poñer en maior dinamismo a nosa economía para que, ó mesmo tempo que se crea emprego, se consiga converxencia.

Pois iso é, sinxelamente, o que se ten feito no Plan de crecemento do emprego. É exactamente iso. E o importante é reconducir os recursos a unha nova estratexia, baseada, precisamente, nese esquema que estou apuntando.

E ese plan está, dalgunha maneira, explicitado —1998-2001— e aportábase ós presupostos do ano 1999

para a anualidade que lle corresponde; teremos ocasión, polo tanto, de debatelos. E se hai tempo para incorporar aqueles acordos que se poidan acadar —se é que algún acordo se acadará— na discusión que se está a ter cos axentes económicos e sociais, pois farase, ben directamente ou ben vía emenda. Ou, se non, buscarémolo procedemento adecuado para que iso poida ter virtualidade. O importante é saber que iso forma parte, como unha primeira entrega, para xa aproveitálo ano 1998-1999, do que debe de se-lo Plan estratéxico de actuación do Goberno 2000-2006, do que ha de colgar-lo Plan de desenvolvemento rexional a presentar en Bruxelas e que necesariamente ha de formar parte dun conxunto máis amplo.

Non ten ningún sentido que se faga un exercicio máis ou menos académico, como aquí se dicía, para, dalgunha maneira, coller e preparar unha programación dos diferentes fondos comunitarios, identificando os eixos e os obxectivos que marca a Comisión e programando aí o conxunto de recursos que correspondan, que van ser superiores ós que nos corresponderon no período 1994-1999, se é que as cousas non cambian moito.

Desde ese punto de vista, eu quero anunciar con toda claridade que se está a elaborar ese Plan estratéxico de actuación 2000-2006 no que se incardinará o Programa de desenvolvemento rexional; que ese plan será discutido cos axentes económicos e sociais, e todos estarán aí convocados. Por suposto, profesionais, técnicos, empresarios e sindicatos terán o seu foro adecuado para expoñer cales son as cuestións que consideran importantes; tendo en conta en qué marco financeiro estamos a movernos, tendo en conta con qué políticas habemos de contar —que se conteñan na axenda— e qué directrices saen de aí; tendo en conta aquelas outras políticas que, non estando plasmadas claramente na axenda, debamos de poñer en marcha. ¿Por que? Porque aínda non tendo interese, ó mellor, para a Comisión ou para a Comunidade Europea, si son importantes para nós. E, polo tanto, debemos de aplicar-lles recursos con independencia de que eses estean ou non contemplados prioritariamente nun determinado eixo ou obxectivo.

En definitiva, polo tanto, xa queda anunciado que nos primeiros meses do ano que vén ese plan chegará a este Parlamento para ser debatido e para ser sometido

do a discusión cos diferentes grupos parlamentarios en tempo suficiente para poder integra-la programación do PDR que necesariamente haberemos de acompañar a Bruxelas.

Polo tanto, señor Sineiro, vai haber discusión, vai haber discusión detallada e polo miúdo. Vai haber oportunidades de plantexar —digamos— informes, estratexias, suxestións. Os axentes económico-sociais, a sociedade civil, vai estar en condicións de poder facer este tipo de análises.

E, por outra parte, finalmente, eu tamén quixera recordar aquí unha cousa, señor Sineiro: que a miña intervención estivo baseada nos acordos e nas comunicacións da Comisión de marzo e abril deste ano e nos regulamentos xa aprobados... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si... Non en marzo de 1997, senón en marzo de 1998. Pódolle deixa-los documentos, que os teño á súa disposición. ¿Por que imos discutir do que é un feito? É dicir, pode que non haxa moitas discrepancias ou pode que eu non teña recollido aquelas por ser temas que —insisto— han de ser debatidos polos compañeiros en debates máis de carácter sectorial, que son os propios dunha cuestión como a que se plantexa.

En fin, eu non quixera rematar, señorías, primeiro, sen agradecerlles a todos as súas intervencións. Creo que estamos ante unha cuestión importante, e por encima de protagonismos de calquera natureza e por encima das lícitas estratexias políticas están os feitos. E os feitos son que tivemos e temos un plan estratéxico de actuación, sabemos qué facer e cómo facelo, os resultados están aí.

Estamos xa cun avance, por así dicilo, cunha primeira entrega do que será o esquema de actuación 2000-2006. Ese esquema virá polo miúdo a este Parlamento e, despois de que sexa debatido nos ámbitos de carácter civil, empresarial e sindical, terá que ser tamén debatido neste Parlamento para, finalmente, servir de estratexia de actuación do Goberno e, ó mesmo tempo, incardinar dentro del o PDR, ou Plan de desenvolvemento rexional, que sexa capaz de incluír tódalas programacións e tódolos fondos que nos correspondan.

Por outra parte, e finalmente, quixera deixar claras dúas cousas: primeiro, que eu estou disposto a com-

parecer aquí cantas veces as súas señorías queiran; segundo, que a Xunta ten a súa estratexia clara, e tena explicitada. Poderá gustar ou non; terceiro, que estamos presentes en tódolos ámbitos de actuación institucional nos que é necesario e conveniente defende-los intereses de Galicia e nos que temos posibilidade de acceso, porque ese é un tema no que se está aínda avanzando e no que hai que ganar cotas aínda importantes para poder sentarnos a nivel de Comisión, a nivel de comisións sectoriais, a nivel de órganos comunitarios, cando se trate de aspectos que sexan fundamentais e básicos para Galicia. Iso témolo claro, está-molo plantexando en Madrid e está-molo plantexando en Bruxelas, e imos seguir facéndoo. Conseguírmolo que poidamos, pero sempre será moito máis, desde logo, que aquilo que a súa señoría pensa.

E moitas veces o que é importante non é tanto trasladar grandes titulares, senón ofrecer resultados. A min, desde logo, gústanme máis os resultados cós titulares.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor conselleiro.

(*Pide a palabra o señor Nogueira Román.*)

Señor Nogueira, ¿que quere?

¿Unha rolda de aclaracións? (*Pausa.*)

Ten a palabra por tres minutos para aclaracións.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** Moitas gracias, señor presidente.

Señor Orza, espero que dentro de tres anos sexa vostede o que sufra a especial tortura de expoñer as súas posicións en tres minutos. Pero mentres non chega ese momento, vou procurar darlle unha réplica neste tempo tan reducido.

Do período 1990-1997 é mellor que non nos fale, señor Orza. É mellor que non nos fale porque teríamos que falar de que a industria, que estaba no 15% cando empezou o período, segue no 15%. Teríamos que falar de que non temos vías de comunicación coa Meseta e con Europa construídas, cando se aprobou un plan de autovías para todo o Estado no ano 1986,



comezando en 1986. Construídas aínda non as temos, hai outras partes do Estado que as teñen desde hai seis anos e sete anos. E iso condiciona o desenvolvemento económico, como é evidente. Teríamos que falar de que non temos unhas vías de comunicación por ferrocarril modernas. Teríamos que falar de que soportamos aínda as cotas absolutamente inxustas, totalmente inxustas, que nos impón o Estado español e Europa. Teríamos que falar de que temos unha universidade moi mal financiada. E así continuaríamos.

Durante todo este tempo, señor Orza, conseguimos estar ao nivel de Estremadura. Evidentemente, eu téñolle moito cariño a esa rexión, que, por outra parte, ten unha relación histórica moi estreita con Galicia. Conseguimos estar no posto 186 das 203 chamadas rexións de Europa. Aí é onde estamos, e o resto creo que é propaganda. En todo caso, o que hai de positivo é normal. É normal que, nun réxime democrático, cando hai un orzamento realmente privilexiado neste momento xa —co tempo anterior— se produzan progresos. Pero non hai ningún plus que poidamos atribuír ao Goberno do Partido Popular, desde o meu punto de vista.

Efectivamente, isto foi así e isto aínda é así agora. Eu volvo cualificar de fraude o Plan de crecemento do emprego que vostede debuxou para o ano 1998 e que, por outra parte, eu non sei que estea aplicado. Estamos acabando xa o ano e eu non teño noticia de ningunha aplicación marabillosa dese Plan de creación de emprego.

E, señor Orza, vostede sabe ben que, salvo 7.000 millóns, o resto dos fondos do Plan de creación de emprego están exactamente dependendo dos mesmos conselleiros e conselleiras, e, polo tanto, sendo aplicados exactamente para o mesmo tipo de proxectos —moitas veces inoperantes— que foron aplicados nos pasados anos.

Eu quixen resaltar aquí, señorías, que estabamos ante un cambio de época; se vostedes queren, de conxuntura. Non estamos na mesma situación que hai dous anos; non estamos na mesma situación, e dentro dun ano isto parecerá evidente. Está cambiando moito, e, precisamente, ás veces, polos avances que está dando a Unión Europea.

Falei antes da cuestión da ampliación do leste, da aplicación do euro, da nova posición de Alemaña —fortalecida polo resultado destas eleccións—, que van crear unha situación nova, de tal forma que a sociedade galega, a economía galega, vai estar máis desprotegida aínda. Eu non digo que estea peor agora que hai dez anos, pero vai estar, evidentemente, máis desprotexida.

E é por ese motivo —á parte da nosa propia identidade política— polo que nós dicimos que fai falta un proxecto nacional galego. Xustamente como protección fronte a iso e ante a evidencia da apertura de fronteiras. Que non só é económico e social, senón que tamén é político, e que, desde o punto de vista do Estado —que ten unha repercusión directa en Europa— nós situamos na construción do Estado plurinacional.

O señor Orza tivo o atrevemento de facer referencias aquí sobre o problema do financiamento, atrevemento porque, polo que dixó, non sabe cál é a nosa postura. E neste sentido a nosa postura é moi clara: nós confiamos, efectivamente, na nosa economía. Galicia, se está mais atrasada que outros países do Estado é por circunstancias históricas que se poden describir. Non é, evidentemente, porque teñamos menos recursos ou porque sexamos máis burros cós cataláns. Agora podemos ter unha situación política de autogoberno que faga que, segundo os nosos propios esforzos, consigamos un grao de prosperidade distinta.

E nós queremos un financiamento que configure liberdade e solidariedade. Claro que queremos liberdade e tamén queremos solidariedade, como Portugal ou Irlanda na Unión Europea. Son países soberanos, ¿non é certo? Ou Grecia ou o Estado español. E reciben a solidariedade de Europa e estamos protestando porque Alemaña non quere sufragar os gastos que lle corresponde. O señor Aznar está presentando propostas para que Alemaña...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** Acabo xa, señor presidente.

...para que Alemaña siga contribuíndo á Comunidade Europea como anteriormente.

Polo tanto, para nós é liberdade e solidariedade, as dúas cousas. E dixen antes que non queremos en absoluto vender liberdade para comprar subsidiariedade, ou, mellor dito, subsidios, que é o que están facendo realmente vostedes. E nós non defendemos en absoluto unha situación de dependencia de Galicia e moito menos para xustificar o centralismo histórico do Estado español.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** Acabo, señor presidente; déixeme un minuto e xa acabo.

Este proxecto nacional non son palabras, non é simplemente unha cuestión institucional, nós queremos proxectos concretos. Por exemplo, queremos que o 60% dos fondos estruturais que administra o Estado español sexan administrados por nós. Non hai ningunha norma da Unión Europea que o prohiba, e que non sexan empregados no AVE Madrid-Barcelona, por exemplo, ou Madrid-Sevilla, como foron noutro momento. Queremos unha nova política agraria que supere a cuestión das cotas. Queremos unha política industrial que non existe neste momento. Queremos que se apliquen, señor Orza, por exemplo, eses fondos de capital-risco e esas sociedades de capital-risco que vostede nos anunciou e que aínda non están en ningún sitio máis que na súa mente. Queremos que se dean pasos para que teñamos un ferrocarril moderno que nos una con Europa, para que non se reproduza a situación de finais do século pasado. Queremos medidas para favorecer o medio ambiente ou queremos un plan de emprego. Queremos cuestións moi concretas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor, señor Nogueira.

**O señor NOGUEIRA ROMÁN:** E esas medidas moi concretas, señor Orza, señores do Goberno galego, hoxe en día chámanse ter ou non ter un proxecto nacional galego, e vostedes non o teñen.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Nogueira.

Ten a palabra o señor Guerreiro Carreiras.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Si, señor presidente, señorías.

Señor Orza, por certo, nós desde a esquerda escoitamos sempre as ideas, parece que desde a dereita tamén. Eu pensaba que vostedes eran de centro, pero sabemos que son de dereitas, segundo dixo o señor conselleiro.

O señor Orza ten unha importante virtude política, que é marchar polos cerros de Úbeda e non contestar a nada. E colle as intervencións que lle interesan. Mire, señor Orza, eu xa sabía que viña con esa intención, pero cometeu un erro porque xa nos dixo o que vai facer. Aquí ¿que lle preguntamos? Preguntamos qué vai facer vostede e o Goberno galego para condiciona-la negociación da Axenda 2000. E vostede ¿que nos di? Que non, que traerá aquí un plan despois de que estea pechada a Axenda 2000, como fixo en 1993. Despois de que acabou a negociación de 1992, a reforma de 1992, vostede con ese contexto no que non incidiu, no que renunciou a incidir, traduce un plan nesas coordenadas que impuxo Bruxelas. E agora, en vez de ter unha estratexia para saír ben parados da Axenda 2000, vostede pasivamente vai esperar a que acaben esas negociacións e logo, unha vez aprobada esa axenda, que será moi lesiva tal como está para Galicia, presentaranos nese contexto o Plan 2000-2006. Iso é o que nos dixo. ¡Ve como vostede, a pesar de que lle gusta escapar ás palabras, como fala tanto, acaba picando! Está clarísimo. Xa nos dixo con claridade unha cousa: non pretende vostede traernos un plan previo para incidir na negociación da axenda, senón o plan despois de que esa axenda estea aprobada sen a intervención e coa pasividade do Goberno galego. E iso condiciona. É o tema central, o demais é literatura.

Non teñen vostedes un proxecto para incidir na Axenda 2000, para defende-lo noso interese, para saír ben parados e posteriormente presentar ese plan. Plan que, por certo, xa non contemplaría, no mellor dos casos, os presupostos do ano que vén. ¿Como pode explicar vostede, se ten un plan tan marabilloso, señor Orza, que xa non nolo presente aquí, informe a este Parlamento e que ese plan non informara os presupostos de 1999? ¿Non ve que iso non é de recibo, señor Orza, que vostede diga que ten un plan estratéxico e resulta que non o presenta como elemento conductor

e condicionador do presuposto do 1999? ¿Por que vostede non ten ese plan? Está esperando a que Bruxelas aprobe a Axenda 2000, saíamos ben ou mal parados, e a partir de aí, aceptando esas coordenadas, vai vostede presentarnos ese plan para aplicar esa axenda en Galicia, e punto. Esa é toda a estratexia do Goberno galego. Non teñen vostedes estratexia nin posición política propia nin teñen pensado defender ningún interese de Galicia nesta complicada negociación; seguramente catro cousas marxinais como ás que vostede se referiu aquí antes.

Soltou vostede aquí unha cousa que de todas formas, a sete anos vista, é un perigo, señor Orza. Admite vostede case irremediamente que imos deixar de ser obxectivo número I. Non —insisto— polo feito de que nos teñamos desenvolvido amplamente, senón porque posiblemente ocorra iso. Entón hai dúas alternativas: ou que nos financien desde o Estado ou subi-los impostos. Foi o que dixo vostede aquí. ¿Vostede cre que un político responsable pode dicir ante un parlamento, a sete anos vista, sequera teoricamente, esa posibilidade? De ningunha maneira. Calquera político responsable diría que de ningunha maneira ocorrerá iso; e se ocorre, será porque nós efectivamente estaremos ó nivel de desenvolvemento económico dos países máis importantes, non pola ampliación nin pola converxencia estatística que vostede di. É realmente un perigo. Está claro cal vai ser toda a súa estratexia ou a súa carencia de estratexia.

Vostede tamén é un mestre nos paradoxos. "Estamos representados a un altísimo nivel, estamos en tódalas negociacións, estamos practicamente en tódolos sitios, o que pasa é que non nos informan" —cousa que sería desexable para ve-los logros que se van logrando, xa que é unha cousa que non é de partido, que é de interese nacional, que fora vostede informando ó Parlamento deses grandes éxitos—. Pero a continuación di que hai que mellorar moito a nosa posición. ¿En que quedamos, señor Orza? ¿Estamos de verdade nos centros de decisión e de elaboración da vontade política e do proxecto político de España cara á Axenda 2000 ou están vostedes de adorno? ¿En que quedamos? Non siga vostede con paradoxos. Eu recoméndolle, sinceramente que fale bastante menos, porque así non caerá nalgunha das trampas nas que vostede cae nesta tribuna.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor GUERREIRO CARREIRAS:** Agora ben, tamén é verdade que é necesario que con isto se compareza seriamente e que se responda a isto. Agora, ás veces a un cústalle moito volver solicita-la súa comparecencia, quizá hai que pedir outras comparecencias, sinceramente; porque vostede fala, fala, fala e non di nada, salvo cando se equivoca e nos dá a proba da súa claudicación.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Guerreiro.

Ten a palabra o señor Sineiro García.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** Si, señor presidente, unicamente dúas precisións. Agradeceríalle ó señor conselleiro que contestara a elas.

Unha é o marco financeiro. Nós dependemos dun marco financeiro comunitario cunha forte incidencia sobre os nosos presupostos. Gracias á duplicación dos fondos estruturais, gracias ó nacemento do Fondo de Cohesión, os fondos comunitarios tiveron unha importancia crecente nos orzamentos dos últimos anos. Eu reteño aquí a cifra de 23.000 millóns de fondos exteriores procedentes da Comunidade Europea e xestionados directamente pola Xunta de Galicia no ano 1992, que medraron ata os 62.700 millóns deste ano. Pero agora o marco é diferente. Ese crecemento foi porque houbo unha duplicación de fondos estruturais conforme ós acordos de Maastricht, porque houbo nacemento dun fondo de cohesión. Pero agora a situación é diferente. ¿Por que? Porque non vai haber aportación de novos fondos coa entrada dun grupo de países importantes con baixas rendas. ¿Por que? Porque deses 275.000 millóns de ecus dos que nos falaba antes —45 billóns de pesetas de fondos estruturais— vai haber 45.000 millóns de ecus, non só os 7.000, que son de preadhesión, senón a participación de 38.000 millóns, que van ser para os novos países do leste.

Polo tanto, señor conselleiro, queremos dicir claramente que hai unha conxelación de fondos comunitarios para os próximos exercicios. ¿De onde se vai suplir? Non entren nun debate de *cupó*, entren nun debate das fontes financeiras. ¿Vai haber unha postura

de que demandemos incremento ou non? Ese é o punto importante.

Señor conselleiro, o segundo punto importante: o plan estratéxico chegará tarde. E xa que vostede fala de plan estratéxico, eu diríalle: a Xunta tiña que poñer xa enriba da mesa, aquí no Parlamento, unhas previsións do plan estratéxico, non para o ano que vén. Porque nesas previsións do plan estratéxico dalgunha maneira se podería valorar mellor a incidencia do que son os puntos da reforma da Axenda 2000. E iso é o que dalgunha maneira serviría de base para ese plan estratéxico que se vai facer a posteriori da aprobación da Axenda 2000, ou que se pode facer a posteriori da aprobación da Axenda 2000. Díciallo o señor Guerreiro moi claramente: cando se conforma o Plan económico e social de Galicia para o período 1993-1997 era con base nunha ampliación, nunha duplicación de fondos estruturais anterior; xa sacáramo-la incógnita. E vostede di: non se preocupen os distintos grupos políticos, eu vou traer aquí, o Goberno vai traer aquí, un plan estratéxico para o ano que vén. Tampouco nolo fiou a curto, é para ese período 2000 a 2006. Ese plan estratéxico é outra cousa. Nós o que necesitabamos eran as previsións do plan estratéxico agora, a incidencia da Axenda 2000 sobre o financiamento, sobre os fondos comunitarios que chegan a esta comunidade, e tamén a influencia noutros sectores productivos.

E remato, señor presidente, cun asunto moi concreto. Voulle poñer un exemplo destes días: estase a sufrir unha grave crise de prezo do porcino, os prezos de arredor dunhas 140 ou 145 pesetas por quilo de peso vivo son prezos que non cobren os custos de produción. Se tiveramos xa un escenario coa integración de países do leste, como Polonia e Hungría, teríamos unha situación máis difícil, porque neses países son capaces de producir a 20 ou 30 pesetas por debaixo por dúas razóns: porque parten duns niveis de renda per cápita máis baixos, niveis de salarios máis baixos, e ó mesmo tempo teñen unhas estruturas herdadas da antiga situación do leste, de explotacións de gran tamaño, que lles permiten producir a outro nivel. Esta é a preocupación que me transmitían a min a semana pasada gandeiros do norte de Francia sobre a nova situación que se vai crear precisamente coa integración dos países do leste.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SINEIRO GARCÍA:** E polo tanto esta é a preocupación. O marco da Axenda 2000 créanos uns cambios no marco financeiro, e a integración económica e política dos países do leste vains tamén cambiar a situación. Nós deixamos de ser unha das rexións ou dos países beneficiarios dos fondos estruturais porque nós duplicamos coa nosa renda per cápita unha serie de países que se van ir integrando nos próximos anos. Isto cambia radicalmente a situación, e non é de debater dentro dun ano ou ano e medio un plan estratéxico, é de debatelos agora, de sabelas posicións, que, señor conselleiro, quedaron ocultas na súa longa intervención, non foi a puntos concretos.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Sineiro.

Para remata-la comparecencia, ten a palabra o señor conselleiro de Economía e Facenda.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):** Señor presidente, señorías, eu certamente lamento que as súas señorías entendan que ocupo moito tempo na tribuna e que falo moito. A verdade é que teño que responder a tres grupos. En calquera caso, polo tanto, ou lles presto algunha atención ou paso, ¿non?

Pero, por ser directos e rápidos, o señor Guerreiro, pretende saber cómo imos condiciona-la negociación que se está a levar a cabo dos diferentes regulamentos antes de que finalmente se cerren, con respecto ás diferentes políticas, á agraria ou ás outras políticas de cohesión. Eu penso que é importante dicir que están tódolos días os responsables das diferentes áreas, das diferentes consellerías, reunidos e traballando a nivel do Estado, a nivel dos diferentes ministerios, para conformar precisamente e para defender precisamente cál é a estratexia mellor para defende-los nosos intereses, que ó mesmo tempo han de intentar ser compatibles tamén cos intereses do conxunto, como é lóxico.

Por outra parte, paréceme que confunde ou pretende confundir un plan para incidir na negociación e o plan que eu dalgunha maneira esbocei aquí. A min paréceme que a afirmación que fixen de traer un plan aquí é unha afirmación importante; paréceme que é

un tema de interese e que lonxe, dalgunha maneira, de representar ou de ser unha sorpresa para as súas señorías, debería de ser algo positivo. Eu realmente creo que ese plan estratéxico non chega tarde. Está anticipado dalgunha maneira nos seus eixos fundamentais no Plan de crecemento do emprego que se está a aplicar no 1998-1999, e que para o período 2000-2006, certamente moi longo, haberá que conformar co conxunto dos axentes económicos e sociais e tamén coa discusión nesta Cámara.

Señor Sineiro, falaba vostede do marco financeiro e de que antes estaba todo moi ben, houbo duplicación de fondos e, polo tanto, medraron substancialmente os recursos no período 1994-1999 fronte ó 1989-1993. Certamente, agora —di— temos un problema. Conxélase —digamos— o presuposto, non hai adicionalidade presupostaria e, polo tanto, ¿que vai pasar cos recursos?, ¿que imos percibir e canto imos percibir? Mire, desde ese punto de vista hai que distinguir dúas cousas: o que pase co conxunto e o que nos pase a nós. En principio non parece que vaia resultar, como consecuencia da aplicación das previsións da Axenda 2000, que vaian resultar menores recursos para o período 2000-2006 dos que temos consolidados en 1994-1999. É máis, prevemos que probablemente se produza un incremento que se podería situar entre o 5% e o 12% do conxunto das anualidades medias. Xa veremos se finalmente isto pode ser así. Estamos a traballar por iso, temos marcado iso como obxectivo e esperamos velo consolidado.

En realidade, os problemas, en todo caso, plantexaríanse para despois do ano 1997. Se esa segue a sela estratexia, ¿que pasaría despois con dez países máis, etc.? Entón si seguimos demandando a adicionalidade presupostaria, si seguimos reclamando que se presuposten neste período os custos da adhesión para que quede xa ese marco financeiro completo e, polo tanto, sirva de precedente para despois. Iso díxeno na miña primeira intervención, o que pasa é que ó mellor digo demasiadas cousas e convén dicir algunhas menos para que queden as importantes, estou de acordo.

Señor Nogueira, di vostede que teríamos que falar do emprego, teríamos que falar da industria, teríamos que falar das autovías, teríamos, teríamos... Pois poderíamos falar de todo iso e de moito máis, e todo te-

ría unha boa resposta, unha boa resposta que a vostede probablemente non lle convencería, pero a realidade de está aí. E a realidade é moito máis teimuda do que nos gustaría, iso é certo. Pero para mostra, un botón: tiñamos no emprego, por exemplo, o 40% no sector primario no ano 1985, e témo-lo 20% no sector primario e o 17% na industria; temos maior emprego na industria do que había ó inicia-lo período a pesar da crise dos principios dos noventa, e, sobre todo, estase creando emprego neto por primeira vez despois de moito tempo. Xa vén iso sendo unha constante que se mantén nos tres últimos trimestres: emprego neto a pesar dos problemas que temos no sector primario, que por vostedes son ben coñecidos.

Pero ademais, e falando da industria, poderíamos dicir que, por exemplo, a industria no período 1997, período que a vostede non lle gusta, non sei por qué, medrou en pesetas constantes do ano 1986 en Galicia un 26,6%, e en España soamente un 13,4%. Si, si, esa é contabilidade, esa que en principio temos que crer, porque é a única que hai, é a oficial.

A construción en Galicia no período creceu un 3,3% e en España decreceu, -1,3%. Si, si, iso está aí. Ó mellor hai outras estatísticas ocultas, probablemente; teraas o Bloque, que as poña...

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Nogueira, non interrompa, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):** Xa teño falado do paro, como vostede coñece moi ben.

Polo tanto, podíamos falar das autovías. Aí están. E desde logo non se empezaron no ano 1985, empezáronse despois de 1990 e despois de que houbo acordos entre o Goberno central e o Goberno de Galicia, e houbo un esforzo continuado e persistente nesa dirección, e aí están. Probablemente iso é un logro de todos pero desde logo correspóndelle o protagonismo ó Partido Popular, que é o que tivo a responsabilidade, e ó noso presidente. Iso é tan obvio que non merece moitas máis...

Da universidade di vostede que está fatalmente financiada. Sempre as cousas poden ser mellores. Pero

poderíamos recordar cómo era o financiamento que tiña a universidade no ano 1989 e cómo é o financiamento que ten nestes momentos e poderíamos recordar cómo sería o financiamento que lle correspondía, de continua-lo custo efectivo, de continuar pertencendo á Administración central e de non ter sido transferida, e cómo é o que ten agora. Poderíámolo facer. ¿Quere vostede que o fagamos? A universidade tería neste caso, se non houberse transferencia ou se mantivesémo-lo financiamento que lle correspondía, actualizado, un financiamento duns 16.000 ou 17.000 millóns de pesetas no ano 1998. Estamos en máis de 36.000 millóns de pesetas. E iso permitiu financiar dúas novas universidades e iso permitiu eleva-lo financiamento da nosa universidade a niveis que nunca tivo. Probablemente é un esforzo pequeno dedicar tódolos anos máis de 20.000 millóns de pesetas de recursos propios, que poderían estar financiando outras infraestruturas; desde logo, financian as infraestruturas académicas e as infraestruturas docentes de nivel superior francamente importantes, pero dicir que iso é un esforzo pequeno paréceme que non é ter toda a información, alomenos non *tela a flor de piel*.

En fin, poderíamos seguir, pero sobre todo o que me fixo gracia foi a súa expresión de “atrevemento meu a falar do financiamento”. Se alguén ten algunha capacidade para falar diso, ademais de moitas das súas señorías —todas, por suposto, que o desexen facer—, algún título me parece que para falar diso tamén podo ter, e teño. E desde logo pensar que a autonomía se identifica co sistema *cupo* e que non existen outros modelos que permiten niveis importantes de autonomía —e poderíamos recorrer ós manuais de facenda pública para ver isto perfectamente explicitado, e poderíamos mirar cara a Estados Unidos ou mirar cara a Alemaña ou cara a outros países— é un erro científico.

Pensar que ese sería un instrumento que sería favorable para Galicia porque algún día seremos ricos é tanto como dicir: *largo me lo fiais*. (*Pronúncianse palabras que non se perciben*.) Si, si, seremos moito máis ricos...

**O señor PRESIDENTE:** Por favor...

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA E FACENDA (Orza Fernández):** Eu escoitei absoluta-

mente con moito interese tódalas cousas, e gustárame que puidera te-la mesma aceptación a miña intervención por parte dos membros da oposición.

É dicir, pensar, polo tanto, que un modelo *cupo* é un modelo que lle interesa a Galicia é unha equivocación. Pensar que é posible o equilibrio entre autonomía e solidariedade, e que é máis fácil en torno a un sistema *cupo* que en torno a un sistema federal ou de corte federal, é outro erro. E se vostede pretende debilita-la solidariedade de España ou de Galicia, siga por ese camiño.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor conselleiro.

**PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. SOCIALISTA DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D.<sup>a</sup> MARÍA DOLORES VILLARINO SANTIAGO E D. ANTÓN LOURO GOYANES, SOBRE A ADOPCIÓN DE MEDIDAS PARA COMPLETALO NÓ RESULTANTE DA INTERSECCIÓN DO TRAMO DA A-9 RANDE-PUXEIRO COA AUTOVÍA VIGO-O PORRIÑO-FRONTEIRA PORTUGUESA.**

**O señor PRESIDENTE:** Existe unha emenda do Grupo Parlamentario Popular da que dará lectura o señor secretario.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ó abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de modificación á Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Dolores Villarino Santiago e de don Antón Louro Goyanes, sobre a adopción de medidas para completa-lo nó resultante da intersección do tramo da A-9 Rande-Puxeiros coa autovía Vigo-O Porriño-fronteira portuguesa:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice tódalas medidas e xestións necesarias diante do Ministerio de Fomento para que axilice os trámites necesarios tendentes a solucionar definitivamente a conexión completa entre a autoestrada A-9, a

autovía Vigo-fronteira de Portugal e a autovía das Rías Baixas."

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa desa proposición non de lei, ten a palabra a señora Villarino Santiago.

**A señora VILLARINO SANTIAGO:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías, a iniciativa que vou defender eu, e que presentou o Grupo Socialista, preséntase no Parlamento a resultas, entendemos nós, dunha deficiente concepción das infraestruturas. Porque, se non, non sería precisa esta iniciativa hoxe no Parlamento de Galicia. Parece inconcibible, ou tal vez nos parece a nós un pouco inconcibible, que dúas vías de alta capacidade, como son a A-9 e a autovía Vigo-O Porriño-fronteira, e posteriormente o que é a autovía Rías Baixas, dúas infraestruturas de alta capacidade, que, por outra parte, son as únicas que hai nese ámbito da comarca viguesa, non queden conectadas cun nó que lles permita facer tódolos movementos a tódolos tráfico en tódalas direccións. Parece razoable pensar que os cidadáns de Arousa, ou de Pontevedra, ou mesmo os cidadáns da comarca de Vigo que utilicen a A-9, se poidan incorporar en condicións razoables a outra vía de alta capacidade como é a autovía Rías Baixas.

A situación actual, o que está previsto —polo menos ata onde nós sabemos—, a previsión actual de conexión destas dúas vías de alta capacidade, é un vial de servizo cuns radios nas curvas deste vial de servizo que farían desde logo imposible que os transportes pesados se puidesen incorporar con normalidade —insisto— dunha vía a outra.

E dicimos que nos vemos obrigados a presentala pola concepción que se ten das infraestruturas. Se pensáramos todos, pero neste caso, desde logo, se o Goberno vise as infraestruturas como un elemento fundamental de vertebración dun territorio, como un elemento fundamental da ordenación de tráfico, como un elemento fundamental para facer unha política de transporte moderna que lle permita a Galicia ser un espazo económico competitivo, tal vez esta modestísima iniciativa non sería necesaria.

Nós entendemos que ademais de conectar, como dicía antes, os veciños e veciñas de Vigo que utilicen —esperemos— algunha vez a Rande-Puxeiros como segundo *cinturón*, hai que recordar que estamos falando da A-9, que é a autopista que conecta cando menos desde Ferrol ata O Porriño, cando menos desde Copenhague a Istambul. E ou se soluciona esta falta de conexión adecuada entre estes dous viais ou certo será que virán de Copenhague, chegarán a Puxeiros, pasarán por un camiño de carros e tal vez despois se poidan incorporar tamén a unha autopista ou a unha autovía que lles permita circular con normalidade para chegar a Istambul.

Nós, os socialistas, cremos sen dúbida que as infraestruturas deben de contribuír sen dúbida ningunha a vertebrar-lo territorio, a facer de Galicia que cada día sexa menos periférica e que cada vez sexa máis competitiva no espazo europeo. E isto ten que ver tanto cos grandes proxectos como coa imbricación dese proxecto no propio territorio; cun defecto, cunha deficiencia deste teor, que parece menor, como dicía antes, pódenos suceder que desde Copenhague a Istambul haxa que facer unha parada en Puxeiros. Se é por cuestións turísticas, nós estaríamos de acordo, porque eu son unha gran defensora de que a comarca de Vigo, ademais de ser unha comarca industrial —e temos vocación estratéxica de comarca industrial— teña servizos turísticos, porque temos unha ría marabillosa e temos un clima inmejorable. Pero unha cousa é facer turismo dese xeito e outra cousa é facer turismo porque hai que pasar, como dicía antes, a un camiño de moi malas condicións.

Isto, en definitiva, é o que nós plantexamos ós grupos desta Cámara. Crems que é unha iniciativa modesta na súa formulación, porque estamos falando simplemente dunha conexión de dúas vías de alta capacidade, pero moi importante para o transporte, para a comunicación da Galicia norte coa Galicia sur e mesmo de Galicia co norte de Portugal e co resto do territorio do Estado. Nese sentido, o Grupo Socialista plantexa unha proposición non de lei na que dicimos algo tan sinxelo como que o nó que se produce en Puxeiros como consecuencia do encontro destas dúas vías sexa un nó completo, e que permita a incorporación tanto da A-9 á autovía como da autovía á A-9 en condicións adecuadas para todo tipo de tráfico, e des-

de logo pensando, como non podía ser doutra maneira, no tráfico pesado.

Esperamos e confiamos en que obteñámo-lo apoio da Cámara para esta iniciativa; pero o que é máis importante, ademais do apoio da Cámara, é que nos gustaría contar co entusiasmo do Grupo Parlamentario que sustenta o Goberno. E cando digo co entusiasmo quero dicir literalmente co entusiasmo. É dicir, que collan con entusiasmo esta iniciativa e que a defendan como propia. Eu vexo aquí a compañeiros parlamentarios que son de Vigo, que son da comarca de Vigo, algún incluso, como o señor Ballesta, que é de Mos e que isto o coñece cando menos coma min —eu incluso diría que mellor ca min— e que sabe que o que estamos plantexando é absolutamente necesario e imprescindible para que estas dúas vías de alta capacidade poidan cumprir de forma e de xeito razoable a súa función, que nós entendemos —e seguramente tódalas súas señorías— que é a de facilita-la conexión dos territorios de Galicia, e de Galicia co resto do Estado e, sobre todo, co norte de Portugal.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señora Villarino.

Para a defensa da súa emenda ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Casares González.

**O señor CASARES GONZÁLEZ:** Señor presidente, señoras e señores deputados, por suposto que queremos que exista unha comunicación completa entre Rande-Puxeiros e a autovía das Rías Baixas. Por suposto que coincidimos nesa cuestión. Para o Goberno da Xunta, para o Grupo Parlamentario que o apoia, é impensable non acometer unha infraestrutura que, aínda que pequena, permite que todo o tráfico de Pontevedra, da súa comarca, como vostede falaba, de Ribadumia, de Meis, de Meaño, do Salnés, de Poio, de Redondela... de cantidade de sitios, poida camiñar cara á fronteira portuguesa e cara a Madrid pola autovía das Rías Baixas. Pero non quero deixar de pasar unha das frases da súa señoría, deixando ben claro que estamos absolutamente de acordo con ese plantexamento. Dicir —aínda que sexa de *rondón*— que as infraestructuras de comunicación terrestre son deficientes case nos remite a *Lucas de bohemia*, e

vostede exerceu ben de galega, como Valle. Parece coma se colocáramos un espello que deforma dalgún xeito a realidade.

Se vemos —desde a distancia que lle dá ser oposición neste Parlamento— a rede básica, a rede complementaria, as dúas grandes autovías, a evolución da A-9, outras vías de grande capacidade, as vías rápidas no Salnés, na Barbanza e entre Ourense e Monforte; se vemos cómo se barema dentro do Estado español o nivel de conservación das nosas estradas, que, como di o señor conselleiro moitas veces, eu me sumo a iso —son estradas feitas por tódolos galegos, por tódolos galegos—, se ollamos iso, considerará seguramente a súa señoría que dicir "deficiente concepción das infraestructuras de transporte terrestre" non é un termo que estea na realidade das cousas.

Pero insisto en que estamos de acordo coa súa proposta, que é o fundamental e o que é francamente importante, contestando á súa iniciativa. Tanto estamos de acordo, señora Villarino, que este tema non é novo, nin é, por suposto, a primeira vez que este grupo parlamentario se manifesta sobre el. Porque saiba a súa señoría que xa o Concello de Mos plantexou hai moito tempo esta cuestión. A súa señoría, aínda que de pasada, recoñecía cómo o deputado Ballesta, o deputado do grupo maioritario, trouxo en maio deste mesmo ano unha iniciativa á Cámara —iniciativa que, por certo, se aprobou por unanimidade— que, pese a que falaba da nova autoestrada que unirá ese ramal coa fronteira portuguesa, dicía nun dos seus parágrafos que era importantísimo que esa suposta deficiencia de conexión cara á Meseta, indo desde a comarca de Pontevedra, non se producira. E el mesmo lembraba cómo o Concello de Mos o fixera. Polo tanto, non é unha iniciativa nova, e este grupo parlamentario tense manifestado votando favorablemente cara a ela.

Pero tamén é certo —e cónstalle ó grupo da maioría e penso que lle consta a todos— que é o Goberno de Galicia o primeiro que estivo nesta cuestión. Pero, vamos ver, dígollo completamente en serio. ¿Vostede pensa que o Goberno de Galicia, os responsables da política de infraestructuras non están nesta cuestión? Porque que saiba a Cámara que xa se estudia dúas posibilidades para facer esa conexión: unha primeira non era posible porque a Compañía Loxística de Hidrocarburos ten uns depósitos que impedían que se



fixera esa conexión; uns depósitos, señorías, que están conectados con oleoducto entre A Coruña e Vigo, polo tanto, non era fácil tampouco plantexa-lo seu traslado. Pero é que tamén se estudiou unha segunda iniciativa, unha segunda posibilidade técnica, auspiciada polo Goberno da Xunta de Galicia, que era rodea-los depósitos da Compañía Loxística de Hidrocarburos. Pero resulta que quedaban pendentes do 13% —vostede falaba antes do radio das curvas nas grandes vías de comunicación—. Polo tanto, esa segunda vía, esa segunda posibilidade técnica tampouco era factible. Non podemos plantexar que calquera das etapas de montaña da volta ciclista a Galicia a coloquemos nese nó de circunvalación, e vostede estará completamente de acordo. Porque —insisto— a súa tese, a tese do Goberno, deste grupo que sustenta maioritariamente o Goberno, é exactamente a mesma.

Señora Villarino, dito isto, e porque queríamos que quedase perfectamente acreditado cál é o noso sentir e cáles foron as actuacións do Goberno da Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario Popular ten a ben presentarlle a toda a Cámara, e en especial á súa señoría, unha emenda. ¿En que se diferencia a emenda da súa proposta de resolución? É dicir, ¿hai discrepancia? Non hai discrepancia. Dirá vostede: se non hai discrepancia, ¿onde está a emenda? Ben, se temos eivas técnicas, se é difícil pola orografía —vostede coñecía perfectamente—, se o Concello de Mos está de acordo e todo o mundo está de acordo en que é difícil plantexar unha solución técnica a día de hoxe —estamos falando a finais de setembro do ano 1998—, nese punto concreto o que fai o grupo da maioría é plantexarlle cordial e, por certo, entusiasticamente á súa señoría que acordemos entre tódolos grupos, entendendo que Esquerda de Galicia e o Bloque Nacionalista Galego tamén se poidan sumar a iso, unha emenda que diga que o Parlamento inste o Goberno de Galicia a que realice tódalas medidas e xestións necesarias diante do Ministerio de Fomento para que axilice os trámites necesarios tendentes a solucionar definitivamente a conexión completa entre a autoestrada A-9, a autovía Vigo-fronteira de Portugal e a autovía das Rías Baixas, sen localizar ese punto.

Dirame a deputada Villarino: é que vostedes non queren que xustamente nese nó se faga a tan discutida conexión. Claro que nos gustaría que fora aí, pero en-

tendemos —e facémolo con todo o rigor, créanme, señorías, do que somos capaces— que non é no Parlamento onde temos que condicionar esa solución. Tamén a deputada Villarino me pode dicir: é que se vostedes escapan diso, ¿queren dicir que imos ter que percorrer 15 ou 20 quilómetros para facer esa conexión? Non, non é ese o ánimo da emenda. Estamos falando dentro da mesma zona, de non ter ataduras técnicas. Nós non somos técnicos. Polo tanto, señor presidente, señorías, é unha emenda que pretende ser aceptada pola señora propoñente, recordando e —remato, señor presidente— que o Goberno da Xunta de Galicia fixo moitas xestións, de acordo con técnicos de Fomento e de Autopistas, para facer esa conexión; que estamos absolutamente de acordo en que é imprescindible e en que se ten que facer, e que tamén pensamos —e por iso a emenda, repito— que non debemos de situala exactamente nese lugar.

Esperando, señor presidente, que os demais grupos da oposición, que falarán a continuación, e que a señora propoñente acepten esta emenda, con isto conseguiríamos seguir camiñando de xeito unánime, como xa o fixemos no caso da autoestrada entre Puxeiros e a fronteira de Portugal. Penso que tendo ese precedente tan satisfactorio para os grupos desta Cámara, poderíamos apuntalalo un pouquiño máis se a súa señoría considera, coas razóns que lle acabo de dar, que esta emenda merece ser tida en consideración.

Máis nada, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Casares.

¿Grupos que queiran intervir? (*Pausa.*)

Polo Grupo Parlamentario Mixto, ten a palabra o señor señor Pazos Varela.

**O señor PAZOS VARELA:** Señor presidente, señorías, vaime permiti-lo señor Casares, que sempre que ten ocasión fai gala dunha vasta erudición —e polo tanto citou a Valle— que eu tamén comece a miña intervención citando a Valle. Efectivamente non é casualidade que Valle —galego, aínda que escribise en castelán— fose o inventor dese xénero literario chamado "esperpento". Non é casualidade porque efectivamente naceu nunha sociedade que permitiu o desenvolvemento dese xénero que el tan xenialmente

soubou plasmar. Permítame que lle diga que as actuacións da Administración en materia de infraestruturas na comarca de Vigo son un fiel reflexo dese serpento, e lástima que non haxa neste momento ningún Valle —ó mellor haino escondido— que o saiba plasmar e elevar á categoría de xénero literario.

Efectivamente, as actuacións da Administración en Vigo e na súa comarca son a crónica dun serpento anunciado. Lástima que teñen menos de traxicómico e máis de *desgarrado* polo que supón de marxinación tradicional dunha comarca, incluso con episodios de alcaldes caídos, etc., que para todo serviu. (Todo ten que ver, señor Pita, non empece a poñerse nervioso que eu aínda empecei agora e xúrolle que non vou falar tanto como o señor Orza, seguro que non.)

Efectivamente, dicía o outro día a señora Villarino, cando defendía unha proposición non de lei que pedía a gratuidade deste tramo Rande-Puxeiros, que a ela lle custaba traballo como viguesa non perderse por outras cidades que teñen *cinturóns* de circunvalación. E eu dicía, retrucándolle amigablemente, que máis difícil nos resulta ós outros cidadáns non perdernos por unha cidade como Vigo, que precisamente non ten vías alternativas e *cinturóns* de circunvalación. Parece ser —ou polo menos esa é a promesa do Partido Popular, votada nunha Comisión— que se vai pelexar, que se vai intentar, que se vai conseguir, espero, que ese tramo sexa gratuito. Aproveito tamén —e isto non vén a conto máis que polo nome— para lembrarlles que existe outro caso gravísimo de marxinación que é a peaxe Rande-Vigo. Quero lembrárllelo, e a ver se algún día tamén podemos chegar a un acordo para que sexa gratuito porque tamén nos teñen marxinados a outros cidadáns da comarca de Vigo.

Señor Pita, tranquilécese. É que non para de facerme sinais e desconcéntrame, ¿entende vostede? Ben, home, siga vostede, é igual. Procurarei mirar para arriba.

Vigo, que é efectivamente unha cidade marxinada en infraestruturas, que necesitaría unha atención especial, o que ten realmente é máis marxinación e máis actuacións como esta, que non pasan de ser esperpénticas, a non ser que algunha administración bo-

te de menos aquel famoso e superado funil de Redondela. Porque máis ou menos a descrición do que vai se-la conexión deste tramo da autoestrada coa autovía é o funil de Redondela, pero cunha lonxitude de máis dun quilómetro. Co cal, efectivamente, se iso non é esperpéntico, pois que baixe Deus e o vexa.

Efectivamente, alégrome, como voceiro de Esquerda de Galicia para este tema, da actitude positiva que detectei, aínda con presentación da emenda, no Partido Popular. Pero estou aquí para denunciar ese feito que se deu ata agora, esa actuación do Ministerio de Fomento cara a unha infraestrutura imprescindible para esa comarca. A non ser que o Ministerio de Fomento en Galicia sexa o Ministerio de *Famento*, que diso tamén algo pode haber. Incluso con tren de alta velocidade, rápido, que vai chegar xa co señor García Gallego; pasadomañá, ou así, terémolo aquí.

Efectivamente, este tramo, dicía a señora Villarino con toda a razón, é o segundo *cinturón* de circunvalación de Vigo. Eu preguntaría: ¿U-lo primeiro? O primeiro está perdido, está perdido polo centro de Vigo, morre alí en Castrelos e é unha vía urbana como outra calquera e, polo tanto, é imprescindible que este tramo se faga nas mellores condicións e que efectivamente os enlaces se fagan nas mellores condicións, para a cidadanía de Vigo e, como tamén se dixo aquí, para a toda a cidadanía que se despraza cara ó sur de Galicia.

Polo tanto, é evidente que de Esquerda de Galicia a proposición non de lei vai ter todo o noso apoio. Non nos corresponde a nós, como é evidente, posiccionarnos sobre a aceptación ou non da emenda por parte da ponente. Pero mentres a emenda non diga que lle temos que suplicar ó Ministerio de Fomento, non teremos ningún problema en apoiar unha iniciativa que vai solucionar este problema, que non entendemos cómo se creou, señorías. Non entendemos cómo se puido deseñar esta infraestrutura sen ter en conta precisamente esa comunicación, non o entendemos; pero, xa que está así, pois polo menos imos poñe-lo noso gran de area para contribuír a arranxalo, por Vigo, pola comarca e evidentemente pola cidadanía galega en xeral.

Máis nada e moitas gracias.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Pazos.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque, ten a palabra o señor Trigo Durán.

**O señor TRIGO DURÁN:** Señor presidente, señorías, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego vai apoiar a proposición non de lei que se presenta, na súa parte dispositiva, para a súa aprobación. E quero recalcar: na súa parte dispositiva. Estamos ante unha cuestión, por parte da propoñente e do grupo propoñente, en definitiva, de deseño dunha infraestrutura e da realización dun nó desa infraestrutura.

Evidentemente nós non poderíamos estar de acordo co que se escribe ao respecto de que esta sexa a comunicación de Pontevedra coa autovía das Rías Baixas, xa que neste Parlamento temos aprobado propostas non neste sentido. Non pode, para o Bloque Nacionalista Galego, aprobarse a proposición no sentido da parte, digamos, de preámbulo que se ten aquí, incitándonos a que isto sexa a comunicación de Pontevedra coa autovía das Rías Baixas; se non, estaríamos desvalorizando incluso un acordo parlamentario no que pretendíamos todos os grupos, e incluso a proposta do grupo propoñente en determinados momentos, que Pontevedra tivese outra comunicación coa autovía das Rías Baixas. E incluso existe unha proposta do grupo propoñente nese sentido presentada nesta Cámara, neste período lexislativo. Polo tanto, nós non poderíamos caer nesta posición. Nós imos apoiar evidentemente que se poida chegar a Istambul e a Portugal, está claro. Esperamos que non sexa en broma, senón que sexa, digamos, en serio; as bromas no tema Istambul non nos gustan porque significa utilizar expresións que non consideramos axeitadas, se é que van por determinado lugar. Porque nós estamos noutra posición.

A comunicación de Pontevedra e Arousa, desde logo, non está por aí. O tema Rande-Puxeiros necesita seguramente este tratamento de conexión que a señora Villarino plantexa, para que dalgunha maneira todo quede perfectamente deseñado. O Grupo Popular non pretende absolutamente nada na emenda que presenta. A emenda incluso non ten absolutamente nada que ver coa proposición non de lei, porque a proposición

non de lei fala dun deseño dun determinado nó e a emenda dinos que instemos o Ministerio de Fomento para que complete dunha vez a conexión entre a autoestrada A-9 e a autovía Vigo-fronteira de Portugal e a autovía das Rías Baixas. E non di nada máis. E, claro, se queremos saír na unanimidade total xa lles ofrezco a transacción. Poden poñer unha cousa que diga algo así como: "...e dentro desas conexións que se estudie a posibilidade deste nó". E xa conseguimos a unanimidade parlamentaria pero non o obxectivo que pretendemos dunha decisión do que sería o deseño nese punto.

Como a emenda do Partido Popular é algo así como aquela teoría do capitán Araña, "embarquémonos e vaian", pois nós non temos ningún problema en votarlles a favor para que sigan vostedes co apoio e co impulso que pedía o señor Casares, para que se faga a conexión, para que se estudie e que se complete a conexión. Pois moi ben, non hai ningún tipo de problema pola nosa banda. O que ocorre é que, se a propoñente non admitise a emenda, nos preocuparía no que significa o xogo parlamentario que o Grupo Popular mañá presentase como proposición non de lei propia o que hoxe presenta como emenda. Por unha razón: os antecedentes parlamentarios lévannos á situación da semana pasada —desde logo moi chamativa—, unha situación na que hai unha proposta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego na que se solicita do Ministerio de Fomento a gratuidade do tramo Guísamo-A Barcala —que foi rexeitada cos votos do Partido Popular— e que se converta, igual que Rande-Puxeiros, nun *cinturón* de entrada na Coruña, que non haxa que pagar por saír da Coruña nin por entrar na Coruña cando se vén da autovía das Rías Baixas. E votan todos en contra, e ao día seguinte, miren por onde, o Partido Popular presenta no rexistro deste Parlamento unha proposición non de lei pola que solicita iso que votou o día anterior en contra en Comisión. Pois, miren, eu, de verdade, por aliviarlles da cuestión, prefiro que a propoñente chegue a un acordo con vostedes por aquilo de que a Cámara debe ser un lugar onde tomemos as decisións cun pouco de meditación. Entón, se chegan a un acordo, nós votaremos a prol do acordo; que pode ter esa redacción. Pero se é bo para Vigo, pois estaremos de acordo con iso.

Débolle facer unha pequena corrección, señor Casares —ademais esta vez tócame a min intervir de último, co cal non vai ter vostede a oportunidade de retrucar, como sempre ten—, sobre as vías de alta capacidade, que son as vías de alta capacidade construídas pola Xunta co diñeiro de todos os galegos. Unha vía de alta capacidade-corredor pois non é unha vía na que se teña que circular a 30 km/h ou a 40 km/h. O señor conselleiro seguramente non circula por ela, porque seguramente os luns é cando vén de volta. Pero miles de cidadáns quedan atascados no corredor de alta velocidade, ou no corredor da vía rápida do Salnés, a VRG-41, na que a velocidade queda en 40 km/h en moitos casos ou en dúas horas de espera para percorrer os poucos quilómetros que ten. Entón tan optimista non se debe ser. Hai que recoñecer as cuestións. Pero eu espero que cheguemos a un acordo, que a prioridade nos cartos e nos gastos sexa a normal, e que sexa aquela racional que di que ás veces o gastar cartos en portos mal deseñados non está ben feito e non se debe facer, incluso cando un non é navegante; porque cando un non é navegante non sabe nin o que fai cando fai portos. Esperemos que o acordo exista e que, en fin, poidamos vir desde Dinamarca a Istambul, como dicía a señora propoñente, con toda tranquilidade, e ata Portugal tamén. Pero, iso si, a conexión de Pontevedra coa autovía das Rías Baixas por outro lado, non por este.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas, grazas señor Trigo.

Para posicionarse respecto da emenda, ten a palabra a señora Villarino Santiago.

**A señora VILLARINO SANTIAGO:** Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor Trigo, non seremos nós, os socialistas, e eu moito menos, os que váiamos prohibir-lles ós cidadáns de Pontevedra que circulen pola A-9 e pola de Rande-Puxeiros. Todo o contrario, recibirémolos en Vigo con moitísima educación e moito cariño. Nós temos en Vigo un gran respecto por tódolos cidadáns de Pontevedra. Vostede falou aquí dunha iniciativa que non é a miña. Vostede perdóme, nós traemos unha iniciativa moi concreta, non traemos outra, traemos unha moi concreta. E desde

logo espero e confío que os cidadáns de Ferrol, da Coruña, de Sada, de Pontevedra, de Arousa e mesmo de Chapela vaian a Vigo, que vaian pola A-9, que vaian a Puxeiros e que vaian ó Val Miño, e que vaian por onde queiran. É que vostede —sen acritude— non me pode dicir que traía aquí outra iniciativa. Traíaa vostede, ou xa a traerei cando o meu grupo a considere pertinente. Nós hoxe traemos unha moi concreta, que cremos que debe de resolver un problema importante de tráfico e de conexión de dúas vías de alta capacidade. E iso é o que hai. Nós, desde logo, non estamos en ningún caso dicindo que non haxa unha conexión de Pontevedra coa autovía das Rías Baixas, para nada. Agora, tampouco lle imos prohibir ós pontevedreses que veñan pola A-9. ¿Estamos claros niso? Pois se iso está claro e lle quedou claro a todo o mundo, non quero que haxa máis confusión neste tema.

A verdade é que non pensaba que tivese que intervir nesta dirección, pero en calquera caso a emenda do Grupo Popular, que é basicamente na mesma dirección, é unha emenda que está desde logo no mesmo senso que a nosa proposición. En todo caso, como non quedaba claro na emenda do Grupo Popular, queríamos facer unha transacción. Imos propoñer unha transacción alternativa á nosa, na que supoño que estaremos todos de acordo, e é que nós o que queremos é garantir que en todo caso a conexión entre a A-9 e a autovía das Rías Baixas se faga en vias de alta capacidade. Non vaia ser que ó final nesa solución técnica, se non lle poñemos cando menos ese límite, se chegue a unha solución que non sexa satisfactoria para todos.

Nese sentido, nós renunciámolo con absoluta tranquilidade a que figure que se faga o nó fisicamente aí, que a conexión se faga no nó que xa se está neste momento realizando. O que queremos, e o fundamental, é que esas dúas vías de alta capacidade queden perfectamente conectadas e que se permitan tódolos tráfico. E como iso creo que tamén é o que pretende o Grupo Popular, vou ler cál sería a nosa proposta de nova redacción e que entendo que podería ser asumida por todos: “O Parlamento insta a Xunta de Galicia a que realice tódalas medidas e xestións necesarias diante do Ministerio de Fomento para que na intersección entre o tramo da A-9 Rande-Puxeiros e a autovía Vigo-O Porriño-fronteira portuguesa se garantan en alta capacidade os movementos desde a A-9 cara á autovía e viceversa, en tódolos sentidos e direccións,

salvagardando os intereses dos usuarios, como evita-lo tráfico pesado pola rede viaria local da parroquia de Cabral”.

**O señor PRESIDENTE:** Se non lle molesta que a interrompa, case é mellor que suspendamos un minuto, redáctano e despois lémololo aquí desde a Presidencia.

Suspendémo-la sesión por dous minutos.

**A señora VILLARINO SANTIAGO:** Moi ben, moitas grazas, señor presidente.

*Suspéndese a sesión ás sete e quince minutos da tarde e reiníciase ás sete e trinta minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Señores deputados, ocupen os seus escanos, por favor.

Imos dar lectura ó acordo que acadaron o grupo propoñente e o que presentou a emenda á proposición non de lei. Por favor, ocupen os seus escanos porque imos proceder a votar.

O acordo é o seguinte, que é o que se vai someter a votación.

Despois do preámbulo, a proposición non de lei di o seguinte:

“Por todo iso presentámo-la seguinte proposición non de lei: O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que realice tódalas medidas e xestións necesarias diante do Ministerio de Fomento para que a conexión entre a A-9 e a autovía das Rías Baixas no sentido de circulación cara á Meseta se faga en vías de alta capacidade.”

Iso é o que imos someter a votación.

Procedemos a votar.

*(Votación.) (Pausa.)*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: Votos a favor, 59.

Non aparece rexistrada ningunha outra anomalía, sen embargo haina. *(Risos.)*

A dona Pilar García Negro e o señor López non lles funcionou... entón entendemos que é con sentido favorable ¿non? *(Pausa.)*

Faltan máis. Entón, se lles parece, volvemos repetir. Anulamos esta votación e procedemos de novo a votar.

*(Votación.) (Pausa.)*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: Votos a favor, 65.

Queda aprobada por unanimidade.

**PROPOSICIÓN NON DE LEI DO G.P. POPULAR DE GALICIA, POR INICIATIVA DE D. ROBERTO CASTRO GARCÍA E D. DANIEL BARATA QUINTAS, SOBRE A ACTUACIÓN DO GOBERNO GALEGO PARA A DECLARACIÓN DO ANO 1999 COMO ANO EUROPEO DA EDUCACIÓN VIAL.**

**O señor PRESIDENTE:** Existe unha emenda presentada polo Grupo Parlamentario do PSOE, da que dará lectura o señor secretario.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado don Ismael Rego González, a través do seu portavoz e o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de adición á proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de don Roberto Castro García e don Daniel Barata Quintas, sobre a actuación do Goberno galego para a declaración do ano 1999 como Ano Europeo da Educación Vial:

“Engadir ó final da resolución os seguintes apartados:

1.- Promover e executar de xeito inmediato un plan de eliminación de puntos negros nas estradas galegas con independencia da titularidade da administración de quen dependa.

3.- Programar en colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico a celebración de cursos de seguridade vial nos centros da rede pública de ensino ou concertados.”

**O señor PRESIDENTE:** Para a defensa desta proposición non de lei, ten a palabra o señor Roberto Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Señor presidente, señoras e señores deputados, achegados como estamos a esta fin de século e de milenio, parece que colle carta de natureza e se confirma como aforismo aquel que asegura que as tres causas de máxima mortandade hoxe en día levan “c” como inicial: cancro, corazón e carretera —estrada no caso do idioma galego—. Voume referir á terceira das citadas.

En efecto, en España prodúcese unha media de seis millóns de sinistros sobre unha poboación de 19 millóns de vehículos a motor; cun custo medio por vehículo, por automóbil, de 230.000 pesetas, contando gastos económicos e sanitarios. A contabilización do custo dos accidentes de tráfico, tendo en conta os traslados dos feridos —vía helicópteros, ambulancias, UVI móbil, etc.—, a hospitalización, as horas de intervención cirúrxica, os gastos de xestión do accidente, os gastos persoais e sociais derivados da perda de produtividade laboral, as indemnizacións por morte e invalidez, os gastos, digo, elévanse a dous billóns de pesetas. Pero ademais do custo económico, que é de por si importante, máis importante son as consecuencias sociais debido á perda de miles de vidas humanas e á súa incidencia nas persoas e nas familias.

Por dar algúns datos, con fonte en Eurostat (Oficina Estatística Comunitaria), o número de mortos por millón de habitantes está en 120 nos quince países da Unión Europea e o número de mortos por millón de vehículos está en 277 na Unión Europea. Estas cifras están amplamente superadas en España, con 410 mortos por millón de vehículos e 150 mortos por millón de habitantes.

As repercusións que teñen os accidentes, tanto a nivel social como económico, son obxecto dun gran número de estudos que tentan identifica-los motivos polos que se producen. Existe un certo consenso entre os expertos acerca dos principais factores determinantes da sinistralidade: infraestruturas viarias deficitarias, vehículos e comportamento dos conductores. Este comportamento resulta o máis significativo, xa que o resultado de tres grandes investigacións internacionais, como son a da Universidade de Indiana,

aquela que fixo o programa (...) francés e a efectuada polo programa TRR británico coinciden en que entre o 80% e o 90% dos accidentes son debidos a erros humanos, e soamente entre o 10% e o 20% teñen os factores ambientais e o vehículo como causas desencadeantes do sinistro.

Como importantes conclusións destacaríanse, en primeiro lugar, que a maior parte dos accidentes son producidos por un 25% de conductores nos que se inclúen persoas de menos de 30 anos; e, en segundo lugar, que un de cada dous mortos en idade xuvenil o é por accidente de tráfico, sendo este grupo de idade o que máis mortalidade presenta por este concepto en España.

Hai compoñentes e comportamentos característicos nesta idade. Non quere dicirse que estes comportamentos non se dean noutras, pero fundamentalmente nestas idades danse comportamentos de agresividade, de competitividade, de exhibicionismo tamén, de pasión pola velocidade, de busca de novas emocións, de amor polo risco. Moitos estudos demostran tamén a relación entre accidentes de tráfico, consumo de alcohol e/ou drogas. O problema é importante, sen dúbida, señorías. Vostedes coñéceno perfectamente, como podo comprendelo eu tamén.

*(Ocupa a Presidencia o señor vicepresidente primeiro, Delgado Arce.)*

En España, en 1996, o número de conductores era de 17.188.000 e ademais había 2.233.000 motoristas. O número de vehículos era neste ano 19.542.000. Pensen as súas señorías que en vintecinco anos se pasou de 155 vehículos por mil habitantes a 497 vehículos por mil habitantes. Houbo tamén, e iso hai que recoñecerlo, un rexuvenecemento do parque móbil, xa que o 58% dos coches teñen menos de 10 anos e o 23% deles matricularonse hai menos de cinco anos.

Pero, señorías, as fins de semana e as vacacións —nadal, semana santa, xullo, agosto— seguen a darnos datos arrepiantes, e non só en vacacións. Sen ir máis lonxe, a pasada fin de semana houbo 26 mortos por accidente de tráfico en España.

Entre as posibles medidas a adoptar diante dunha situación tan dramática, ademais das melloras das infraestruturas viarias, terreo no que se leva razoable-

mente traballado moito nos últimos anos, tanto a nivel estatal como a nivel galego, e tamén no maior control policial nun ánimo disuasorio e preventivo, entendemos que toda a sociedade debe tomar conciencia deste problema: os cidadáns en xeral, os medios de comunicación social, as administracións públicas, o sistema educativo. Estamos todos chamados a realizar un esforzo no ánimo de concienciamos neste asunto que a todos nos afecta. Son importantísimas as campañas de educación vial enfocadas a todos pero especialmente ós grupos de alto risco, fundamentalmente á xuventude. Neste senso hai que cita-las campañas efectuadas polo Goberno galego desde a Consellería de Educación. O Goberno galego, consciente e preocupado por este problema, puxo no seu día en marcha o programa “Seguriño”, o programa SEMA e outro programa para conductores de transporte escolar; iniciativas importantes, de grande utilidade. Pero sen abandonar isto debemos ir algo máis aló. Hai que ter en conta que os 8.570 accidentes graves que se produciron en Galicia o ano pasado con 494 mortos e 8.775 feridos resultan uns datos altamente preocupantes.

Tendo en conta que o problema afecta a tódolos países, considerando que España e Galicia tamén sofren, como se dixo, este grave problema —acentuado, se cabe—, desde o noso grupo solicitamos á Cámara que tome a iniciativa, que pensamos que debe ser unánime, para que se fagan as xestións que permitan que o vindeiro ano 1999 sexa declarado o Ano Europeo da Educación Vial. Sen prexuízo dos esforzos que a tódalas idades poidamos facer, pensamos que hai que incidir na escola, nas xeracións máis novas, ademais de no resto da poboación.

Solicito pois, señor presidente, señorías, o voto favorable para esta iniciativa na seguridade de que será ben recibida tendo en conta a súa sensibilidade por un tema tan importante.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Castro.

Polo grupo parlamentario emendante, ten a palabra o señor Rego González.

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, a verdade é que o tema que estamos a tratar é para o Grupo Parlamentario Socialista un tema importante. E é importante por dúas cuestións. A primeira delas, desde logo, é porque afecta a moitos cidadáns, desgraciadamente, na nosa Comunidade Autónoma; véño facendo de xeito reiterado ó longo dos anos. E tamén o consideramos importante, cómo non, porque é unha iniciativa que trae a esta Cámara o primeiro grupo parlamentario do noso país, ou sexa, o grupo parlamentario que obtivo a confianza da maioría dos galegos para gobernar nesta terra. Polo tanto, é un tema ó que nós lle damos certa importancia, como, por outro lado, non podía ser doutro xeito. Non presenta o Grupo Parlamentario Popular moitas iniciativas, e polo tanto as que presenta son vistas polo noso grupo parlamentario con moita atención; entre outras cousas porque entendemos que as iniciativas que presentan son as que eles entenden que responden a problemas máis importantes que preocupan á sociedade galega. E as propostas que fan para resolvelos pois serán as que eles consideran máis axeitadas como primeiro partido que son nesta Cámara pola confianza que os galegos lle aportaron. Polo tanto para nós ten moita importancia este tema, e, como lles dixen antes, vémolos con moitísima atención. Imaxinamos que, dos puntos que se tratan hoxe na orde do día, non sería de estrañar que para os medios de comunicación e para o conxunto da sociedade galega este debería de ser un dos puntos de maior importancia. Debería de selo. E a proposta que vostedes fan debería de se-la proposta que debería de estar encamiñada a resolver un importante problema que existe no noso país.

Nós, señor Castro, xa lle adiantamos que estamos de acordo con vostede. Estamos de acordo en que este é un grave problema que afecta á nosa sociedade e que afecta de xeito especial a Galicia.

Vostede falou moito do conxunto de España. Pero, claro, ocorre que o noso país no conxunto de España é unha excepción en negativo. Isto non o debemos de esquecer. É negativo en número de accidentes; é negativo no número de accidentes de vítimas mortais; é negativo no número de puntos negros que existen nas nosas estradas. Eu non podo crer, señor proponente, que en Galicia os conductores sexan peores e máis imprudentes que en Cataluña, en Andalucía ou na Comunidade Autónoma de Madrid ou no país valenciano. Iso non o podo crer. Sen embargo, en Galicia

hai máis accidentes, mirémolo polo lado que o miremos. Desde logo, se o miramos polo número de habitantes ou polo número de quilómetros que temos de estradas, estamos porcentualmente a anos luz, desgraciadamente, desas comunidades autónomas. Iso explícanollo perfectamente as propias tarifas das compañías de seguros, que practicamente son máis caras que en ningún outro lado de España.

E vostedes —e paréceme que con moita valentía— traen aquí unha iniciativa que nos pon diante da nosa realidade, de xeito especial ó Goberno. Porque nós entendemos que hai cuestións que si inciden, como a da climatoloxía, que teñen unha incidencia negativa. Claro que a teñen. Non compartímo-la dos conductores, nin a dos imprudentes, non son nin máis nin menos prudentes nin imprudentes que no resto. Non hai nin máis nin menos problemas de alcohol ou de drogodependencias que no resto, afortunadamente —niso imaxino que vostede estará de acordo comigo en que aínda non imos á cabeza—. Agora si, nós podemos entender que a climatoloxía si ten unha incidencia negativa. Pero se ten unha incidencia negativa, señor propoñente, señores do Goberno, loxicamente terá que ter un tratamento específico tamén. Teremos que ter unha política en materia de comunicacións, en materia de estradas, que teña en conta a situación na que está o noso país en temas tamén de climatoloxía.

Se temos unha dispersión de poboación e se temos que as estradas están cheas de construcións e hai zonas do noso territorio que son auténticas travesías dun conxunto, pois loxicamente haberá que facer aí un tratamento específico e haberá que facer tratados de iluminación desas estradas e haberá que facer unhas beirarrúas en debidas condicións e haberá que tratar esas zonas do noso territorio pois tendo en conta a especificidade que ten no tocante á dispersión poboacional. Imaxinamos que aí hai un traballo moi importante que facer. ¿Ou é que vostede descoñece que, por exemplo, a provincia de Lugo é a provincia que ten hoxe en día máis puntos negros de tódalas do Estado español? ¿Vostede descoñece esta realidade? ¿Iso non ten nada que ver co número de vítimas mortais, no que tamén está á cabeza se temos en conta o seu número de poboación? Algo terá que ver con iso.

Polo tanto, parécenos que hai que buscar algunhas cuestións despois do que vostede expuxo aquí sobre o

número de accidentes, que son lamentables. De toda esta problemática que temos, haberá que buscar tamén algunhas cuestións de por qué isto se produce e buscar por qué se produce, qué alternativas temos para iso. E eu con moito respecto para a súa iniciativa, señor propoñente, téñolle que dicir que desde logo non me parece que isto o vaíamos resolver instando o Goberno central para que faga as xestións necesarias para propoñer que o ano 1999 sexa o Ano Europeo da Educación Vial. Que seguramente non sobra, seguramente que non; xa lle digo que isto, complementado coa nosa emenda, o imos apoiar. Porque nos parece que non sobra, e ata estaría ben.

Nós presentamos unha emenda, e lamentamos, aínda que o respectamos, desde logo, que por parte da Mesa do Parlamento pois se vira certamente *cercenada*. E paréceme que non tanto porque non tiña cabida o conxunto da emenda, senón porque nós na redacción seguramente que a explicamos mal. Non me gustaría a min dicir que na Mesa do Parlamento non fora entendida. Seguramente que a Mesa do Parlamento a entendeu perfectamente. Seguramente que foi este grupo parlamentario o que se explicou mal. Cando nós dicimos e pedimos a través da emenda que o Goberno incremente os recursos adicados á mellora de estradas en Galicia e á seguridade vial —e non dicimos con cargo a qué ano— pois indubidablemente pode ser perfectamente con cargo ó presuposto do ano que vén, que estará elaborando neste momento o Goberno. Pero a Mesa do Parlamento non o entendería así e seguramente que nós tamén podemos poñer que fora con cargo ó presuposto do ano que vén, non pasaría nada; pero en calquera caso a nosa intención era esa.

Despois dicímoslle, señor propoñente, que a nós nos parece que hai que tratar dunha vez por todas de insta-lo Goberno para que faga un auténtico programa de actuacións en eliminación de puntos negros na nosa terra. Iso si actuará en positivo para, dalgunha maneira, arranxar iso que vostede denuncia con moito acerto.

Nós xa o fixemos ó longo do debate dos presupostos deste mesmo ano, e certamente a través dunha emenda que vostedes votaron a favor. Iso é certo, foi unha das emendas que se aprobou. Do que non sabemos nada é do que se fixo con aquela emenda.



Darémolles seguramente, sen tardar, a oportunidade ó señor conselleiro, se é que el non o fai de oficio, para que veña aquí e nos conte o que fixo con aquela emenda, porque era unha emenda que o instaba precisamente a que fixera este programa que agora nós dicimos aquí. Polo tanto, xa verémo-lo que fixo; pero se vostedes o votaron daquela, seguramente non terán ningún inconveniente en votalo agora, xa que é unha emenda de engádegas que non lles ten ningún problema.

E logo parécenos que é importantísimo, mesmo tendo en conta o que vostede dixo, que o Goberno galego, á parte do que está facendo xa a Dirección Xeral de Tráfico, da Administración central, pois que faga unha programación de actuacións que permitan convenios de colaboración coa Dirección Xeral de Tráfico para que se fagan cursos de educación vial nos centros públicos ou concertados de Galicia. Isto si que nos parece realmente importante. Algo disto xa está facendo a Dirección Xeral de Tráfico, pero parécenos que isto debiera lideralo o propio Goberno autonómico, e nada mellor que instalo a través deste Parlamento, unha vez que vostedes están de acordo en que existe un problema e que este problema loxicamente ten unha parte de resolución tendo en conta a educación vial. E parécenos que os colexios son desde logo un sitio importante para facelo.

Polo tanto, a nosa emenda ten un carácter marcadamente positivo, de engádegas ó que vostedes propoñen, e espero que a tomen en consideración porque non obstaculiza para nada o que vostedes propoñen. Eu entendo que isto non lles debe de crear ningún tipo de dificultade.

A nós parecenos que hai que tomar en serio este tema, que hai que tomar en serio ter unha política de acondicionamento das travesías en Galicia, ter unha estratexia de comunicacións axeitada. E o Goberno galego debe de ter esa estratexia, tanto para as estradas que son da súa competencia como para as que son competencia doutras administracións. Se temos un goberno galego, debe de ser el quen lidere a estratexia de comunicacións de Galicia, independentemente de quen teña a competencia das estradas. A Lei de estradas de Galicia establece eses principios. E se os establece, soamente fai falta que o Goberno respecte a lei que el mesmo trouxo a este Parlamento e que se apro-

bou cos votos do Grupo Parlamentario Popular. Polo tanto, non lles estamos pedindo nada novo nin nada que vostedes non apoiaran no seu día. Pedímoslles, xa que vostedes trouxeron aquí a Lei de estradas de Galicia e que vostedes a apoiaron co seu voto favorable, que sexan consecuentes con ela e que entre todos lle pidamos ó Goberno que, cando menos, desenvolva o previsto nesa lei. Se desenvolve iso, seguramente, señor propoñente, que imos arranxar, se non en todo si en parte, o problema das nosas estradas e dos sinistros que nelas se producen. Cando menos, para que non sexa en porcentaxe máis do que acontece no resto do Estado. Iso é o que nós pretendemos e estamos seguros de que é o que vostedes pretenden tamén.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Rego.

¿Grupos non emendantes? (Pausa.)

Polo Grupo Mixto, ten a palabra señor Pazos Varela.

**O señor PAZOS VARELA:** Señor presidente, señorías, teño que confesarlles que, cando no Grupo Parlamentario de Esquerda de Galicia nos repartímo-lo traballo á hora de intervir nas diferentes propostas que viñan ó Pleno de hoxe e de mañá, e cando me tocou a min exercer de portavoz nesta proposta, lina con moita atención e levei unha gran alegría, case mesmo me emocionéi, porque atopei unha proposición non de lei do Partido Popular, das poucas que leva presentado o Partido Popular. E lendo a exposición de motivos, dixeran: “¡Tate!, están a dar no cravo nun grave problema que temos neste país”.

Claro que esa emoción se transforma en abraio cando leo a proposta de resolución; en abraio, en incredulidade, a non ser que logo o señor propoñente me ilumine contestando un par de dúbidas que un ten.

Efectivamente, o señor Castro, en nome do Partido Popular, con certa erudición, mesmo alfabética —lástima que lle fallou o “e” de estrada que non casa co “c” de cancro—, con certa erudición alfabética castelá neste caso, non exenta mesmo de lirismo e algo de catastrofismo, pois fainos unha exposición exhaustiva en datos e números de algo que é incuestionable.

Efectivamente que o parque automobilístico español —galego, neste caso, prefiro falar do parque galego— ten determinadas eivas, o número de accidentes é importante e, polo tanto, o número de mortes. Eu non me metería tanto nos gastos sanitarios, porque iso é secundario. Se hai gastos sanitarios é porque ás veces o accidente é reversible, e iso é mellor que non sexa reversible e que non haxa gasto sanitario. Eu prefiro gasto sanitario sempre que se salve a vida da persoa accidentada, antes de “mellor rematalo” para que non haxa gasto. Ben, totalmente de acordo. Os accidentes dos viandantes, efectivamente, tamén son excesivamente frecuentes por razóns incluso climatolóxicas. Perfectamente de acordo. Pero sigámo-la proposta de resolución: “Que se declare o ano 1999 como Ano Europeo da Educación Vial”. Señor Castro, a primeira pregunta é: ¿vostede está seguro de que esa declaración acabará cos accidentes? Porque se está seguro, se ten datos, eu apóioa, a non ser que sexa que lle encanten as declaracións: ano europeo, ano xacobeo, ano do cachondeo... Porque, sinceramente, desde Esquerda de Galicia parécenos unha tomada de pelo que esta proposición non de lei tan ben documentada quede nisto, na declaración de ano europeo. A non ser que vostede nunha segunda intervención me diga cuántos fondos estruturais vai supoñer para Galicia esa declaración de ano europeo. Claro, se supón miles e miles de ecus para a mellora de infraestruturas de estradas, etc.; se supón miles e miles de ecus para a mellora das sinalizacións das nosas vías de comunicación; se supón miles de ecus para realizar programas de formación en educación vial, entón benvida sexa daquela a declaración de ano europeo e de ano do que faga falta.

Porque, efectivamente, o señor Castro sabe tan ben coma min —non sei se mellor, pero tan ben seguro que si— que a antigüidade do parque de vehículos non a soluciona o ano europeo, solucióna a que a cidadanía teña capacidade adquisitiva suficiente para cambiar un vehículo. A ninguén —dígoo por experiencia—lle gusta andar nunha tartana polas estradas do mundo. Xa vai coas pretensións de cada un que o coche sexa máis grande ou máis pequeno, pero, cando menos, a todo o mundo lle gusta andar nun coche, nun vehículo, con certa seguridade, se ten capacidade adquisitiva para poder acceder a el. Claro, se non, hai que conformarse con iso ou con ir a pé. E aí entran os accidentes dos viandantes.

Sabe perfectamente que o número de accidentes ten que ver coa situación das nosas infraestruturas viarias. Ten que ver coas estradas infernais que aínda padecemos en moitísimos puntos do noso país. Coa climatoloxía tamén, e incluso —en porcentaxes máis baixas do que o catastrofismo que o proponente di— coa temeridade de determinados conductores e conductoras. Efectivamente.

Pero o problema fundamental está nas infraestruturas, nas boas estradas. Pero iso é estatística pura. Nas boas estradas hai menos accidentes que nas malas, seguro. Hai fallos mecánicos, fallos humanos, pero hai menos accidentes. Circúlase con moita máis seguridade. E efectivamente é necesario —aí estou totalmente de acordo— promover cada vez máis —porque cada vez hai máis vehículos, máis tráfico, máis accidentes— cada vez máis campañas de educación vial, nas escolas e nos foros que faga falta. Hai que facer campañas de educación vial destinadas tanto ós susceptibles de seren conductores e conductoras como ós viandantes.

Iso está clarísimo, pero non me diga vostede que todo iso se soluciona, como única proposta para votar aquí, instando a Xunta de Galicia para que demande do Goberno central que o ano 1999 sexa Ano Europeo da Educación Vial.

Se vostede ten a ben despois explicarme qué consecuencias vai ter esa declaración na mellora das nosas infraestruturas, na eliminación de puntos negros como dicía o señor Rego, na mellora das sinalizacións das vías de comunicación, en programas de formación en educación vial, daquela, se hai unha relación causa-efecto directa, nós votaremos a favor. Téñao en conta. Pero de verdade, tal e como está a proposta, ou nós a interpretamos mal, que todo pode ser, ou isto é un verdadeiro cachondeo —e perdóeme a palabra—, porque para esta viaxe, para chegar aquí, non facían falta as alforxas anteriores, nin tanto dato nin tanto alarmismo, nin tanto catastrofismo.

Efectivamente votaríamos con moito máis gusto se se aceptan as emendas que se presentaron, que, polo menos, aportan algo, aínda que non puideron aportar, parece ser, o que pretendían de mellora de infraestruturas; aportan, polo menos, o da eliminación dos puntos negros e o das campañas de educación. Eu non

podo engadir nada, pero eu engadiría, efectivamente, unha mellora clarísima da sinalización das nosas vías. Así estaríamos tomando en serio o tema, porque é serio, que ninguén desprenda da miña intervención que nós tomámo-lo tema de *cachondeo*. Non, en absoluto, a intervención é irónica porque o tema é excesivamente serio para ser tratado como é tratado na proposta de resolución desta proposición, non na exposición de motivos, que está centrada —agora que lles gusta tanto esa palabra— na cerna do asunto. O problema é a resolución que está totalmente descentrada e, como dicía aquel personaxe de Woody Allen do que se ten falado aquí, total e absolutamente desenfocada.

Coa emenda enfocaríana vostedes un pouco mellor, pero realmente tampouco sería o que se tiña que esperar do grupo maioritario desta Cámara cando se decide a afrontar un problema que, efectivamente, aínda que non teña o “c” de cancro e o “c” de corazón, é un dos graves problemas da nosa civilización —non me fai falta chegar ó 2001— na actualidade; e por desgracia vaino seguir a ser porque a civilización camiña cara aí.

Como o tema é serio, señores do Partido Popular, aínda estamos a tempo. Tómeno en serio, déanlle un pouquiño de contido aceptando a emenda e daquela poderemos votar. É que, se non, de verdade que eu non sei o que podo facer, se votar a favor ou votar en contra, porque me parece... Prefiro non cualifica-lo do ano europeo, é peor aínda que o do Ano Xacobeo, porque polo menos o señor Pérez Varela inchounos isto de cousas co Ano Xacobeo. Pero é que vostedes non enchen absolutamente nada, está baleiro totalmente. E eu prefiro que se declare o ano do *cachondeo* a ver se nos divertimos todos un pouco máis.

Moitas grazas, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE (Delgado Arce):** Moitas grazas, señor Pazos.

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Suárez Canal.

**O señor SUÁREZ CANAL:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, a posición do noso grupo a respecto da iniciativa presentada polo Partido Popular vai ser a de votala favorablemente.

Afronta un problema que todos temos claro que é un problema grave, con repercusións en vidas humanas, como fixo referencia xa o propoñente, e que ten un custo —o famoso lucro cesante— tamén moi importante. Por iso nós, aínda que consideremos que a proposición non de lei é absolutamente insuficiente, *cicatera* á hora de tratar o problema, imos votala favorablemente.

Entendemos que traduce unha preocupación e unha sensibilidade polo problema, pero dende logo desenfoca absolutamente as solucións que hai que darlle ao problema. Se un trae a esta Cámara o problema da seguridade vial, dos accidentes de tráfico, dos accidentes dos viandantes nas vías de comunicación, pensamos que debería de aportar algo máis que reclamarlle ao Executivo que faga xestións para unha declaración de ano universal de seguridade vial. Hai máis medidas. Mesmo como responsables que somos do pobo galego, teríamos que instar o Executivo para que sobre a súa esfera de competencia —non só sobre a esfera de competencias dos demais— actuara de forma directa sobre aspectos, aos que vostede tamén se referiu, que teñen moito que ver cos accidentes e coa sinistralidade. Nese sentido, botamos de menos que o marco referencial que a nós nos debe preocupar fundamentalmente, sen excluír outros, sexa o do noso país. E nese sentido entendemos que os datos levan a que se propuxeran outro tipo de medidas.

É posible que sexa a primeira dunha batería de medidas que sobre este tema nos vai traer o Partido Popular, e nese sentido nós, aínda que entendemos que é insuficiente, pois imos votala favorablemente.

Pero insisto en que o problema fundamental se sitúa, cando un aborda a problemática do tráfico, nunha concepción efectivamente global que ten que tocar aspectos moi diversos, e nese sentido supoñemos que vostedes terán propostas. Non só serán as propostas de cara á galería, ás bambolinas, que despois poden ter repercusións importantes —nós non negamos que o aspecto da educación é un aspecto moi importante no terreo da seguridade—, pero, dende logo, o que botamos absolutamente de menos é que non teñan un-

ha preocupación de reclamar do Executivo —unha vez que traen este tema aquí esperamos que o fagan no futuro— actuacións que modifiquen substancialmente a base material pola que circulan os vehículos, que, en moitas circunstancias, é a causa dese cuantioso número de accidentes —aos que xa se fixo referencia aquí de forma diferente á do resto do Estado— que se producen no noso país; que modifiquen a base material pola que andan moitos deses peóns aos que se refire a propia iniciativa que son atropelados por automóbiles. Nese sentido, hai, dende logo, unha carencia e un desenfoque absoluto.

Non entendo cómo se pode traer unha proposición non de lei a esta Cámara sobre este tema que faga única e exclusivamente unha referencia a reclamar un ano de seguridade vial. E imos, insisto, votarllo afirmativamente, pero esperamos que o Grupo Popular de seguido, se realmente ten a sensibilidade que di dende a tribuna polo problema, nos traia outras iniciativas que lle reclamen ao Executivo outro tipo de actuacións, mesmo que corrixa determinados comportamentos. Aí si que entendemos que pode ser efectiva a educación vial. Hai que educar na materia da que estamos a falar o conxunto dos cidadáns, pero tamén convén educar, e fundamentalmente, os gobernantes. Non hai que crear só módulos e publicidade na televisión e nos centros de ensino sobre aspectos referentes á educación vial, senón que ao mellor tamén hai que facer algunha unidade didáctica especial para gobernantes. Incluso algúns deses gobernantes, ao mellor, terían que ir a un módulo de educación especial.

E digo isto porque no noso país se ten producido de forma absolutamente descarada a instrumentalización de determinadas inauguracións, con perigo para a seguridade vial, por parte dos gobernantes. É dicir, ponse en primeiro lugar a instrumentalización electoral de determinadas infraestructuras antes que a seguridade vial. Eu pódolles dicir cómo determinados tramos da autovía van ir pola terceira inauguración que se produce —zonas como A Gudiña— e pódolles dicir cómo ese mesmo tramo da Gudiña non ten as obras rematadas. E cando se produciu a inauguración, cun valo presentado e non rematado, levou a que ese mesmo día houbera doce accidentes e morreran dúas persoas. Pero había que inauguralo porque había un proceso electoral.

A eses gobernantes hai que darlles educación vial para dicirlles que as obras convén inauguralas non en función da rendibilidade electoral senón en función da seguridade. E xa viu esta Cámara algún outro problema vinculado tamén a unha inauguración ou a un tratamento das obras absolutamente impertinente. E hai hoxe problemas que claman ao ceo e que teñen que ver coa negligencia dos gobernantes deste país en determinadas vías de comunicación. A comunicación por estrada que se produce hoxe entre Ourense e Lugo parece a obra do Escorial, e estamos falando das dúas capitais do interior que teñen unha maxinación absolutamente impensable. Non se dá rematado, hai tramos que están feitos e, por non completalos, non se inauguran, e hai outros que están sen facer e producen auténticos funís, onde ten habido mortes. Iso leva así dende hai cinco anos. Todos vimos —e eu pódolles dicir que aquí non falo de memoria— cómo circula o señor Fraga en automóbil, non só son as denuncias que saen nos periódicos. Eu, nas viaxes que fago ao Parlamento, tiven que cruzarme algunha vez co séquito do presidente e tamén vexo cómo circula. Pois a eses gobernantes tamén é importante educalos na seguridade vial. E nese sentido pensamos que ao mellor era pertinente un módulo de educación especial para os gobernantes da Xunta de Galiza, para que non teñan a tentación de instrumentalizar a realización de infraestructuras cunha perspectiva exclusivamente electoral cando está en xogo a seguridade vial. É importante que as obras estean en condicións de poder ser inauguradas para que esas inauguracións non produzan determinado tipo de problemas.

En definitiva, señores do Partido Popular, a educación vial está ben. Nós imos votar favorablemente que se produza unha presenza da educación vial nos centros de ensino, nos medios de comunicación, etc., que seguro que se esta declaración sae adiante, se traduciría, cando menos, neses aspectos.

*(Ocupa a Presidencia o seu titular.)*

Pero esperamos esa batería de iniciativas que vaian a outro aspecto, que probablemente non corrixiría os accidentes de tráfico e esa lacra, pero que si conseguiría que minimamente as cifras que temos no noso país tivesen unha presentabilidade estatal, unha presentabilidade mesmo no marco referencial no que nos movemos. E iso hai que pensar que está na base

material que soportan os nosos vehículos e que soportan os nosos peóns ao circular polas estradas. Nese sentido, pedímoslles que completen esta iniciativa con outras que veñan posteriormente.

Remato, señor presidente. Hai unha fermosa película de Kubrick, de carácter antibelicista, na que a xerarquía militar aproveita a desgracia dos mandos intermedios e dos soldados para instalarse nos sendeiros de gloria que normalmente viven ese tipo de persoas. Nós entendemos que os sendeiros de gloria están ben, pero, neste caso concreto, é fundamental actuar sobre a base material, e actuar sobre a base material significa que a eses gobernantes que moitas veces instrumentalizan os recursos públicos dunha maneira electoral e sen ter en conta a seguridade vial, hai que darlles tamén un cursiño acelerado e propoñerlles iniciativas que actúen de forma definitiva sobre esa base material.

De todos os xeitos, nós votaremos favorablemente porque entendemos que inician un camiño que esperamos que sexa fecundo, e non só con este tipo de propostas, senón con outras que teñan que ver máis directamente co marco referencial no que nos movemos, que é o noso país e o Parlamento galego.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Suárez Canal.

Rolda de posicionamento respecto das emendas presentadas.

Ten a palabra o señor Castro García.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Moitas gracias, señor presidente.

Efectivamente, imos posicionarnos sobre a emenda presentada polo Grupo Socialista, non sen antes facer algún comentario breve sobre o manifestado aquí polos señores portavoces.

De entrada, teño que agradece-lo voto favorable do señor Suárez.

El plantexa se é insuficiente ou *cicatera* a iniciativa. Pode ser ¿verdade, señor Suárez?, pero, en calquera caso, esta iniciativa non pretendía máis que unha

primeira toma de contacto co asunto e, sobre todo, un posicionamento da Cámara pola cuestión.

Sobre a cuestión da instrumentalización electoral e sobre tramos concretos de autovía, e facendo referencia especificamente ó tramo da Gudiña na A-52, señor Suárez, dígolle que vostede coñece tan ben coma min os tramos, coñéceos perfectamente. Se fose así como vostede plantexa, o obxectivo electoral quedaría neutralizado terminantemente polo efecto negativo que suporía unha sinistralidade como a que vostede anuncia a través desta cuestión.

E en canto, por exemplo, ó interese electoral, eu teño que dicirle que máis que interese electoral é interese económico. Vostede lembra que o viaducto de Allariz foi inaugurado nun só tramo, con dous carrís, e logo, posteriormente, os outros dous. Ben, pois a inauguración dese tramo, sen agardar ó outro, implicou un aforro económico de máis de 2.000 millóns de pesetas para o transporte. De maneira que, señor Suárez, este tema da cuestión da electoralidade hai que telo en conta ¿verdade?

Respecto do señor Pazos, ben, eu tamén estou de acordo con vostede, pero dígolle unha cuestión, prefiro que existan gastos sanitarios a que existan gastos funerarios. Niso estamos absolutamente de acordo.

Pola outra cuestión do cachondeo, ¡alá vostede en como tome esta iniciativa! É vostede libre, pertence a un grupo soberano, faga vostede como mellor lle pareza. Agora si, utilizo o refrán español: "*A buenos entendedores, pocas palabras bastan*".

Agradezo tamén, señor Rego, o seu interese pola cuestión e polo esforzo que representa toma-la molestia e a preocupación de emendar esta iniciativa. É verdade que os conductores non teñen por que ser diferentes ós cataláns ou ós casteláns ou ós manchegos, pero si é certo que o país é diferente, o noso país ó daqueles. E é verdade tamén —e díxoo vostede— que a climatoloxía inflúe de maneira importante en moitos accidentes, pero tamén a orografía do país, indubidablemente, e loxicamente as compañías de seguros plantéxanse, entre outras cousas, certos baremos ou certas referencias nesta cuestión.

Falou vostede, en materia de estradas, de algo importante. Vostede coñece Galicia hoxe e coñecía hai

dez anos, e sabe perfectamente o que ten feito este Goberno en materia de estradas, indubidablemente. Sábeo vostede, sábeo o seu grupo e sábeo o pobo galego. Eu teño que dicir que son menos infernais, en palabras do señor Pazos, as estradas do que o señor Pazos afirma.

Como dicía a súa compañeira de grupo, señor Rego, esta é unha iniciativa concreta e os puntos da emenda defendidos por vostede plantéxanse, desde logo, como argumentos importantes a prol da iniciativa; argumentos que agradecemos, indubidablemente. Pero non sería operativo, non sería razoable, presentar unha proposta concreta como a que defendemos e aceptar ó mesmo tempo aspectos importantes, aspectos seguramente necesarios, pero que podían ser abordados seguramente se calla o establecemento dese Ano Europeo da seguridade na Educación Vial.

Fíxense que falamos dunha iniciativa que prosperaría en toda a Comunidade Europea, co que iso ten de importante. Entenderán as súas señorías que a proposta de resolución é concreta, moi concreta, e a nós gustaríanos que saíra aprobada tal e como está, para non introducir nela argumentos que poderían desviar a atención do verdadeiro obxectivo, que non é máis que conseguir que o ano 1999 sexa Ano Europeo da Educación Vial.

¿Non vai resolver estes problemas de accidentes? Estou seguro de que non, ¡faltaría máis, se así fose, indubidablemente, con esas emendas e outras máis que puidese haber! Desgraciadamente, xa sabemos que non van resolver eses problemas. Pero estou seguro de que entenden e comparten este plantexamento. Eu rógolles un esforzo de comprensión pola súa parte e solicítölle-lo voto favorable, tendo en conta que a iniciativa é específica e concreta e que o que se pide é específico e concreto.

Máis nada, señor presidente, e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Castro.

Procedemos a votar a proposición non de lei tal e como vén reflectida no Boletín, sen recoller ningunha das emendas que foron presentadas.

Ponse a votación a proposición non de lei.

*(Votación.) (Pausa.)*

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 46; abstencións, 15.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, a proposición non de lei queda aprobada por 46 votos a favor.

*(Pide a palabra o señor rego González.)*

**O señor PRESIDENTE:** Señor Rego, ¿para que quere o uso da palabra?

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Para explicación de voto, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Explique vostede.

**O señor REGO GONZÁLEZ:** Para explicar que o Grupo Parlamentario Socialista, despois de non aceptada a nosa emenda, vímonos na obriga de non apoiar-la iniciativa do Grupo Parlamentario Popular, porque entendemos que apoiar e aprobar ese texto sería nada máis e nada menos que oculta-la verdadeira realidade galega, o gran problema que sofren moitas familias dentro do noso país, e sería facernos un pouco o *hazmerreír* do conxunto dos países que conforman a Unión Europea, ó pedir, precisamente, desde a nosa Comunidade Autónoma, que é a que ten o maior número porcentual de accidentes con sinistros mortais, con resultado de vítimas mortais —párecenos unha auténtica tomadura de pelo ós cidadáns do noso país—, única e exclusivamente que isto se vaia resolver cunha declaración de Ano da Seguridade Vial. Párecenos que non tería ningún tipo de sentido, e de aí o non poder apoiar esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor Rego.

A proposición non de lei seguinte debaterémola mañá ás 10 da mañá. Ata entón suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión ás oito e quince minutos do serán.*

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS PROCLAMADOS ELECTOS  
POR ORDE ALFABÉTICA

|                                        |                             |
|----------------------------------------|-----------------------------|
| 1. Álvarez Blanco, María Salomé        | (BNG)                       |
| 2. Álvarez Domínguez, Bautista         | (BNG)                       |
| 3. Álvarez Montes, María Marta         | (PP)                        |
| 4. Álvarez Yáñez, María Antonia        | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 5. Barata Quintas, Daniel              | (PP)                        |
| 6. Barreiro Fernández, José Manuel     | (PP)                        |
| 7. Beiras Torrado, Xosé Manuel         | (BNG)                       |
| 8. Caballero Álvarez, Abel             | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 9. Casares González, Juan Manuel       | (PP)                        |
| 10. Casares Mourinho, Xabier           | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 11. Castro Domínguez, María Nava       | (PP)                        |
| 12. Castro García, Roberto             | (PP)                        |
| 13. Conde Roa, Gerardo                 | (PP)                        |
| 14. Cortegoso Fernández, Ramón         | (PP)                        |
| 15. Cortizo Nieto, Miguel              | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 16. Couceiro Méndez, Antonio           | (PP)                        |
| 17. Cuíña Crespo, José                 | (PP)                        |
| 18. Currás Fernández, Celso            | (PP)                        |
| 19. Darriba Calviño, Rosa              | (BNG)                       |
| 20. Delgado Arce, Celso                | (PP)                        |
| 21. Díaz Díaz, Xosé                    | (BNG)                       |
| 22. Domínguez Vaz, Miguel              | (PP)                        |
| 23. Durán Núñez, Alberto               | (PP)                        |
| 24. Fernández Davila, María Olaia      | (BNG)                       |
| 25. Fernández Rosende, Jesús María     | (PP)                        |
| 26. Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco | (BNG)                       |
| 27. Fraga Iribarne, Manuel             | (PP)                        |
| 28. Gago Álvarez, Castor               | (PP)                        |
| 29. García Campelo, María del Carmen   | (PP)                        |
| 30. García Leira, José María           | (PP)                        |
| 31. García Negro, María Pilar          | (BNG)                       |
| 32. González Ballesta, Justo José      | (PP)                        |
| 33. Guerreiro Carreiras, Anxo          | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 34. Gutiérrez Fernández, Eduardo       | (BNG)                       |
| 35. Hernández Cochón, José María       | (PP)                        |
| 36. Juncal Rodríguez, Juan Manuel      | (PP)                        |
| 37. Lobeira Domínguez, Bieito          | (BNG)                       |
| 38. López Besteiro, Manuela            | (PP)                        |
| 39. López Casas, Manuel                | (PP)                        |
| 40. López Outeiral, Manuel             | (PP)                        |
| 41. López Pérez, Emilio                | (BNG)                       |
| 42. Losada de Azpiazu, Javier          | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 43. Louro Goyanes, Antón               | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 44. Madarro González, María Elisa      | (PP)                        |
| 45. Méndez Romeu, José Luis            | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 46. Muñoz González, Joaquín            | (PP)                        |
| 47. Nogueira Román, Camilo             | (BNG)                       |
| 48. Orza Fernández, José Antonio       | (PP)                        |
| 49. Palmou Lorenzo, Jesús              | (PP)                        |
| 50. Pazos Varela, Xosé Manuel          | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 51. Pedrosa Vicente, Juan              | (PP)                        |
| 52. Pensado Barbeira, Fernando         | (PP)                        |
| 53. Pérez Touriño, Emilio              | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 54. Pérez Varela, Jesús                | (PP)                        |
| 55. Pita Varela, Jaime                 | (PP)                        |
| 56. Rego González, Ismael              | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 57. Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo    | (BNG)                       |
| 58. Rodríguez Peña, Xosé Henrique      | (BNG)                       |
| 59. Rodríguez Pérez, Fernando Carlos   | (PP)                        |
| 60. Rodríguez Rodríguez, Dositeo       | (PP)                        |
| 61. Rodríguez Seijas, María Dolores    | (PP)                        |
| 62. Ruíz Rivas, Manuel                 | (PP)                        |
| 63. Salazar Bello, Isabel              | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 64. Santalices Vieira, Miguel          | (PP)                        |
| 65. Sineiro García, Francisco          | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 66. Sotelo Villar, José Enrique        | (PP)                        |
| 67. Suárez Canal, Alfredo              | (BNG)                       |
| 68. Tapia Fernández, María Jesús       | (PP)                        |
| 69. Tello León, Xosé Henrique          | (BNG)                       |
| 70. Trigo Durán, Francisco             | (BNG)                       |
| 71. Varela Pérez, Mauro                | (PP)                        |
| 72. Vega Buxán, Xesús                  | (BNG)                       |
| 73. Veiga Pombo, Manuel                | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |
| 74. Vila Pérez, José Manuel            | (PP)                        |
| 75. Villarino Santiago, María Dolores  | (PSdG-PSOE/EU-EG/OS VERDES) |

---



## **DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.

Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf: (981) 56 16 00.

Impresión: La Voz de Galicia, S.A.

Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735